

# Esperpento


C.P. Campdongo.

Pontevedra



Xuño. 1997

Número 15



*Bozelo Soares*

*Bruno*

*Calote*

*Zorjaco*





# Sumario



EDUARDO

## SECCIONS

Editorial .....	2
Celebrando. Magosto .....	4
Nadal .....	7
Xornada da Paz .....	10
Entroido .....	16
Os Maios .....	21
Festa das Letras Galegas .....	25
Novas .....	32
Entrevistas .....	37
Opinando .....	43
Fantaseando .....	56
Ecoloxía .....	63
Investigando .....	73
Creando .....	86
¡Aulas Fóra! .....	97
Deportes .....	107
Brincadeiras .....	125



\*\*\*\*\*

**Mesa de Redacción:** Cristina Curra, Marta Braña, Sara Miréllis, María Costas, Diana Esperón, Sara de Castro e Eduardo M. Seco.

**Deseño seccións:** René Valiñas, Rubén Trujillo, Carolina Rojo e Jorge Domínguez.

**Portada:** Gonzalo Sánchez, Carlos Mariño, Borja Franza e Bruno Torres.

**Contraportada:** María Fernández.

**Ordenador:** Sara López, Eduardo M. Seco, Xosé L. Fortes, Ánxela Vidal, Paula Velasco, María Gayoso, Xosé Costal. Carlos A. Lino, Óscar Osorio, Sara Míguez, David Nodar, Sandra Peña. Marta Braña, María Costas, Xabier Parrado. Iria M<sup>a</sup> González, Telmo Calle, Manuel Gómez, Adela Martínez, M<sup>a</sup> Paz Panero, Sabela Maceda, Raquel Maigler. Ernesto Cebrián, Patricia Sixto e M<sup>a</sup> Carne Vidal.

**Colaboración:** Marina Paz, Sara López, Ramón Pastoriza, Tiberio Arias, María Jesús Rodríguez, Marisol Lorenzo e Paz Taboada.

**Agradecemento:** A tódolos alumnos e alumnas que colaboraron.


    Ás mestras e ós mestres que animaron nas aulas a "esperpentear".

    A **ti, lector/a amigo/a**, que podes recrear **Esperpento '97** e darlle sentido e xustificación ó noso esforzo colectivo.

**Corrección lingüística:** Eduardo M. Seco.

**Coordinación xeral:** Eduardo M. Seco.

\*\*\*\*\*



## OS DERRADEIROS

Sómo-los derradeiros da E.X.B., os derradeiros dunha etapa de 27 promocións que pasaron sufrindo por estas aulas. Seguiremos sendo os derradeiros do bacharelato antigo. Ten vantaxes pero tamén inconvenientes. Esperamos que se cumpra aquilo de que os derradeiros serán algún día os primeiros.

E a principios dun xuño chuvioso, así vemos Pontevedra. ¡Oxalá que non sexa o derradeiro repaso a Pontevedra, senón as últimas críticas deste curso!

### ¡ESPERTA, PONTEVEDRA!

Pontevedra estase quedando anco-rada no tempo, non se desenvolve como cidade nin se coida como cidade:

**Zonas verdes e de recreo:** Hai poucas áreas verdes e de recreo. A maioría dos xardíns están abandonados do Concello e son maltratados polos cidadáns. Cando non os ignora o Concello, arríncalle-las árbores (Campolongo, Barcelos) ou poda/machaca sebes fóra de tempo (paseo Beiramar). Os bambáns do novo parque de Campolongo tamén nos parecen perigosos.

**Rúas, cultura, deportes:** Sufrimos beirarrúas en moi mal estado, e iso que somos mozas. Iluminación deficiente, poucas instalacións deportivas. Escasos aseos públicos e campus universitario fantasma.

**Descoido rural:** Os arredores do casco urbano están penosos. ¿Non pagan impostos?

**Rede de sumidoiros:** Seguen vertendo directamente ó río nalgúns puntos. Cando chove, estradas e rúas quedan asolagadas.

**Ríos:** O Lérez e o Gafos xa non poden soportar máis contaminación. ¿En que consiste o plan integral de saneamento? As marxes que podían ser zona de lecer, son con marea baixa zonas de feder. ¿Paseastes algunha vez pola zona de beiramar?

**Vixilancia:** Gustaríanos máis vixilancia policial, sobre todo pola noite.

**Centros médicos:** Son moi molestas e tamén perigosas para a vida as listas de espera para ser consultado ou intervido cirurxicamente.

**Solares perigosos:** Vemos moitos solares e casas deshabitadas no casco urbano, que son focos de vasura, estancias para "ocupar" e lugares de peregrinación para alcanza-lo éxtase da droga.

**Cabinas telefónicas:** Escasas e fóra de uso ás veces.

**Áreas comerciais:** Só temos A Barca.

**Toponimia:** Despois de tanta promesa e prensa seguimos sen ver rotuladas as rúas en galego.

### ¡VERDE, QUE TE QUERO VERDE!

O coidado do medio é moi escaso:

**Reciclaxe:** Somos partidarias da estratexia dos tres erres para a vasura: REDUCIR, REUTILIZAR e RECI-CLAR, porque:





-Reduce a cantidade de lixo e alonga a vida dos vertedoiros. Permite prescindir das incineradoras. SOGAMA non con-vence.

- Permite aforrar auga e enerxía na fabricación de papel.

- Diminúe a contaminación de moitos procesos industriais.

- Aforra recursos non renovables, que se están esgotando. A merdiña estase a apoderar de nós.

**Fábricas:** Fai falta máis industrialización en Pontevedra para crear postos de traballo. Só temos dúas fábricas que contaminan por vinte.

**Augas residuais:** Contaminan os ríos e a rúa e tanta porcallada avergónanos.

**Materias primas:** É conveniente usar menos plásticos e menos papel. Tamén existe papel reciclado e plástico fotodegradable.

**¡Aire!** A maioría da xente usa o coche para curtísimas distancias. Ignorámo-la bici, quizais porque non hai 100 m de carril para ela. Temos dúas pernas que non só han de servir para lucir medias e zapatos.

Pontevedra é unha cidade moi feitaña pero necesita urxentes arranxos. Con concienciación cidadá tamén se podería remediar algo.

*Clara Pardilla  
Raquel Maigler  
Mercedes Juncal  
Iolanda Tourón  
Miriam Iglesias  
8º B*

## O NOSO ADEUS

Dez longos anos  
longos e pasaxeiros,  
anos que transcorren  
preto dos compañeiros.


Un día máis na clase  
atendendo á lección,  
un segundo, un minuto  
e fágome maior.

Non teño agora  
ganas de marchar,  
aínda que hai horas  
era o meu desexar.

Tensións e nervios  
fixéchesnos pasar,  
pero de ti ,Campolongo,  
non nos imos olvidar.

*María Costas  
Sara Mª de Castro  
Diana Esperón  
Raquel Carballo*





# MAGOSTO

En Galicia, hai unha festa moi popular chamada magosto ou magusto. Nesta festa, xúntanse os habitantes dunha aldea ou dunha casa, e faise unha merenda a base de castañas asadas.



Normalmente, celébrase o un de novembro, é dicir, o día de Tódolos Santos, pero, en Ourense, celébrase o once de novembro, pola festividade de San Martiño.



Nesta provincia, despois de come-las castañas, íase buscar froitas silvestres.


Nas demais provincias, as mozas ocupábanse das castañas e os mozos de viño.



Coas derradeiras castañas da festa xogábase a mancha-las caras.




Ó remataren as castañas, ou un pouco antes, bailábase e tocábanse os pandeiros. Ademais do viño e das castañas, ás veces, tamén se comía pan de trigo e outras cousas, dependendo dos participantes da merenda.



¡RAA!!! ¡A MINA MARXA...!

Cando xa rematara a merenda, cantábanse coplas.



Ó voltaren ás súas casas todos estaban sempre moi cansos.

O MAGOSTO

Hai moito tempo inventouse o magosto, moitas persoas celébrano, aínda que non sexa en agosto.

No colexio Campolongo imos celebrar esta festa, para poder divertirnos, temos que pensar coa testa.

Coas castañas asadas, imonos enfurruxar, espero que non estean moi quentes, porque nos podemos queimar.

Como non hai castiñeiros no colexio, haberá que castañas mercar, non poden estar moi caras, porque hai que aforrar.

JOSÉ LUÍS HERMOSO BUJAÍN C<sup>2</sup>A





O m a g o s t o

¡Vou papar máis castañas! dicía eu o día anterior do magosto, agora estaba na cola xunto a Víctor e a Serxio, había unha cola impresionante e a xente colábase tan panchamente.

Cando chegamos ó principio da cola enchéuno-los cucuruchos con seis ou sete castañas que daba a castañeira. A maioría queixábase das castañas que estaban malas, a min sinceramente gustáronme, había quen dicía que estaban podres, outros que estaban mal feitas, Serxio díxonos que el atopara un verme nunha castaña, pero esto de en vez de estar na clase estar papando e bebendo gustábame moito, valera a pena gastar cen pesos. Víctor e eu fomos ata unha esquina do ximnasio a come-las castañas xunto ós demais, a falar do noso, ¿Que hai



hoxe na tele? gañou ¿o Madrid ou o Barça?, ¿Que levaches no exame de Natu?...ata que se acabaron as castañas, ¿Que facer? a cola era tan grande coma a do cupón da ONCE, ¿Poderíamos colarnos? Era moi difícil diante do profesor de inglés.


Pero Víctor tivo unha idea tola de máis e sen pensa-lo dúas veces díxolle a Migui se o podía pasar diante do profe, e logo gritoume que nos deixaba colar,



por sorte o profe estaba distraído e eu aproveitei esa ocasión e púxenme xunto a Víctor e o sitio no que nos colocamos era o segundo posto. ¿Quen o diría? Víctor e a súa idea funcionara, e despois duns segundiños estábamos de novo galando e comendo ata que soa o timbre a unha e media itamén para unha media hora....!

ALEJANDRO PORTO MORA

1º E.S.O. C



## VIDREIRA DE NADAL

O traballo aquí está  
da clase de plástica é.  
Anque perdeu toda a cor  
é ben bonito ¡ abofé !.

Debuxar, decorar  
vidreiras para colgar  
pero o sol ó pasar  
moita cor reflexará.

Unha luz brillou,  
un anxo será,  
nas nosas vidreiras  
a Deus adorará.

Árbores por alí,  
Reis por acolá,  
moitos agasallos  
que nos traerán.

Paz Panero  
Andrea Gonçalves  
Rocío Morquecho  
Adela Martínez



## FESTAS CONSUMISTAS

O día 8 de xaneiro fixemos un debate sobre o Nadal na clase. A xente foi moi sincera e o diálogo interesante, posto que tiña moito contido, por iso nós fixemos un resumo das opinións máis destacadas.

## NADAL

O nadal é algo moi importante porque se xuntan tódalas familias. Nestas datas lémbrese o nacemento do neno Xesús. O que importa é que nós, a maioría das veces, somos moi egoistas e pedimos para diante, sen pensar na xente que por culpa das guerras non consegue ningún agasallo, e sen embargo non protestan.

O Nadal é para estar coa familia, porque hai xente que quere que chegue só polos agasallos e polas lambetadas.

## R.R.M.M.

e

## Papá Noël

Os Reis magos eran tres homes que levaron agasallos para Xesús. A tradición é que ó día de Reis os amigos regalen cousas. Hai xente que non é católica, e por iso inventaron a Papá Noël. Os Reis son coma un mito, e por iso os nenos pequenos cren que son

máxicos, e millonarios, é dicir, que piden moitos regalos e arruinan os seus pais.

## CONSUMISMO

A xente compra cousas para o nadal como, por exemplo, cava, pero só de marcas famosas, e en abundancia, e logo sobra. Os xoguetes son cada vez máis caros e moito máis rebuscados, como a boneca cagona que logo non é máis ca un fraude, a publicidade é a máis enganosa, pero a xente cre todo o que observa.

## COMERCIO

O comercio aproveita o Nadal para facer publicidade. Poñen persoas que convencen ós clientes para comprar cousas innecesarias e caras.

O comercio utiliza propaganda con prezos atractivos para a xente. Aprovéitanse do Nadal para ter niveis de vendas máis altos, e logo en xaneiro como xa case non teñen diñeiro polos gastos do Nadal, non gastan nas rebaixas. A xente debería ser mais lista e agasallar diñeiro por Reis e logo mercar nas rebaixas.





VICTIMAS

As vítimas son as persoas, sobre todo os nenos, porque cousas que ven na tele pídenas e despois, se non llo traen os Reis, comenzan a dicir que se son máxicos teñen que traerllo ; ¡ e tamén con Papá Noël!, xa non digamos o que gasta a xente porque agora son dúas datas para comprar e agasallar. E aí é cando entran os pais como vítimas, porque se ven un xoguete mais barato cómprano ¡ mentres saia máis barato !

*Sandra A. D.*  
*Alena Sobos*  
*Sandra A. D.*  
*Sandra A. D.*



PANXOLIÑA DE 5º C



Os nenos de Campolongo encamiñanse ó portal para ver se xa naceu o neno que vai reinar.

Cando se van acercando pasa a estrela fugaz, que lle indica o camiño por onde han de chegar.

¡A gozar, a xogar, hai que disfrutar cantaremos e bailaremos todos sen parar!


¡Xa é Navidade e os reis virán cargados de xoguetes ata non poder máis.

Os pastorciños van cara ó Belén áve-lo neniño A Virxe despértao e danlle cariño.

A min gústame a Navidade é unha festa moi grande estamos todos xuntos e inúndano-la felicidade.

¡Axiña, a fume de carozo merca a árbore, pon o Belén! Pois chega o Nadal e hai que pasalo ben.

Se che gusta a Navidade e cos amigos queres gozar, ven correndo a 5º C, onde festa encontrarás.



### A PAZ

O día 30 de xaneiro, celébrase o "Día Mundial da Paz".

Este día é unha mostra da solidariedade cos países en guerra e coas familias das persoas secuestradas ou asasinadas polos grupos terroristas que existen nos diversos países do mundo.

Un país en guerra era o Zaire, onde a xente morría por falta de recursos humanitarios, ou ben asasinadas polos guerrilleiros.

Aquí, en España predomina o terrorismo e os secuestros dos grupos E.T.A. e os G.R.A.P.O. Estes grupos actúan sobre todo no País Vasco e en Madrid.

E.T.A., a parte de ter martirizada á poboación, mantén a dous homes secuestrados que son: José Antonio Ortega Lara, a quen utilizan como moeda de cambio para o acercamento dos sus presos ó País Vasco, e ademais é a persoa que máis tempo leva secuestrada nas mans da banda terrorista.

O outro home é Cosme Delcloux.

Eu espero que algún día haxa paz en todo o mundo.


Autor: Sergio Rey González - 79C

## O TERCEIRO MUNDO

¿Que é iso do terceiro mundo? ¿Non formamos todos un? Pois seica non, e todos teriamos que contribuír para que iso non pase. Hai moitas maneiras de facelo, apadriñando un neno, 100 pesetas ó día ou mercando en UNICEF, onde os cartos recollidos van para os nenos menos favorecidos pola fortuna. Mais como nós temos menos de 14 anos, non podemos facer nada...

!!!POIS NON!!! Sómolo futuro e non imos tolerar que isto pase, e para comenazar podemos doar unha parte da nosa paga na misa ou mercar, por exemplo, a marca "Donuts" onde un 0,7% dos cartos recollidos é para INTERVIDA ¡VEÑA COLABORA!

Marta Martinez Gestoso 6º C



**PAZ : Benestar físico, mental e social cos demais e con nós mesmos.**

Non podemos falar moito sobre a PAZ, porque aínda non a coñecemos na súa totalidade.

Moita xente pensa que en España hai PAZ porque non temos ningún conflito armado con outros países, pero non se para a pensar no terrorismo, na discriminación racial e sexual que sofren moitas persoas.

Non haberá PAZ mentres haxa fame, a creación de armas incontrolable, falta de saúde, distintas ideoloxías, carencia de medios indispensables para a supervivencia, avaricia, gula, envexa, pereza, ira, soberbia, lascivia, falta de conciencia, terrorismo, ... e moitas máis causas que non lembramos ou non queremos lembrar.

### **SAÚDE:**

Millóns de persoas están desnutridas e enfermas. Hai fame pola pobreza, as guerras, as sequías e a explotación dos países menos industrializados, ...

Oito millóns de nenos e nenas morren ó ano por diarrea, xarampón, paludismo, neumonía e desnutrición; enfermidades de fácil remedio e tan superadas no mundo rico.

Mentres que en España hai un médico por cada duacentas sesenta e dúas persoas, en Bangladesh, por exemplo, hai un por cada doce mil cincocentas persoas.

### **POBREZA:**

A pobreza e a falta de saúde gardan unha estreita relación causa-efecto que para millóns de seres humanos en todo o mundo se converte nun círculo vicioso fatal: a pobreza xera enfermidades e problemas de saúde insuperables na maioría dos casos.

### **FAME:**

Setecentos oitenta millóns de persoas están desnutridas. Un de cada tres nenos que nazen nos países desenvolvidos, vivirán desnutridos. Catro das quintas partes da poboación mundial viven na miseria.

A fame é creada polas guerras, a pobreza, as sequías, as armas, e, sobretudo, a falta de solidariedade.

### **SOLIDARIEDADE:**

A solidariedade é escasa. Soamente uns poucos cidadáns, moi poucos, a posúen. Pero esta é insuficiente. Precísase máis para arranxar tódolos problemas que hai no mundo.


### **IDEOLOXÍAS:**

As ideoloxías foron, son e seguirán sendo as artífices de moitas guerras. Temos, por exemplo, a guerra civil, as tres guerras carlistas no século XIX, etc.

8ºB



# UNSON



*[Handwritten scribble]*

*[Handwritten scribble]* 8º A

Alejandro Alonso


# A PAZ



O pasado día 30 de xaneiro celebrouse o día da paz. Neste día conmemórase a morte dun home que fixo todo o que puido pola paz. Este home chamábase Mohandas Gandhi, sacrificouse moito por conseguila paz e a non violencia. Por este motivo fixo: folgas de fame moi, moi longas, e manifestacións en contra da guerra.

Este ano, o día da paz celebrouse de distintas formas, os máis pequenos fixeron pombas, outros carteliños e a maioría fixeron un minuto de silencio cun laciño no peito. Neste minuto moita xente pensou nos homes que morreron a causa das guerra ou vítimas do terrorismo. Nós queremos manifestarnos en contra destes temas cunha poesía:

Sandra González Chapela.  
 María do Carme Labaca.  
 1º Secundaria. B



CINTIA-ABUIM 3ªA

*A paz é bondade,  
 a guerra realidade.  
 A paz é alegría,  
 a guerra moi fría.  
 A paz é amor,  
 a guerra un terror.  
 A paz é perfección,  
 a guerra unha prisión.  
 A paz é paixón,  
 a guerra rompe corazóns.  
 A paz é un sentimento,  
 a guerra un plan argallento.  
 A fame é un castigo,  
 a guerra un perigo.  
 A fame é falta de caridade,  
 a guerra falta de amizade.  
 Cando a guerra fai aparición,  
 a paz vólvese ficción.  
 ¡ Viva a paz, viva o amor! ¡  
 ¡ Fóra a guerra, fóra o temor! ¡*



-SANDRA GONZALEZ CHAPELA  
 -CARMEN LABACA CASAL  
 1º SECUNDARIA

No mundo, o día 30 de xaneiro, celébrase o día mundial da Paz. Neste día realízanse moitos actos conmemorativos, cando eu penso que non só se debería realizar nun día ó ano e ademais habería que axudar á xente que está en guerras, á xente marxinada, pero sobre todo á que pasa fame. Na Terra moitísima xente pasa fame, sobre todo no terceiro mundo, no que máis do 75 % pasa fame.

Nós vivimos nos países máis ricos nos que se desperdician moitos alimentos. Cada día mórren máis de 34.000 nenos, de fame, pero este feito poderíase evitar se cada unha das persoas do primeiro mundo, por así dicilo, dese cen pesetas.

De tódolos xeitos a paz é vital para a humanidade, e nese senso todos deberíamos loitar para que cada día haxa menos enfrontamentos e menos guerras.

Santiago Luna  
 1º Secund. B.



A PAZ

A Paz é tranquilidade,  
e a guerra locura,  
a Paz é sosego,  
e a guerra amargura.

O trinta de Xaneiro,  
xuntos celebramos  
a Paz mundial,  
que todos desexamos.

Se as persoas se entendesen,  
non pelexarían,  
e todos conseguirían,  
un mundo moito mellor.

Sabela Maceda García.

María Fdez. Gondar.

Mensaxe de Axuda ó Terceiro Mundo

Eles non teñen comida, nós si.

Eles non teñen auga, nós si.

Eles non teñen medicinas, nós si.

Eles non teñen fogares, nós si.

¡Axudemos ó Terceiro Mundo!

89B

Pablo Díaz Velasco, 6º C

A PAZ

A paz é algo bo,  
difícil de acadar,  
se todos axudamos  
poderémola encontrar.



Sen guerras e sen loitas,  
con moito amor e paz,  
tódolos nenos do mundo  
poderémola ter xa.

Coas armas nucleares,  
químicas e demais,  
infrasónicas, radiolóxicas,  
biolóxicas, que máis dá.

Queren destruí-lo mundo,  
non sei que razóns terán,  
sexan as que sexan  
non o conseguirán.

Con esta poesía,  
eu só quero proclamar,  
que os nenos do mundo  
queremos vivir en paz.


SARA ASTUR (3 años)



Adrián Rodríguez Estévez 2º C

Clara Pardilla Mateo





# HISTARIAS DE

R  
A  
P  
A  
C  
E  
S





## O CARNAVAL

Os pasados anos ó falar do Entroido se se puñan exemplos eran de Pontevedra ou ben galegos. Este ano quixera fala dalgúns carnavais españois.

**Bielsa.** Huesca. Os protagonistas desta festa son chamados “trangas” teñen cornos de carneiro, a cara toda cuberta de betún e tamén deben ir con dentes falsos de pataca; suponse que todo isto está representando a fertilidade.

**Laza.** Ourense. A xente vai disfrazada con máscaras de continuo sorriso e tamén levan uns traxes estrafalarios, cunhas chocas que deben estar na cintura. Poden zoupar ós espectadores, que se teñen que aguantar. O luns hai unha batalla con municións como farifia, formigas, etc. O martes lese un sátrico “testamento do burro” e queimase unha figura.

**Almonacid do Marquesada.** Cuenca. O comezo desta festa, que ten por nome popular “Endiablada”, celébrase ó longo de dous días. Os homes da localidade disfrázanse de demonios e con restras de chocas que teñen colgadas ó lombo, réunense na casa do chamado “Diablo maior”. Durante a procesión os diaños bailan para que soen as chocas.

**Villanueva de la Vera.** Cáceres. Neste ritual paséase polas rúas do pobo unha figura de trapo coa cabeza de madeira, que puidera representa-lo diaño. Finalmente, é destruído todo menos a roupa e a cabeza

que volverán a ser utilizadas ó ano seguinte.

**Acehuche.** Cáceres. Mentres transcorre a festa de S. Sebastián saen ás rúas da vila os “carantoñas” con peles, animais e caras cubertas de máscaras moi feas. Representase o feito de que unha besta non puidese danar un santo.


**Cádiz.** A cidade enteira disfrazábase nun dos carnavais máis bulleiros de Europa. As murgas e mailas chirigotas ensaian durante meses cancións, a poder ser saíricas, nas que se divirten meténdose cos políticos.

**St. Cruz de Tenerife** - Aquí o sábado e o domingo son os días semiprincipais, na que pode haber ata cento setenta e cinco mil persoas, todas elas disfrazadas bailando á luz da lúa ó son da música que impoñen varias orquestas.

O día principal é o martes de carnaval -o “Coso”-: catro e media da tarde ata as nove, desfilan ducias de comparsas numerosísimas para acompañar-las raíñas das festas e da terceira idade, todas coas súas damas de honra. As carrozas e as comparsas galardoadaas cos premios, lévanos nun estandarte para que todo o mundo o saiba. Todo isto vai acompañado de infinidade de atraccións de festa ó longo de todo o enorme paseo.

Manuel Viñas y Victor Casas

1º E.S.O. - C



## O ENTROIDO

Neste entroido que imos festexar  
co noso colexio imos bromear.

Despois de moitos anos  
de loitas e pelexas  
o noso colexio arranxan  
e seguen os problemas.

Os pais protestaron  
con moitísima forza  
as pistas quedaron  
!menuda vergoña!.

Máis tarde o ximnasio  
quedou sin tellado  
os pobres obreiros  
á fin o arranxaron.


Pasamos agora  
a falar do colexio  
se nos descoidamos  
quedamos sen teito.

!Que cheiro! !Que cheiro!  
nos baños había  
por éso puxeron  
novas canerías.

Con brocha e pintura  
chegaron á escola  
laváronlle a cara  
e xa din que está nova.

Coma os "coles" privados,  
queremos subvencións.  
A escola pública pide  
moita máis atención.

M<sup>a</sup> PAZ PANERO.



Xa comezou o entroido,  
con moitas festas e verbenas  
e moita música alegre,  
para nenos e nenas.

Cando chega o gran entroido  
todos poñen as caretas.  
todo é risa e bromeo  
e a xente fai xogarretas.

E o día do desfile  
saímos todos á rúa  
cunha bolsa de serpentinas  
e ¡A facer a burla!

Disfraces divertidos,  
algúns enxeñosos,  
parellas, comparsas  
e antefaces luxosos.

Desfiles, confetis  
e a xente enmascarada.  
¡Estamos no Entroido!  
¡Éche unha pasada!


Hoxe quéimase o loro  
entre lamentos e choros  
todo o mundo está chorando  
e cos panos vaise limpando

¡Ai! ¡Que desgracia!  
O Rabachol xa morreu.  
As viúvas imos chorar por el  
¡Ai, o meu Ravachol! ¡Ravachol!

O entroido remata,  
ata a próxima vez.  
¡Ansiosos agardamos!  
como se fose o outro mes.

¡Ai, o meu probiño,  
que ía de Romeu!  
¡Ai, que tristura...!  
¡El !amén morreu!

COLECTIVO 8<sup>o</sup> B.



# Opala de Estopa



Se queres descubri-lo superheroe que levas dentro  
 deixa de mirar as estrelas e a lúa,  
 librate dos teus complexos  
 e libera a túa loucura.  
 Así por un día mais ou menos  
 irás disfrazado pola rúa,  
 ocultando os teus propios sentimentos  
 detrás dunhas lentes escuras.  
 Despidete dos teus pensamentos  
 e coa túa personalidade fai ruptura,  
 policía, indio, princesa, bombeiro  
 ¡libera a túa loucura!

JORGE DOMÍNGUEZ CORDERO 1-E.S.O. A

## ENTROCIDO 9º





## O ENTROIDO E OS FAMOSOS

### O RAP DO ENTROIDO

Comezou o entroido  
e con el o festorro,  
enchernos de lambetadas  
é o propio da semana.

No Brasil Ronaldo danza  
a samba movendo a panza,  
e mentres os do Barça  
entrenando sen comparsa.

Concursos de filloas,  
desfiles a fartar,  
cabalgatas por alí,  
e orellas por alá.

Mentres Curro está no Caribe,  
nós todos a disfrutar.  
Logo irase a Cancún,  
os demais mátanse a buscar.

Noami Campell desfila,  
as Spice Girls cantan,  
Ronaldo toma unha tila  
e tódolos demais descansan.

O Ravachol chega xa,  
veña,todos a chorar.  
Ronaldo e Ronaldiña,  
bailan xuntos a sambaña.

Cando chega o carnaval,  
remata por fin a escola  
Imos todos troulear  
e esquecernos da "Manola"

"Everybody" comeremos  
filloas,orellas e patacas con grelos.  
A comida é moi variada,  
comerase de todo  
excepto unha fabada.

Nas datas do carnaval  
gozaremos sen parar  
non quedará un chaval  
que non se poida disfrazar.

A noite do Ravachol  
todos choran sen parar  
Romeo é inocente  
e vano incinerar!Jar!!


## CRÓNICA DO ENTROIDO

Xa está aquí o entroido.  
E o sábado foi o desfile.  
A xente iba con cabelos loiros  
camiñando case quebraron os riles.

Nos días de máis movemento  
de súpeto comezou a chover  
en lugar de risas escoitáronse lamentos  
por entroido non poder ver.

Tamén nos choveu o día do Rabachol,  
mollouse o pobre Romeo,  
semellaba un ollomol  
sempre ó lume, ¡ nin que fose un reo !

Sara Miguez Rodríguez.  
Elena Jabois Sueiro.







COPLAS DO ENTROIDO '97

Xa chega o entroido  
coas filloas e as orellas  
logo tempo de tristura  
ó morre-lo Ravachol.

O entroido chega xa  
e Ravachol vén con el  
por toda Pontevedra  
irémolo ver.

En Cádiz as chirigotas  
no Brasil a "espidomanía"  
en Tenerife está o mellor:  
un entroido moi simplón.

Non soamente aquí  
senón en Brasil,  
o dentado do Ronaldo  
vai ir de morango.

Festa rachada e pasarrúas  
teas brillantes e plumas  
o loro non vai espido  
porque collería frío.

No mércores de cinza  
en Marín entérrase a sardiña  
con moitos choros e bágoas  
vai a xente a despedila.

Festa e entroido,  
barullo e alegría  
e cando o Ravachol chegue  
tristeza e romaría.

Xa vén o Ravachol  
chegoulle a morte xa  
téñeno que queimar  
e non parar de chorar.

O reloxo díxoche  
que era a túa hora  
vai voando para alí  
que van ir por ti.

Coa queima do Ravacholo  
e o enterro da sardiña  
remata un entroido  
que non valeu un pedrolo.

Vaise o entroido  
e vén a Coresma  
xa non hai filloas  
pero veñen os amorodos.


Miguel Magdalena  
Oscar Osorio  
David López  
Santiago Luna  
Carlos Lino

Marta Rodríguez, M<sup>a</sup> Jesús Vázquez, M<sup>a</sup> del Carmen Vidal. 8°C.


## O entroido galego

Fariña por aquí,  
leite por alá  
e cuns oviños caseiros  
ricas filloas imos tomar.  
Quitando o de Tenerife  
e tamén o de Brasil  
o de Pontevedra é o mellor desfile  
dende Santiago a Carril.  
Pregónao Paula Vázquez,  
a nosa paisana emigrante,  
unha famosa elegante  
do desfile representante.  
Chegou o entroido  
en Betanzos, Foz e Boiro,  
e facemos unha grande festa  
coas orellas e a orqueta.

Ronaldo escapouse do equipo do Barcelona,  
Raúl fuxiu do equipo do Madrid,  
Xesús Puente de "Lo que necesitas es amor";  
todos veñen a Galicia a pasalo mellor.



5 anos  
GERARDO



### As cousas do colexio

No parvulario de abaixo  
os Maios celebraron os meniños,  
con amor e con esmero,  
e tamén con moito cariño.

O curso de 6ºA  
está sempre alborotado,  
todo isto por culpa  
dalgún maleducado.

No colexio Campolongo  
os servicios están fatal,  
se houbera máis limpeza  
deixarían de cheirar.

Un neno de 6ºA  
non sabe que son os Maios,  
se este ano non os vai ver,  
nós non llo perdoamos.

Na clase de ximnasia,  
ó futbol queremos xogar,  
pero o mestre D. Luis,  
o voleibol mánda practicar.

Na clase de música  
todos queremos tocar,  
pero a señora mestra  
mándanos calar.

Nesta festa dos Maios  
os mestres descansados quedaron  
e ó voltar destas vacacións,  
un bo susto levaron.

Esta copla tan fermosa,  
merece ser premiada,  
saíndo no Espanento  
moi ben publicada.

*Adrián Garcia Bouzas  
José Luis Hermoso Buján 6ºA*

### Cousas do futbol

No Real Madrid  
Capello indeciso está  
e no F.C. Barcelona  
Robson xa se vai.

No Real Madrid,  
Suker e Mijatovic están dando a nota  
e Ronaldo no Barcelona  
últimamente moito alborota.

Suker e Ana Obregón  
quérense un montón,  
e anque os dous o negan  
nunca se despegan.

A Raúl con Ronaldo comparan,  
pero como Ronaldo non hai ninguén igual  
xa que Ronaldo é moi parecido  
ó mismísimo Supermán.



Suker quere ir,  
se do Madrid non se vai Capello.  
El insiste en que se vai  
pero penso que nos está tomando o pelo.

Para finalizar a Ronaldo dicímoslle  
que deixe de ligar,  
que se dedique máis ó futbol  
e así máis goles marcar.

*José Miguel Ferverza Casal  
Adrián Garcia Bouzas 6ºA*

# MAIOS '97

NOELIA (3 anos)



No colexio Campolongo  
xógase ó voleibol  
con balóns de fútbol praia  
que de moitas cores son.

A señora directora  
do colexio Campolongo  
que compre cinco balóns,  
pedímosllo por favor.

Non os pedimos de coiro,  
non os pedimos de pel,  
pero o que si pedimos,  
é que non sexan de todo a cen.

Mesmo coas porterías  
que rompen cada dous por tres,  
que compren unhas de aceiro  
para que non as rompa ninguén.

No maratón da Xunqueira,  
lavamos moitas medallas  
e quedamos moi contentos  
ó saber que non choveu nada.

Dous profesores moi ledos  
algo preocupados están,  
pois ven que este colexio  
ata a fin de século non vai chegar.

Un di que non hai presuposto,  
outro que non hai material,  
así os dous pasan o día  
e eu remato o meu cantar.

Víctor Muiños, 8ºB

T E L E V I S I O N


Imos falar da tele,  
dos presentadores e da programación:  
algúns gustannos moito  
e outros son un tostón.  
Comezamos polo ¡QMD!  
un programa moi molón  
onde saen os famosos  
e o critican un montón.  
Ai, Chapis, Chapis  
andas tanto tralo notición,  
que de tanto esforza-lo oído  
volvécheste un orellón.  
Alí saen Rociito,  
Rosarillo e a Obregón,  
que viven das exclusivas  
que elas fan a mogollón.  
Ana Obregón e o seu fillo  
Alexandre "O papón",  
que lle pega ós periodistas  
cando ten unha ocasión.

Se problemas tes de corazón,  
acude á caravana de A3 Televisión  
onde Jesús Puente fará reconciliación  
entre tí e o teu marido vacilón.  
Esperamos que non sexas un chorón,  
senón vai para Telecinco  
e disfruta do peliculón.

Sempre nas noticias  
nos andan a informar  
de tódalas tráxedias  
que nos están a pañar.


Neste mundo que corre  
non se pode parar  
para iso Impacto TV. e o telexornal  
non te deixan reaccionar.

Cristina Domingez.  
Bárbara Sánchez.  
Sara Canda.




Primeiro a González logo a Aznar pero sempre fan o mesmo: imitar,

Sempre critican aínda que lles digan que non, **ELENA (3 anos)** a eles dálles igual pero a nós non.



Borrachíns en todas partes todos han de estar, ¡Ai, que toulural así non se pode estar.


Ata no "Plus" o fan, sempre os critican cuns monigotes de pacotilla, falan mal do "presi" Aznar.




**FÁTIMA 5 ANOS**

Clemente non está contento, moi mal del deben falar estes do plus están tolos ¡Ímolos parar!

**MIGUEL MAGDALENA 1º E.S.O B**




Maria Fdez. G. 8º B 197



Festa dos maios. Primavera alegre que ten competencia no **Bosque animado** de 5º C.  
¿Cal é a mellor primavera? Nós esmerámonos moito, pero, sobre todo, pasámolo moi ben.  
*Roque Lois.*

¡Érguete MAIO!  
Xa avisou o cuco:

Que laranxas, flores,  
ovos e fiunchos  
aturuxen xuntos.



## O DIA DAS LETRAS GALEGAS

*-A VIDA ORIXE:*

Ferre Couso e Francisco Fernández del Riego dirixíronlle á Real Academia un escrito solicitando unha data para conmemorar a publicación de "Cantares gallegos" que fora a primeira obra de prestixio universal coa que contou a literatura galega contemporánea. O mellor xeito de acadalo sería que a Corporación Académica acordase declarar "O DIA DAS LETRAS GALEGAS" o 17 de maio de cada ano. A data conmemorativa serviría para difundir o libro escrito no idioma propio da nosa terra. O feito supuxo, sen dúbida, unha mostra de valor histórico porque con el non se ía celebrar só a calidade sobresáinte da grande poeta, tamén a virtude daquela lapa que ela acendea. Esta poeta, poderíase identificar co pobo. A partir de 1963, esta

conmemoración vense adicando a unha figura sobranceira da nosa cultura, o primeiro homenaxeado despois de Rosalía, foi Castela.

*-A VIDA DE ANXEL FOLE*

Naceu en Lugo o 11 de agosto de 1903 e morreu nesa mesma cidade o 10 de maio de 1983. Fillo dunha familia adinerada e con grandes posesións en toda o país. Pasa a súa infancia en Fingoi e Lugo, onde realiza os seus estudos primarios e secundarios. Estudou Dereito e para facerse notario e ir para Valladolid, pero non leva a cabo estes estudos, e matricúlase en Filosofía e Letras. Neste momento é cando emprega a mandar artigos para xornais coma La Provincia e El Progreso.



## A OBRA DE ANXEL FOLE



A parte de destaca-lo seu importantísimo valor como xornalista, Fole, tamén ten unhas obras literarias moi importantes. Os contos de Fole amosan a realidade galega no seu sentido máis amplo. En canto á lingua que utiliza, destaca a presenza de dialectalismos, arcaísmos e vulgarismos. Utiliza o galego das zonas luguesas de Inico e de Quiroga e destacan personaxes escuros, supersticións, lendas míticas e crenzas en tesouros ocultos.

-A lus do candil. Contos a carón do lume.

-Terra Brava. Contos da solaina.

-Pauto do demo.

-Contos na néboa.


-Historias que ninguén cre.

-Cartafolio de Lugo.

-"Contos lóstrego".

-Cartafolio galego.


-Nantamos a carón dun esqueleto.



Visto por Seoane




Visto por Maside.



## BIOGRAFÍA

- 1903 - Ánxel Fole naceu en Lugo, onde pasará a infancia e a adolescencia.
- 1927 - Comeza a estudar dereito na Universidade de Madrid.
- 1928 - Publica o primeiro artigo, "Del panorama literario. Reflexiones en torno al centenario de Góngora", no xornal "La provincia de Lugo. Vaise a Universidade de Madrid, onde será alumno de Morente, Besteiro e Ortega.
- 1929 - Ingresna na Universidade de Santiago de Compostela, onde se afiliara á FUE.
- 1931 - Vocal da Organización Republicana lucense, sección da Organización Republicana Galega Autónoma.
- 1932 - Vicepresidente do Partido Republicano Radical Socialista en Lugo.
- 1933 - Preséntase polo Partido Republicano Socialista como candidato a deputado.
- 1935 - Redactor en Vigo do xornal "El pueblo gallego" e corresponsal en Lugo da axencia Febus. Secretario provincial do Partido Galeguista en Lugo. Comeza a editar obra narrativa na revista Nós.
- 1936 - Tras o inicio da guerra é castigado e perde os seus traballos.
- 1941 - Trasládase ó campo donde pasou longas tempadas no inicio e quiroga.
- 1953 - Publicou o seu primeiro libro, **Á lús do candil**. Establécese definitivamente en Lugo.
- 1955 - Publica **Terra brava**.
- 1957 - Incorporouse á redacción de **El Progreso**.
- 1958 - Publica a súa única obra teatral editada, **Pauto do Demo**.
- 1962 - Dende que aparece "Hoja del Lunes" de Lugo tamén mantén unha sección fixa.
- 1963 - Ingresna como numerario na Real Academia Galega.
- 1970 - Comeza a dirixi-la páxina literaria **Taboa redonda**.
- 1972 - Divulgouse **¿E dicímolo ou non o dicimos?**
- 1973 - Publica **Contos da neboa**.
- 1978 - Recibe o Pedrón de Ouro.
- 1981 - Publica **Cartafolio de Lugo** e **Historias que ninguén cre**.
- 1983 - Publica o seu primeiro libro de entrevistas.
- 1984 - Publica **Contos lóstregos** no volume Medusa.
- 1986 - Divulgouse a traducción de **Cuentos para leer invierno**.
- 1987 - Morre en Lugo ós oitenta e tres anos.

Jose M<sup>a</sup>. Dorado, Santiago Luna, Oscar Osorio e Carlos Lino Bralo  
1º E.S.O. B





## LETRA GALGAL - HOMENAJE A D O S

- 1963- Rosalía de Castro.  
 1964- Castelao.  
 1965- Eduardo Pondal.  
 1966- Francisco Vázquez Anón.  
 1967- Manuel Curros Enríquez.  
 1968- Florentino López C.  
 1969- Antonio Noriega Varela.  
 1970- Marcial Valladares.  
 1971- Gonzalo López A.  
 1972- Valentín Lomas C.  
 1973- Manuel Lago González.  
 1974- Xoán Vicente Viqueira.  
 1975- Xoán Manuel Pintos V.  
 1976- Ramón Cabanillas.  
 1977- Antón Villar Ponte.  
 1978- Antonio López Ferreiro.  
 1979- Manuel Antonio Pêre  
 1980- Alfonso X "el sabio".  
 1981- Vicente Martínez Risco.  
 1982- Amado Carballo.  
 1983- Manuel Leiras Pulpeiro.  
 1984- Armando Cotarelo V.  
 1985- Antonio Losada Dieguez.  
 1986- Aquilino Iglesias A.  
 1987- Francisca Herrera G.  
 1988- Ramón Otero Pedrayo.  
 1989- Celso Emilio Ferreiro M.  
 1990- Luis pimentel.  
 1991- Alvaro Cunqueiro.  
 1992- Bouza Brey.  
 1993- Eduardo Blanco Amor.  
 1994- Luis Pocane.  
 1995- Rafael Dieste.  
 1996- Xesús Ferro Couselo  
 1997- Anxel Fole Pinchoy


Susana Rodríguez  
 Dolores Rúa 8 ° C  
 Leticia Villaverde  
 Patricia Sixto


Hoxe chove aí fóra  
 tralos cristais.  
 A chuvia fría do inverno  
 entra na miña "casa".  
 Pasa algo e non sei que é,  
 unha sensación de soidade  
 no medio da multitude.  
 Un estraño son,  
 coma o zoar do motor,  
 invade o meu interior.  
 Non sei como explica-lo  
 que me quere dicir-lo vento  
 pero ó escoitalo  
 empezo a pensar:  
 A vida, a amizade...

Todo iso paga a pena,  
 xa non volverei se-lo que era  
 nin a te-lo que tiña,  
 máis non me lémbre-lo mar  
 cando está lonxe  
 nin me fales da auga  
 ante os barbeitos.  
 Supoño que... sigo sendo eu,  
 péselle a quen lle pese  
 aínda que a primeira en pesarlle  
 é a min mesma.

Sara de Castro Blasco 8ºA  
 22-6-96

# O LORDANAS





ADAPTACIÓN DE O LORDANAS, DE A'LUS DO CANDIL



## ENQUISA SOBRE A UTILIZACIÓN DO GALEGO.

Un día saímos á rúa en plan investigador e preguntábaseles ós que casualmente pasaban por alí naquel momento. Estes son os resultados:

	Só castelán	Máis castelan	Máis galego	Só galego
Lingua dos entrevistados. 30 persoas.	9	8	7	6
Lingua dos pais entrevistados. 20 p.	5	1	2	12
Lingua dos nenos/as 13/14 anos. 10 p.	2	8	0	0

¿En que lingua son os programas de T.V que ve?	1	20	9	0
¿En que lingua son os programas de radio que escoita?	6	16	7	1
¿Que lingua fala cando alguén lle merece confianza?	6	3	4	17


Como podemos comprobar na enquisa, a maior parte dos galegos falamos castelán, aquí en Pontevedra. Non sucede o mesmo en Galicia, porque segundo o mapa sociolingüístico de Galicia de 1994, a competencia lingüística respecto do galego é a seguinte:

Entende o galego.	97'1%
Sabe falalo	86'4%
Sabe lelo	45'9%
Sabe escribilo	27'1%

Hai anos o galego era a lingua que se falaba case na totalidade de Galicia, pero coa desfeita da Guerra Civil, e posteriormente co réxime franquista, o galego sufriu unha forte censura, co que se prohibiu a ensinanza do galego nas escolas e a publicación de libros nesta lingua.

Agora, tendo liberdade para expresámonos somos nós os que non falamos galego. A pesar disto, o galego ocupa o quinto posto das linguas autónomas máis faladas da Unión Europea.





## II Maratón de telecomunicacións

Pontevedra, 9 de Abril

Francisco La Fuente Del Olmo

Juan Frade Avendaño

Manuel Gómez Rodríguez

Hoxe visitamos unha exposición nun hotel desta cidade que trataba o mundo das telecomunicacións.

Nesta exposición as cousas que máis nos sorprenderon foron:

- **O funcionamento dos teléfonos celulares:**

Esta tecnoloxía úsase xeralmente no medio rural e foi inventada pola imposibilidade de levar liñas telefónicas ás aldeas.

Estes teléfonos teñen o aspecto dun calquera, coa diferenza de que están conectados a un aparello cunha batería e unha antena.

- **Videotéfonos:**

Os videotéfonos son aínda minoritarios no noso país polo seu prezo.

Constan dunha pantalla pola que se ve a persoa coa que estás falando, unha microcámara pola que te ve ela e un teclado onde marca-lo número cun auricular polo que falas e escoitas.

- **Cámaras dixitais:**

Estas cámaras están conectadas a un ordenador e pódese gravar no mesmo as imaxes que filma a cámara.

- **Internet:**


*Internet* é unha rede informática, é dicir, ordenadores conectados entre si. Naceu inicialmente para descentralizalo poder na OTAN e utilizábase unicamente os científicos.

En *Internet* pódense ver páxinas WWW (*World Wide Web*) ou pódese falar en foros de diferentes temas.

As páxinas WWW, pódense localizar nuns buscadores de páxinas (*Yahoo, Altavista, Olé, etc...*) e están clasificadas por temas.

- **Realidade virtual:**

Por medio dun casco cunhas gafas e auriculares incorporados, cres que estás explorando un lugar que en realidade está creado por ordenador.





### -----SOBRE RODAS-----

*Campolongo, 13-5-97*

--O día 3 de maio celebrouse un campionato de street en patíns nas pistas de campolongo. Empezou ás 17:00 h da tarde ,

acudiron moitas persoas, entre elas había xente de Vilagarcía, Lugo, Ourense e Portugal.

Os participantes eran dende 7 a 14 anos e de 14 anos en diante.

Tamén outra categoría quise chama pro e significa profesional.

Eramos 86 participantes .

Podías face-lo que quixeses nas rampas , barandas e vigas.

As rampas chámanse fon box y small.

E nelas podes facer mortais, misty fly, green ou soul.

Agora nós podemos disfrutar dun boul no antigo parque dos eucaliptos.—

Daniel Otero Chantada. 5º C.

### VISITA Ó MARATÓN DAS TELECOMUNICACIÓNS

Pontevedra, 8 de abril *DAVID NODAR SANDRA PEÑA*

O día 8 de abril fixemos unha visita ó II Maratón das Telecomunicacións no hotel Galicia Palace.

Foinos unha visita moi interesante, porque nos ensinaron como se pode falar por teléfono e ver a quen fala ó outro lado ou facer unha foto e vela no ordenador perfectamente.

Aprendemos a viaxar por Internet, polas páxinas Web (World Wide Web, en galego, telaraña mundial)

Tamén había moitas cousas en 3D (tres dimensions) polo que nos deron unhas gafas para ver mellor.

Finalmente viaxamos por Internet, algunhos andaron polos 40

principais, outros viron xogadas de fútbol e as rapazas viron fotos de

Brad Pitt.

O mundo está asistindo a unha revolución no ámbito das telecomunicacións.

No caso de Galicia, os avances nas telecomunicacións permiten facer máis aberta e competitiva a economía.

O propósito do II maratón das telecomunicacións foi facer chegar a todos os cidadáns de Galicia as Técnicas, aplicacións e servizos que as novas tecnoloxías ofrecen á sociedade en tódolos seus aspectos.

### Ballet

O día 17 de outubro fomos ver unha representación do ballet Cidade de Vigo. Estaba toda a clase moi lada, pois era a nosa primeira saída da escola. Unha vez alí, mandáronnos colocar nas butacas de arriba. Minutos despois saíu Deborah Alfaya, mestra de ballet que neste caso facía de presentadora.

O acto comezou cunha cinta de vídeo que nos puxeron, que duraba media hora, no que se vían obras de ballet, adestramentos e entrevistas con famosos bailaríns.

Despois vimos como quentaban músculos na barra e sen ela. Despois unha bailarina representou unha obra con pandeirata; de seguido outra bailarina representou unha obra da época de Charles Stone e por último outra interpretou A morte do cisne.

Déborah Alfaya díxonos que ó final habería unha sorpresa e así foi; tódalas bailarinas interpretaron música moderna. Nós, dende a grada, acompañabamos con palmas. O remate da función, a ovación foi moi grande para elas, pois foi o que máis lles gustou a tódolos nenos e a min.

En definitiva, esta excursión foi divertida, bonita e educativa.

*Xabier Pena Villanueva 6ºA*



EDUCACIÓN VIAL

A primeira vez que empezamos a coñecer máis a educación vial foi cando viñeron dous policíaos chamados Xavier e Anxo. Ensináronnos cintas de vídeo que trataban do peatón e outros sobre a bicicleta.

Uns días despois leváronnos a un despacho de policía. Alí ensináronnos cousas perdidas como: chaves, videoxogos, etc.


Logo leváronnos a onde recibían as chamadas; ó rematar de ve-lo despacho das chamadas, vimos onde cargaban os Walti Talkis.

Ó saír deixáronnos montar no coche e nunha moto. Despois déronnos dúas pegatinas a cada un.

Pouco despois leváronnos a ve-la exposición dos debuxos e despois vimos unha película sobre a natureza.

Ó saír déronnos un recortable e un cartel.

XAIME ALONSO BRANCO  
3<sup>o</sup>A




De dous policíaos queroche falar.  
Que nos leccionaron pola rúa  
e nos ensinaron a cruzar.

Fomos á exposición  
e á Policía Local.

Gracias Anxel e Xavier,  
agora xa sei Educación Vial.

Alto Berada

MIGUEL  
3 anos



ENQUISA

Sáímos á rúa e preguntamos a 50 persoas. Estas foron as respostas:

1.- Se se convocasen outras eleccións, ¿que elixirías?.

- A.-Xornada única: 100%
- B.-Xornada partida: 0%

2.- ¿Que cadea de televisión ves con máis frecuencia?.

- A.-Antena 3: 58%
- B.-Tele 5: 6%
- C.-TVG: 6%
- D.-TVE: 6%
- E.-CANAL PLUS: 14%
- F.-TVP: 8%
- G.-OUTRAS: 2%

3.- ¿Que programa che gusta máis?.

- A.-Xabarín Club: 10%
- B.-Club Megatrix: 8%
- C.-P + O - x O : 12%
- D.- Os anuncios: 22%
- E.-Outros: 48%

4.- ¿Cal é o deporte que prefires?.

- A.-Futbol: 52%
- B.-Baloncesto: 16%
- C.-Outros: 32%


5.- ¿Cal é o grupo de música que máis che gusta?.

- A.-Spice Girls: 48%
- B.-Back Street Boys: 20%
- C.-Outros: 32%


Feito por: Antonio, Luciano,  
Alejandro. 6ºC.



Algúns alumnos deste centro comezan a destacar no mundo da pintura. É o caso dos irmáns Víctor e Serxio Alegre e de Guillermo Molina. Os tres recibiron premio no concurso Día da Nai, celebrado en Vigo. ¡Felicidades e a seguir creando!



Os policías son bos e isto é o que fan.





### Un día moi divertido

Campolongo. 9 de febreiro.

O 7 de febreiro, no grupo de 6º C houbo moitas sorpresas. Antes de entrar na aula toda a xente nos miraba e os rapaces dicían que tiñamos moita sorte. Viñemos case todos disfrazados. Pero a sorpresa foi que a profesora tamén viña disfrazada e ninguén a recoñecía. Houbo de todo: matrimonios, dartañanas, a familia vampiresa, policías, demos, profesores de ximnasia...

Antonio Fernández Gómez. 6º C.




### Os pequenos arquitectos.

Participamos no concurso **Cóñece a túa Terra**, que consistía en fabricar unha maqueta dun hórreo. **Daniel Otero** gañou o primeiro premio: unha cámara de fotos e uns prismáticos.

**Xabier Limeres e Iago Morquecho** conseguiron uns diplomas.


A mestra conformouse cun álbum de fotos.

Daniel Otero Chantada. 5º C.



### ÚLTIMA HORA.

As pombas están moi tristes porque ninguén lles fai caso.



### ENTREVISTA A UN AGRICULTOR

-¿Que época do ano é mellor para sementa-la terra?

Na primavera. A partir do mes de maio.

-¿Cal é o alimento que máis che gusta colleitar?

As patacas e tódalas cousas do invernadoiro: pementos, tomates, amorodos, etc.

-¿Cal é o alimento máis fácil de colleitar?

O centeo e mailo trigo.

-¿Que é mellor para a terra, o frío ou a calor?

A calor.

-¿Por que?

Porque a calor axuda a medra-las plantas.

-¿Para que serven os invernadoiros?

Para abrigo-los cultivos e para que medren antes e máis rapidamente.

-¿Que clase de cultivos se plantan nos invernadoiros?

Leituga, allos, tomates, pementos, amorodos, repolo, etc.

-¿Cales son as plantas que precisan de máis rega?

Os amorodos, as cebolas, as cenoiras, a leituga, etc.

-¿Cales son os fertilizantes que utilizas para a terra?

O esterco, o cal e minerais.

-¿Que animais danan máis as colleitas?

O xabarín, a toupa, o caracol e os paxaros.

-¿Trabállase máis agora coas máquinas ou antes sen elas?

Antes.

-¿Por que?

Porque agora hai máquinas e facilitan o traballo.

Andrea Calvo Rey, 3º A.

### ENTREVISTA Á MULLER DE ALEXANDRE BÓVEDA

Por Miguel Quiroga Bóveda. 3ºA.

- **Pregunta.** ¿ Como te chamaba Alexandre ?

- **Resposta.** Choliñas.

- **P.** ¿ Esperaba ser famoso ó morrer ?

- **R.** Non.

- **P.** ¿ Facía os deberes con calculadora ?

- **R.** Non.

- **P.** ¿ Axudaba á xente ?

- **R.** Si.

- **P.** ¿ A que anos morreu ?

- **R.** Ós trinta e tres anos.

- **P.** ¿ A que anos tivo barba ?

- **R.** Non tiña barba.

- **P.** ¿ Cal era o seu oficio ?

- **R.** Funcionario de Facenda; era xefe de contabilidade.

- **P.** ¿ Gustáballe ser xeneroso ?

- **R.** Si.

- **P.** ¿ Por que ?

- **R.** Porque era bo.

- **P.** ¿ É verdade que para sacar vinte pesos do peto sacaba mil papeis ?

- **R.** Si, é verdade.

- **P.** ¿ Era un xenio da electricidade como o seu fillo ?

- **R.** Non.





**ENTREVISTA A DANIEL ARGIBAY MOLDES** campeón galego de peso pesado junior de taekwondo.

*Por Víctor Jiménez e Jose Luis Fortes.*

**-Boas tardes, e gracias por concedérno-la entrevista sen cobrar nada.**

*Boas tardes a vós, o pracer da entrevista é meu, aínda que non cobre nada.*

**-¿Cantos anos tes?**

*Teño 17 anos.*

**-¿Cantos anos levas practicando o taekwondo?**

*Levo 3 anos, dende os 14.*

**-¿Gústate facelo?**

*Si, por suposto.*

**-¿Cantas horas semanais o practicas?**

*Mínimo, 3 horas semanais; aínda que teño adestrado durante 9 horas semanais.*

**-¿Este deporte produce lesións?**

*Coma todos, claro que si.*

**-¿E tiveches algunha?**

*Xa pasei por ollos morados, desgarramentos de ligamentos, tendóns mancados, sobre todo dos pés.*

**-Explica a túa técnica favorita.**

*Gústanme tódalas técnicas de combate.*

**-¿En que data gañáche-lo campeonato galego?**

*O 22 de Decembro do 96.*

**-¿En que consiste o premio?**

*A medalla correspondente ó primeiro lugar, pero o que máis me*

*gustou foi viaxar coa selección galega.*

**-¿Estiveches nervioso?**

*No momento de recolle-lo premio non, estiven máis nervioso á hora dos combates.*

**-¿Que opinas do seleccionador español?**

*Non opino, simplemente creo que hai moita xente que pode desempeñar ese cargo mellor ca el.*

**-¿A que ximnasio asistes?**

*En Pontevedra ó ximnasio Derión.*

**-¿Cres que ten bo nivel?**

*Home, non é malo de todo.*

**-¿Cres que chegaches onde chegaches gracias ó seu ximnasio?**

*Todo inflúe, os compañeiros, o gusto por este deporte, por suposto o ximnasio, coido que se estivese noutro clube, non sería como son.*

**-¿Cres que o taekwondo é un deporte que pode practicar todo o mundo?**

*Coido que si, a distinta intensidade, pero si.*

**-¿Cal é a parte do teu corpo que máis che gusta?**

*Coido que me conformo con todo o meu corpo. ¡Que remedio!*

**-¿Cal é a súa maior virtude?**

*Sei facer amigos con bastante facilidade.*

**-¿E o seu maior defecto?**

*Que son facilmente convencible.*

**-¿Veste guapo ante o espello?**

*Non.*

**-¿Cal é a parte do corpo feminino que máis che atrae?**

*Os ollos, os cabelos, a cara, en fin, todo o seu corpo.*

**-¿Considérase machista?**





*Non, para nada, aínda que coñeza xente que pensa que o son, e quero dicir que non me gustan os machistas.*

**-¿Cal é a túa comida favorita?**  
*As pizzas.*

**-¿E a túa bebida favorita?**  
*Bebidas de laranxa con gas.*

**-¿Cal cres que é o deporte nacional?**  
*O fútbol, aínda que non me gusta.*

**-¿Fumaches algunha vez?**  
*Fumar creo que é un, entre moitos, dos vicios prohibidos para os deportistas.*

**-¿Cal é a túa música favorita: clásica ou moderna?**  
*Moderna, aínda que a música clásica non me disgusta.*

**-¿Dominas outro idioma ademais do teu natal?**  
*Non, estudio inglés, pero non o domino.*

**-¿Cal é o teu libro favorito?**  
*Relato de un naufrago, de García Márquez.*

**-¿Cal é o último que liches?**  
*Lazarillo de Tormes.*

**-¿A túa película favorita?**  
*Non teño película favorita.*

**-¿A última que foches ver?**  
*Independence day.*

**-¿Gústache o teatro?**  
*Moito, máis có cine.*

**-¿Que prefires, praia ou piscina?**  
*A praia.*

**-¿Compras a túa propia roupa?**  
*Nalgunhas ocasións.*

**-¿Sabes cociñar algo?**  
*Un pouco.*

**-¿Cal é a túa afección?**  
*O taekwondo por excelencia.*

**-¿A que personalidade mundial che gustaría coñecer?**

*A Bill Clinton.*

**-¿A que enfermidade lle tes máis respecto?**

*Á SIDA, aínda que non quero ningunha.*

**-¿O teu animal preferido?**

*Os cans, pero non permito que se maltrate ningún animal diante miña.*

**-¿Cres que o diñeiro trae a felicidade?**

*Por desgracia para todos, si.*

**-¿Un personaxe histórico?**  
*Cristovo Colón o descubridor.*

**-¿Prefires vivir ata vello e morrer en mal estado ou morrer en boas condicións?**

*Prefiro non morrer, pero como non hai máis remedio, prefiro morrer en boas condicións.*

**-¿O mellor invento?**

*A imprenta, aínda que todos son importantes.*

**-¿Gústanche as corridas de touros?**

*Non, ódioas, o mesmo que se lle fai os touros, había que facerllo ós toureiros.*

**-¿En que gastaría-lo premio dunha lotería?**

*Non sei, cando me toque xa o saberei.*

**-¿Que che gustaría ser de maior?**

*Rico, moi rico, moi moi rico, moi moi moi rico. Pero como teño que dedicarme a algo, penso que serei mestre.*





## Conversa... co profe de galego.

### ¿Quixo ser mestre desde cativo?.

Non, non tiña nada claro o que quería ser de maior, soamente tentaba chegar a ser vello.

### ¿Influíu algo ou alguén da súa vida na decisión a adicarse á aprendizaxe mais á ensinanza do galego?.

Si, moitas cousas e varias persoas. Polos anos oitenta o galego non entrara aínda no escenario. Ensinar galego ou ensinar en galego era desexo de poucos. Tampouco había material impreso que axudase a galegiza-la escola. Estes feitos foron decisivos para que tomase a opción de aprender galego e axudar a outros compañeiros e rapaces elaborando materiais impresos e visuais en galego.

Entre as persoas, infliron aquelas que estaban convencidas de que era necesario ensinar en galego e coñecer e valora-la propia lingua. Desde o beneditino "pontevedrés," de Mourente, Martiño Sarmiento, ata outros que defendían esta idea cando non estaba de moda, nin se remuneraba nin se valoraba para enriquece-lo curriculum cuns papeliños - títulos e diplomas - para usar en concursos de méritos.

### ¿Pensou algunha vez que o galego ía morrer cando facía a carreira?.

Nunca pensei que o galego fose morrer, porque non morrera nos séculos de discriminación e de atrancos, a pesar de que era considerado por moitos lingua montuna e paleta. Se non morrera en 400 anos difíciles, escuros, non ía morrer despois de golpe. Teríamos que ser moi gafes os da miña "quinta". Unha lingua é

algo moi vital e persoal para que desapareza en pouco tempo. Galicia ten un 75 % de galego-falantes e este dato asegura moitas primaveras para o galego. Se vós colaborades, poden ser primaveras máis floridas aínda.

### ¿Cantos anos leva vostede na ensinanza da lingua Galega?.

Desde que se puido ensinar galego na escola, que non hai moito tempo, anque a vós vos pareza que é unha lingua ensinada desde sempre. Debeu de ser polo ano 1979, despois de publicarse un R.D. e unha O.M. en xullo e agosto respectivamente, que regulaban a incorporación da lingua Galega ó sistema educativo en Galicia. Catro anos despois, en 1983 a Lei de Normalización Lingüística declara "o galego lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos" (Art.12). Antes ensinaba Castelán, Francés, Ciencias Sociais.

### ¿Ten algunha queixa por parte dos alumnos?. ¿E por parte do colexio?.

Absolutamente ningunha. Os alumnos sodes, en xeral, traballadores, simpáticos e participativos. Ás veces ata me sorprendedes polo interese que mostrades polo galego e a cultura galega, a pesar do ambiente que vivides, onde se valora máis o de fóra có propio. Tamén é admirable o esforzo por falardes en galego.

¿Por parte do colexio? Non sei a que vos referides. Dos outros membros da comunidade escolar -profesores e pais- diría que se pode traballar a gusto.

Se vos referides ó colexio físico, ás



veces solta po ó mover un libro, máncache o pantalón ou as mangas da chaqueta se te descoidas e crea un ambiente que che produce farinxite, pero supoño que non será culpa do colexio, que non ten tanta malicia.

**Cando sabe que un alumno seu xa é mestre de galego ou está estudiando para tal ¿que sente?.**

Sinto que vou tirando para vello, unha sensación parecida a cando tes alumnos que xa son fillos de ex-alumnos. Pero tamén sinto que en vós, os mozos, está o futuro, e que esta profesión é gratificante, traballamos con persoas nunha das etapas máis receptivas. Moita responsabilidade a nosa.

**¿Por que é vostede organizador do ESPERPENTO?.**

Porque me parece unha ocasión excelente para animarvos a mostrar-las vosas cualidades de periodistas, narradores, poetas, ilustradores, inventores de mundos e de personaxes. Podedes tutearvos con eses escritores que admirades cada día na lectura.

**¿Por que está ó cargo da biblioteca? ¿Como chegou a selo?.**

Porque unha escola encerrada nos libros de texto quédase raquífica. A biblioteca dun colexio é unha ventá aberta a coñecementos, aventuras, viaxes, sentimentos, ídolos e amigos. Todo isto está ó alcance de calquera nunha biblioteca. Os usuarios, que sodes vós maioritariamente, están asegurados. Os fondos non son moi abundantes, uns 6.000

volumes, pero temos que aproveita-lo que temos.

¿Como cheguei a ser bibliotecario?. Ja, ja,... despois dunha difícil oposición. ¡Je, je!. Presenteime voluntario e foime adxudicado. Sería conveniente que houbera algún bibliotecario máis e non o hai. ¡Fíxate que é difícil conseguir este posto! O labor que desenvolven os alumnos colaboradores é fundamental. Gracias a vós, colaboradores, en nome de tódolos usuarios.

**¿Que elle parece que os seus compañeiros non falen galego coma vostede?.**

Paréceme que cada un ten liberdade para fala-lo idioma que queira. Unha lingua non se impón pola forza e somos herdeiros dunha educación e formación que discriminaba e ignoraba o galego. Dito isto, paréceme que é unha pena que nos cerremos ó monolingüismo castelán, porque vós poderíades aprender galego e castelán simultaneamente desde os primeiros anos. Pero vivimos en Pontevedra, que é a cidade galega máis castelanizada. E o curioso é que practicamente todo mundo sabe falar galego, tan perfectamente coma o castelán.

¿Será que queremos ocultar-la capacidade de expresarse noutra lingua?. ¿Será que en Galicia vivimos unha situación diglósica e non de "bilingüismo limpo e harmónico", como algúns rectores nos queren facer ver?.

**Ánxela Vidal e Fátima Martínez.  
1º- ESO. A**



## Os DJ'S dos 40 Principais

"Aquí somos todos coma irmáns"

visitamos a dous dos locutores dos 40 Principais de Pontevedra. Estes mozos, Miguel Veiga e Rosi Ardá, de 23 e 20 anos respectivamente, alegran a vida ós adolescentes e non tan adolescentes que os escoitan. Sobretudo xente sinxela e súper ... ¡XENIAL!

¿En que consiste o voso traballo?

**Miguel:**--Eu son o coordinador dos 40 Principais. O meu traballo consiste en face-la selección e coordinación, a parte de te-las mifias horas de locutor e... intentar alegrarlle a vida á xente.

**Rosi:**--Eu son locutora dos 40. O meu traballo consiste en "pinchar" discos e presentalos. Tamén opino como Miguel que intento alegrarlle a vida á xente, e ... ¡PASALO BEN!

¿Que pensan os vosos amigos e familiares sobre o voso traballo?

**M:**--Hai quen di que está ben. Pensan que non é o mesmo que estar nunha canteira picando pedra, e teñen razón, pois dá posibilidade de chegar máis lonxe.

**R:**--Dinme que é bonito, entretido, e que dá posibilidades de chegar máis lonxe, como ben dixo Miguel.

¿Téde-lo seu apoio?

**R e M:**--¡SÍ, SÍ! ¡Está claro!

¿Pensades que o voso traballo repercute na sociedade?

**R:**--Eu penso que sí, pois creo que nos escoitan máis mozos e iso repercute na sociedade.

**M:**--Eu tamén penso o mesmo.

¿Cal foi a vosa impresión o primeiro día de traballo na radio?

**M:**--¡UFF! ¡ALUCINANTE! Anque con medo a mete-la pata ó pensar na cantidade de xente que me estaba escoitando.

**R:**--¡MOITOS NERVIOS! Estaba que me caía dos nervios, pero lémbrome

que a despedida foi o mellor.

¿Que canción é a que máis recordos vos trae sobre o primeiro día de traballo?

**M:**--Non recordo ningunha, porque neses intres estás tan nervioso que non te lembrás.

**R:**--"Ríndete", do grupo "La Trampa"

Contádenos unha anécdota:

**R:**--Unha breve confusión de deixa-lo micrófono aberto mentres soaba unha canción, e estarse escoitando todo o que falaba.

**M:**--A canción de "Compromiso", "Comiéndote a besos", que a presentabamos de mil maneiras, como "camarero tráigame un beso"... e tamén unha vez en lugar de dicir "e agora un breve informativo", dixeron "e agora un bravo informativo".

¿Canto tempo levades neste mundiño?

**R:**--Máis de tres anos, dos que non me arrepinto.

**M:**--Eu dous anos aquí, pero tres na radio municipal.

¿Como vos sentides no voso traballo?

**M:**--Ben.-Foi algo que non dubidaron-

**R:**--A gusto, porque é o que elixín.

¿Cales son as vosas metas?

**R e M:**--Chegar a Madrid.

¿Pensades que ser DJ é favorable á hora de ligar?

**M e R:**--Non, non cremos que sexa así, pois cando imos pola rúa non nos coñecen polo noso físico.

¿Que criterio seguides á hora de elixir unha canción?


**M e R:**--Normalmente mándannos unhas listas de Madrid.

¿Cales son os vosos gustos musicais?

**R:**--Non me gusta o "Bacalao". Logo, de todo un pouco; Bon Jovi está moi ben.

**M:**--Todo tipo de música.

SUSANA, DOLORES, LETICIA, PATRICIA & C



## SE EU FORA MAIOR...

Gustaríame ser libre, que non me mandasen facer nada, salvo traballar, claro. Traballaría de xogadora de fútbol no REAL MADRID, pero a verdade é que xogo bastante mal.

Gustaríame ter unha casaña, canto máis pequena mellor, no campo ou na praia. Iría visita-la miña nai tódolos días e os domingos comería con ela.

Ó meu irmán visitaríao cada ano ou cada dous, porque se segue portándose como agora...

Tería unha filla que lle gustase xogar a xogos de rapaces e un fillo non moi chulo ¡ Ah ! ¡ estudiosos !.

Iría de marcha coas miñas amigas os venres e co meu marido os sábados, se non celábase.

Tería unha mansión chea de cans e gatiños cunha habitación para cada un.

Se non me aceptasen de futbolista, que é o normal, sería artista en "Hollywood" coma Antonio Banderas, pero en versión muller.

Sería tan, tan, tan famosa que coñecería as "SPICE GIRLS" e sairía con elas de copas.

Herdaría toda a roupa de miña nai, sobre todo zapatos.

Como tería moito diñeiro poderíalle dar ós necesitados para que non pasasen fame.

MARTA LINO BRALO 5<sup>A</sup>



***¡ AI, QUE SOÑOS TEÑO !***

*Día dos namorados*

Nester día dos namorados lémbrense as persoas que se aman e se queren, como moitos casados e como noivos. E regálanse todo o seu amor como os vosos pais e os meus e recordan o día que se namoraron e desde aquela vez ámanse e quérense e de tantos días de amor chegou este día alegría en que nos tiveron a nos tamén. A min paréceme que este día tan especial hai que quererse moito e procurar non enfadarse, e ser bos cos demais porque eles tamén o son contigo.



## ¡QUE SE FALE E ESCRIBA GALEGO DEPENDE DE TI!

1-Fala en galego sempre que poidas, coa familia, cos amigos e coñecidos. Fai o propósito de falar galego aos que sabes que te entenden, aínda que ata agora lles falases castelán.

2-Se respectuoso con todo aquel que fale outra lingua, pero esixe que os outros sexan respectuosos coa túa.

3-Diríxete en galego a todos: na rúa, por teléfono, no centro de ensino, no traballo. Verás que te entenden. Séguelles falando galego aínda que che respondan noutro idioma.

4-Aos teus coñecidos que entenden o galego coloquial, pero mostran curiosidade por algún termo que ignoran, explícalles o significado desas palabras axudándolles a ampliar o vocabulario. Se ves que alguén se esforza en falar o noso idioma, axúdao e demóstralle que valoras o seu comportamento.

5-Respecta as diferencias locais da lingua. Coñece as particularidades de cada zona. Esta é a riqueza do galego, como de todas as linguas.

6-Toma a decisión de escribir todos os apuntes, notas, cartas en galego. A partir de hoxe pon sempre o teu nome en galego. Fai cambiar os teus papeis: impresos, rótulos, etc.

7-Faite subscriptor de revistas e xornais escritos total ou en boa parte en galego. Le libros, asiste a espectáculos, escoita e visiona emisións na nosa lingua.

8-Esixe de todos, mesmo das institucións máis rutinarias, que che escriban en galego. Faino amablemente. Non perdas o tempo e os nervios en pelexas cos inimigos declarados da lingua do País.

9-Se tes como lingua familiar o castelán interésate pola nosa lingua. Loita contra a inxustiza fomentada durante a Dictadura. Toda represión dunha lingua é un acto de barbarie. E sobre todo intenta falalo e escribilo porque a mellor defensa dun idioma é o seu uso.

10-Se te sentes bloqueado psicoloxicamente, como soe ocorrer para pasar a falar en galego con persoas e en ambientes en que sempre falaches en castelán, empeza por usalo cos descoñecidos, a practicalo en situacións novas para ilo introducindo logo na túa esfera habitual. Non te avergonces dos defectos de pronuncia ou escrita; respectar o galego pero a distancia "sen rompelo nin leixalo", iso si que deteriora o idioma.

11-Se es profesor e non impartes as clases en galego, proponte comezar para este curso vindeiro. O tempo que queda é suficiente para poñerse ao día. Cun pequeno esforzo contribuirás dun xeito moi importante á normalización do noso idioma.

**TODA PERSOA QUE DEFENDA A SÚA PROPIA LINGUA  
SEN AGREDIR A NINGUÉN TEN A RAZÓN DA SÚA PARTE.**

(Adaptación dun texto ideado polo Dr. Tilbert D. Stegman da Universidade de Frankfurt)

Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S.P. de Cangas



## A MÚSICA DE AGORA

Chegas á casa tras un duro día na escola. Entrás na cocíña e cólle-los cereais para picar algo e...¿que hai no cartón? Unha foto das Spice Girls. Vas para a habitación e lánza-la mochila polo aire, acénde-la radio e...¿que escoitas? As Spice girls. Corres ó salón e sentas no sofá, acénde-la tele e... ¿que ves? O anuncio das Spice Girls. ¡¡¡ Basta xa !!!

A pesar da invasión destas cinco británicas, e aínda que non o pareza, existen outros grupos e cantantes agora de moda, dos que falaremos de seguida:



LAURA PAUSINI

A cantante italiana de 24 anos conseguiu un gran éxito co segundo disco en España **Las cosas que vives**, do que se extraen grandes temas como **Inolvidable** e no que adica unha canción á súa nai: **Lo siento**. Ela mesma compón a maioría das súas cancións, que tratan de temas como o amor e a amizade.



LYDIA

Esta xove madrileña deuse a coñecer co sinxelo **No sé si es amor**, adicado ó seu ídolo Alejandro Sanz. Os seus comezos foron precoces, pois só tiña 6 anos; interpretaba cancións escritas polo seu pai e deuse conta de que o seu era a música.



RICKY MARTIN

Este portorriqueño de 25 anos causa estragos entre as adolescentes. O seu sinxelo **María** foi a canción do verán do 96. A todo o mundo do espectáculo, dende os 12 anos, lle demostra o seu enpeño por este traballo. Alejandro Sanz colaborou no seu disco compoñendo cancións.



REBECA


A catalana Rebeca (22), foi a revelación dance do noso país no ano 96. Estudia infomática, practica diversos deportes pero o seu soño é ser actriz. Vendeu 200.000 copias sendo **Duro de pelar** o seu sinxelo máis coñecido.



ENRIQUE IGLESIAS

Só tádou un ano en conseguilo que ó seu pai lle custou máis dunha década, un Grammy. Algúns pensan que o éxito lle chegou polo apelido, pero el demostra que non é así.





ALANIS MORISSETTE

Esta canadiana de 23 anos vendeu máis de 15 millóns de copias de **Jagged little pill**, co que se converte na muller que máis discos vendeu. Anque ten aspecto doce, engana porque non se corta, mete tacos nas súas letras, fala de sexo e grita cando algo non lle gusta.



CARLOS NUÑEZ

Un gaitero vigués de 25 anos que co disco **A irmandade das estrelas** vendeu máis de 80.000 copias en España e conseguiu un Grammy ó mellor álbum de música internacional.



SHAKIRA

Ten tan só 20 anos e aínda que naceu en Colombia puxéronlle Shakira debido ós seus antecedentes árabes. Publicou tre álbumes, o primeiro deles cando tiña 13 anos. A maioría das súas cancións son de amor e están compostas por ela.



ROSANA

Rosana Arbelo, de 34 anos, vendeu do seu disco **Lunas rotas** 730.000 copias en España e máis de 100.000 en Latinoamérica. Foi seleccionada sete veces para os Premios da Música Española gañando catro deles



JAVIER ÁLVAREZ

Con dous discos no mercado: **Javier Álvarez** e **Javier Alvarez 2**, e 100.000 copias vendidas de cada un, quere que os que escoiten a súa música non o admiren polo seu físico senón polas súas cancións. Segundo el, bota de menos os concertos dos bares con poucas persoas.



MARK OWEN

O ex-compoñente de Take That decidiu segui-la súa carreira en solitario co seu primeiro disco, **Green man**, moi diferente ó estilo do seu anterior grupo. As cancións **Child** e **Clementine** son as máis coñecidas.



## BACKSTREET BOYS

Nick, A.J, Howie, Brian e Kevin uns americanos con idades entre 17 e 25 anos que forman este popular grupo. Acadaron o éxito co seu sinxelo **We've got it goin' on**. As súas cancións tratan sobre diversos temas como o amor, a vida e a amizade.



## NO DOUBT

Gwen Stefani, Toni Kanal, Tom Dumont e Adrian Young, levan dez anos no mundo da música, pero en España déronse a coñecer este ano co seu novo disco **Tragic Kingdom**.



## BLUR


Alex , Damon, Graham e Dave competidores do grupo Oasis xa sacaron o seu quinto álbum, **Blur** . O cambio de estilo do seu primeiro sinxelo non lles gustou moito ós seus admiradores que botaron de menos as cancións sinxelas e divertidas dos demais álbumes.

María Costas Álvarez	8ºA
Sabela Maceda García	8ºB
Sara Miréllis Vilar	8ºA



## 3T

Os tres sobriños de Michael Jackson sacaron este ano o seu primeiro disco. Taryll, Taj e T.J viron cumprido o seu soño, xa que o seu tío Michael colaborou con eles neste traballo.



## ELLA BAILA SOLA


Marta e Marilia foron unha das sorpresas do 96. Pasaron de cantar no parque do Retiro (Madrid) a vender máis de 450.000 copias do seu disco titulado como elas: **Ella baila sola**.



## E, ¡ COMO NON ¡ AS SPICE GIRLS

Victoria, Mel B, Mel C, Emma e Geri, son cinco chicas que están en tódalas portadas de revistas de música, cando só levan un ano vendendo a súa imaxe. Un antigo apoderado das Spice Girls dixo que non cantaban elas, cousa que as protagonistas negan.

Poderíamos citar a moitos grupos e cantantes máis que nestos momentos tamén están de moda, pero estes son os que máis se escoitan.



## Xenofobia

As actitudes racistas e xenófobas son frecuentes na vida diaria, nas expresións familiares e nos chistes. Entre os brancos son habituais os chistes sobre negros, como o eran na Alemaña nazi sobre os xudeus, ou nos Estados Unidos sobre chicanos e negros. ¿Quen non ten escoitado en España dicir "quinqui" ou "xitano" para denominar a unha persoa falsa ou delincente? En moitas linguas contáronse chistes "de negros" ou "xitanos" nos que sempre son ridiculizados e menosprezados, por exemplo:

"¿Que diferenza hai entre desgracia e catástrofe?. Desgracia é que se afunda un barco cheo de negros. Catástrofe é que saiban nadar."

Sen embargo, o máis trágico é que o racismo non só se dá entre as persoas máis incultas e ignorantes, hai pouco o periódico "El País" informaba que un grupo de profesores dunha Universidade de Alemaña afirmaba que a integración de grandes masas de estranxeiros é incompatible coa conservación do pobo e conduce a catástrofes culturais.



¿Que é realmente o racismo? Unha ideoloxía que defende a existencia dunha diferenza nas capacidades innatas de intelixencia e desenvolvemento cultural, e outorga un valor desigual ós grupos humanos no plano da afectividade, da personalidade e do temperamento. Sostén que existe unha desigualdade entre os grupos humanos e atribúe a todo os individuos as características do grupo ó que están asignados.

Estas inxustizas deberían de rematar porque todos somos iguais.

ALEJANDRO PORTO MORA

1º E.S.O. C



## A nai

A nai é unha persoa moi especial para tódalas persoas do mundo. Algunhas veces rífanos pero faino polo noso ben. Ela cóidanos moito cando estamos enfermos, preocúpase de chama-lo médico, dános o xarope á hora xusta, tamén fai as tarefas da casa, ténnola a comidiña preparada, espértanos pola mañá ...

As nais son as persoas que máis nos queren ( sen esquece- los pais) e agora imos facer unha pregunta que se fai moita xente :

¿Que fariamos sen nosas nais ? Nós, particularmente, non o sabemos. ¡Pobres das persoas que carecen da nai ! ¿Imaxinádesvos a súa vida ? Sería moi dura sen contar co cariño da súa nai.

Nós temos que axudala cando necesite da nosa axuda, porque non vai facer todo ela.

Nós temos que seguir animándoa para que siga tan boa connosco. Así que non a disgustemos e non a enfademos, e facede sempre o que vos manda sen rechistar.

Ou sexa : que temos que querela moitísimo, porque é unha persoa estupenda.

Fran, Adrián y Damián. 5ºA.



A nai é algo especial  
é alguén sen igual.  
Algún día irase  
e deixaranos  
con experiencias da vida,  
e moito máis.


Ana Novoa. 5ºA.

### CARTA DE AGRADECIMIENTO

ANTONIO FERNANDEZ GOMEZ 6º C

O ano pasado eu escribira unha carta ó Esperpento criticando que o Festival de Nadal fora un desastre.

Este ano escribo agradecendo á A.P.A. que o Festival de Nadal se celebrase no Teatro Principal, e estivera mellor organizado. Espero que siga organizándose así tódolos anos.



## A NORMALIZACIÓN DO GALEGO

*Por Jorge Domínguez Cordero*

A normalización lingüística do galego é imprescindible para o seu futuro. Se non é utilizada pode desaparecer.

Nos tempos antigos Galicia e Portugal estaban unidos e tiñan unha lingua común chamada o galego-portugués. Hai que ter en conta que era unha lingua culta e foi utilizada por Afonso X o Sabio.

Sen embargo, lamentablemente, o galego literario actual, anque progresa cara a unha unificación, mantén aínda diversas formas dialectais que o aproximan á lingua falada, na que poden distinguirse varias formas fundamentais de galego.

Séculos despois, no Renacemento, a opresión de Castela sobre o reino de Galicia fixo que formara parte primeiro do reino de León e despois do reino de Castela e León. As influencias do castelán provocaron unha importante crise do galego que fixo case que desaparecese por algún tempo.

No século XIX xurdiu outra vez anque o pobo era pobre e analfabeto, e só podía dispoñer da lingua culta e correctamente falada o clero e a alta burguesía.

Tamén neste século España se dividiu en provincias. Galicia dividiuse en A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Actualmente, recuperouse o galego pero aínda non témo-la normalización. Disé que o galégo é a lingua que se fala en Galicia, pero cada vez menos.

Entre todos temos que axudar a recupera-la nosa lingua, porque é a nosa cultura, a nosa historia, os nosos costumes...

Unha das formas para conseguilo é comezar nós a utiliza-la nosa toponimia (nomes de lugar) en galego, posto que o artigo 10 da lei de Normalización lingüística di: Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. Ésta é a que debemos respectar e usar en tódalas ocasións. Unha lingua que non se utilice en tódolos contextos é abandonada pouco a pouco polas persoas que a falan. E isto non o podemos permitir.

SE ES GALEGO  
SE ÁMA-LA TÚA TERRA  
FALA O GALEGO





## ¡ TEMA DE INTERESE NACIONAL!

## A discriminación

Como xa se sabe, o tema máis importante de España é o do fútbol. Sempre hai un partido do século.

A xente tolea co seu equipo, os equipos cos xogadores, os xogadores co diñeiro... ¡ah! e os xogadores tamén tolean coas mozas.

Ata os temas máis importantes do goberno son o fútbol e as pernas da Tocino.

Cantos máis problemas máis fútbol, máis competicións e máis fútbol televisado.

Sen dúbida, se o fútbol segue así, imos ter fútbol a todas horas, ó mediodía, á mañá... e ata os venres, que nestes momentos é o único día de liberdade.

Ignacio García 1º E.S.O. C  
David Durán 1º E.S.O. C

### "TRATAR BEN ÓS ANCIÁNS"

As persoas maiores cóntannos cousas que sucederon cando eles eran pequenos ou darnos consellos. Pero o máis importante é que nos queren moito.


Hai nenos que só queren ós seus avós ou parentes anciáns para que lles dean cartos. Outras persoas trátanos como se fosen estorbos e iso é moi cruel. Ós anciáns hai que tratalos ben, porque eles seguramente o pasaron máis mal que nós. Debemos axudarlles en todo o posible. ¿Cómo? Pois moi sinxelo: axudándolles a cruzar unha rúa, cedéndolles un asento, paseando con eles, facéndolles compañía, etc. Pero, sobre todo, dándolle-lo noso cariño, escoitándoos e tratándoos ben. Eles agradecerancho. Nós tamén seremos vellos e logo...

BEATRIZ SALVADO GARABOA. 6º C

Moita xente desprezia a outra porque non é da mesma raza, non ten os mesmos costumes, a mesma relixión... Algo semellante acontecía no Zaire, onde a xente loitaba sen pensar nas persoas que morrían a causa de escasez de comida, de menciñas ou ben porque lles disparaban, como o caso dos monxes de Burgos. Tamén, moito tempo atrás, en Alemania, os xudeus eran perseguidos polos nazis. Entre todos nós, debemos pensar neles e non tanto en nós mesmos, como soemos facer. A discriminación é algo que moitas persoas practican.

Penso que todos deberiamos pensar nesas persoas e aporta-lo noso gran de area, pois desta maneira estamos facendo na nosa sociedade grandes distincións e non debería haber nin ricos nin pobres, nin envexas, nin tantas competencias e si que fosemos máis xustos os uns cos outros, menos egoístas, máis solidarios e máis humanos. Desta maneira, levaríamonos todos moito mellor.

Alexandre Carballal  
6º A



### O fútbol, unha xungla de diñeiro

Nos últimos tempos, o fútbol chegou a ser máis ca un deporte, un negocio, que move unhas cantidades de diñeiro astronómicas.

A febre dos millóns alcanzou a tódolos equipos, e esta competición por ver quen gasta máis diñeiro nun xogador parece incluso absurda.

Reflexionando, ¿ como se pode gastar miles de millóns nunha persoa que o único que vai facer é dar patadas a un balón ?

Para facerse unha idea do que se chega a gastar por un xogador, presentamos unha lista dos xogadores “máis caros” da liga española e o “máis caro” da historia xunto co equipo o que pertence.

Futbolista	Ficha	Equipo
Alan Shearer	3.000 millóns de ptas.	Newcastle
Ronaldo	2.500 millóns de ptas.	Barcelona
Mijatovic	1.250 millóns de ptas.	Real Madrid
Suker	1.000 millóns de ptas.	Real Madrid
Rivaldo	1.000 millóns de ptas.	Deportivo
Alfonso	1.000 millóns de ptas.	Real Betis Balompié
Finidi	1.000 millóns de ptas.	Real Betis Balompié
Giovanni	1.000 millóns de ptas.	Barcelona
Vítor Baía	800 millóns de ptas	Barcelona

Nesta lista, pódese ve-la loucura na que se está convertendo o fútbol. O problema é que cada vez aumentan máis os prezos e non podemos predici-lo que vai pasar a longo prazo.

Ademais, esta febre de millóns estase trasladando ós entrenadores e a outros deportes.

*Juan Frade  
Francisco Lafuente  
Manuel Mirón  
Manuel Gómez*

### ENTREVISTA A UN FUNCIONARIO DO REXISTRO DA PROPIEDADADE

**¿ En que traballas?.**

No Rexistro da Propiedade.

**¿Que é a propiedade?.**

É o dereito que teñen as persoas sobre as cousas.

**¿Que cousas son as que se rexistran?.**

As fincas rústicas, como prados, montes etc., e as fincas urbanas, como os solares e casas.

**¿Para que se rexistran as fincas?.**

Para que calquera persoa que teña interés en

saber a quen pertencen poida enterarse no Rexistro da Propiedade.

**¿Para que lle pode interesar saber de quen son as fincas?.**

Por exemplo para prestarlle diñeiro coa garantía da finca.

**¿Que é garantía?.**

Garantía é o dereito que ten o prestamista de quedarse coa finca, o subastala cando no lle devolven o diñeiro prestado. Ese dereito chamase hipoteca.

**¿Que é o prestamista?.**

O señor ou banco que presta o diñeiro.

*María Antón Real, 3ª A*



## DEBATE: A VIDA NUNHA VILA, CIDADE E ALDEA

Diálogo entre tres persoas defendendo a vida na aldea, a vida nunha gran cidade e a vida nunha vila.

**Flores Campos.-** Por moito que digades, non hai vida coma a da aldea; ali, sen presenza de ruídos e contaminacións e aquel silencio, sobre todo pola noite, non hai nada que os pague.

**D. Cemento Paredes.-** Pois eu, a vida do rural non a boto nada de menos; vivín na aldea, pero ó chegar a coñece-las vantaxes da vida cidadá, xa non tiven dúbida ningunha. Aquí tes de todo, relacionaste con xente...

**Rosa Terrazos.-** Eu vivo nunha vila e direivos que me encontro moi a gusto, porque nas vilas podes participar tanto dun sistema coma doutro, dos que estades a defender.

**Flores Campos.-** Volvo decirvos que son formas de entende-la vida. Na aldea non estou illado, cos adiantos que hai hoxe en día. É cuestión de organizarse.

**D. Cemento Paredes.-** Xa, pero á hora de arranxar papeis de calquera cousa, facer compras, divertirse, asistir a espectáculos coma o teatro, o cine ou mesmo a un concerto musical, xa o tes doado, que nin na vila, e menos na aldea, hai acceso a iso.

**Rosa Terrazos.-** ¿Como dis? Se a vila é grande podes participar dalgúns espectáculos que non teñen nada que envexar ós dunha cidade. E da contaminación industrial ¿que me dices?

**Flores Campos.-** ¡Aí quería eu chegar! Na aldea o aire está máis puro e, salvo que veña o cheiro das industrias cidadás arrastrado polo aire...

**D. Cemento Paredes.-** Tamén está nas aldeas o cheiro dos cortellos e da bosta das vacas.

**Rosa Terrazos.-** Na vila coído eu que hai menos sobressaltos en canto á seguridade cidadá.

**Flores Campos.-** Para min o cheiro dos cortellos e das bostas non é de notar. Iso era antes. Outra cousa sería pensar no lixo acumulado nas grandes cidades porque non se cumpren as ordenanzas municipais.

**D. Cemento Paredes.-** As condicións hixiénicas nos fogares: auga corrente, gas, electricidade, duchas, baños, cociñas modernas. E despois os bancos a pé de porta.

**Rosa Terrazos.-** Nas vilas tamén temos todo iso. Por outra banda, ¿non oístes falar das cidades-dormitorio?

**Flores Campos.-** Para iso mellor que na aldea nada, xa volo dixen. Certo que o que traballe na cidade e veña pernoctar á aldea, ten a penalidade do desprazamento, que como se vai poñendo o tráfico, non che é cousa pequena.

**D. Cemento Paredes.-** Con todo eu penso así e non haberá quen me baixe da burra. Os mesmos nenos na cidade xa van criados noutro ambiente.

**Rosa Terrazos.-** Para min a vila. Nela coñecemos todos e non digo que ás veces isto sexa un atranco nada despreziable, pero eu penso así





Pontevedra, 10 de xuño de 1997.

Estimado Sr. Alcalde :

Eu, como cidadá de Pontevedra, quéro lle informar da situación de Pontevedra . Un dos problemas que me preocupan é o das bandas dos mozos xoves que se dedican a romper beirarrúas , farolas, facer grafittis inxectarse e deixar por alí as agullas .

Eu coido que debían de poñer máis vixilancia policial , e ós que fan iso poñerles traballos forzados e a limpia-la cidade .

Outro problema que me preocupa é a contaminación. Xa que en Pontevedra é abundante. A celulosa está acabando co mar porque lle botan os residuos. A xente tira os papeis ó chan e non se preocupan se contaminan.

O río Gafos leva moito lixo e cheira mal, porque os canos dos baños desembocan alí, e a parte a xente tira calquera cousa, ata ferros e caixas

Como cidadá, creo que deberían poñer multas a quen contamine e poñer máis contedores para reciclar.

Co todo o respecto do mundo dígolle que ós do goberno prometen moito e fan pouco.

Espero que lle fagan caso a esta carta e tomen medidas. Gracias

Un saúdo cordial:

Leticia Ruanova Abalde, 7º C

### "DEBEMOS TRATAR BEN ÓS ANCIÁNS"

Debemos tratar ben ós anciáns, porque sen eles non estaríamos nós aquí (neste mundo). Cántannos historias de como era antes a a cidade, aínda que algúns sexan grufóns, debemos cederlle o noso sitio no autobús, no tren, no metro, na cafetería, no bar, ou axudarlles a levar bolsas. Eles agradeceránnolo cun sorriso.

Se non os tratamos ben, a nosa historia esvaecerase..

Por: LARA VÁZQUEZ PEREIRO



### MODAS URBANAS

Ás veces pensamos que a xente, sobre todo na cidade, é un gran rabaño de ovellas e que por onde vai unha van todas, aínda que se tiren monte abaixo. ¿Por que dicimos isto?. Xa se ve que polas modas, que van e veñen.

A verdade é que o mellor é que cada un teña o seu propio estilo e personalidade e non se mova en masa.

#### ¿POR QUE SE LEVAN OS TENIS SEN CORDÓNS?

A resposta é ridícula. Un cantante dun grupo musical de rap tiña a manía de leva-los cordóns limpos e relucintes, polo que sempre os lavaba antes dos concertos, pero nun concerto non se lle secaron a tempo, e saíu sen eles, e case se cae no escenario, xa que dixo que fora moi incómodo.

E desde ese día, como el non leva cordóns (ninguén os leva), o que ocasiona máis dun trompazo.

#### ¿POE QUE SE LEVA A CARAPUCHA AÍNDA QUE NON SE NECESITE?


Todo comenzo cando os traficantes de droga da rúa (camelos e os debuxantes de graphitis), comezaron a ser descubertos pola policía e puxeron a carapucha na cabeza para que non os recoñecesen. Como daba resultado, tódolos camelos é "graphitóferos" facían esto. E víronse tantos que a xente comezou a imitalos pensando que era unha moda.

#### ¿POR QUE SE LEVAN AS ROUPÁS AMPLAS?

Cando nun cárcere uns presos levaron roupas amplas para destacar dos demais. Estes na súa liberdade condicional, como non tiñan outra cousa, levaban esta roupa, co tiro do pantalón nos xeonllos, e alguén viunos e comezou a imitalos.

A parte destas modas hai outras moitas, como leva-la roupa ó revés, e todo por que un mozo que quería ser diferente e molar máis cos demais, puxo un gorro ADIDAS ó revés e alguén viuno e ... ¡outra moda! Nalgúns grupos sociais, de levar moitos colares de ouro, todo por que un decidiu levar un día moitos destes colares para mostrar que era moi rico. Outra que está de moda agora entre as mozas é levar plataformas, sobre todo as baixiñas, influenciadas polo conocidísimo grupo musical "Spice Girls"; e, por último algunhas modas convencen ós famosos, como a filla de Xulio Iglesias, Enrique Iglesias, que leva as suas mans tapadas polas mangas dos xerseis.

MARÍA ARIAS GARCÍA 80 A  
LUCIA DÍAZ CABANAS 80 A



### A NOSA CRITICA SOBRE "RELATO DE UN NAUFRAGO"

Editorial: Plaza & Janés.

Este libro conta un feito real, escrito por Gabriel García Márquez, pero narrado polo seu protagonista, Luis Alejandro Velasco.

#### A historia:

O barco **Caldas** levaba demasiada mercancia de contrabando, e oito mariñeiros foron botados polas ondas ó mar e só un sobreviviu, alcanzando unha balsa que caeu tamén.

Estivo 10 días á deriva sen comer nin beber e sen a penas durmir. Neses 10 días loitou por manterse con vida e conseguiu chegar a unha praia do Caribe.

#### A opinión:

E un libro no que vives as sensacións que ten o protagonista. Tes fame e sede cando el a ten, notas sensación de alivio cando pode levar algo ó estómago, como unha tarxeta de cartón, sentes medo polos tiburóns que sempre chegaban as cinco, sénteste afogar cando a balsa dá a volta e queda ó revés,

notas no

corpo o frío e a calor deses días e doe todo cando explica o que molestan as bochas provocadas polo sol.


\*A parte que máis nos gustou foi cando consegue coller coa man un peixe dun banco (despois de que un lle mordera os dedos e case o colle o tiburón, atraído polo sangue) e lle dá dous mordiscos despois de atontalo ben, pero o peor desta parte foi que o tiburón llo arrebatou cando lle limpaba o sangue.

\*Menos mal que ó final remata ben. Aínda que tivera 600 persoas tentando falar con el e ofrecéndolle diñeiro por facer publicidade da súa camisa, pantalón e zapatos que por seren tan duros non os puido comer.

Recomendamos esta libro a tódolos rapaces ós que lles gusten as aventuras e as emocións fortes, pero iso si, ó ler este libro é conveniente ter algo de comer e beber á man.



Paula Velasco .- Sandra Barros  
1º ESO A



Son **ETRILIBRIO** a mascota da Biblioteca, nacín no Maio do 97. Son un bebé dun ano e inda que non o pareza, observo todo desde o alto do andel cos meus ollos de papel... despegados. Desde as dúas da tarde teño moito tempo para pensar. Entristécame mirarme ó espello e verme tan maltratado; arríncanme pernas ou brazos, non me limpan o po, esquecénme. Recoñezo que hai xente que intenta ari n arme pero pronto perden a fe e pensan que é inútil. Meus pais agora non poden coidarme e debería ser toda a familia a encargada de facelo. ¿Que familia? Tódolos amigos da biblioteca, pois por eles estou aquí encerrado para comparti-los seus soños.

O que non consigo superar é o medo que me apreixa ó apaga-las luces e cerra-las portas ás dúas da tarde. Comezo a imaxinar cousas raras e a sentir unha suor fría. Eu nacín para estar acompañado compartindo. Gardádeme o segredo, pero non é certo que haxa humidades por goteiras, son as suores dos meus tremores solitarios.

Espero ansioso o son do timbre das nove, a porta que se abre e as luces acesas; desaparece o meu desánimo e estou contento de novo.

Como son moi optimista, teño a esperanza de que alguén veña, e me diga

unhas palabras fermosas, desas que fan subí-las cores. Observo que algúns me din piropos e moi bos, pero sempre son os máis pequenos. Os maiores andades a pensar noutras cousas, xa sabedes, a min non me oídes falar pero eu a vós perfectamente. Se seguides pasando de min voume "chivar" e non me gustaría. Tamén me asaltan as dúbidas nas horas de silencio. ¿Son unha persoa, un trío de libros ou un saco sen fondo?

Gustaríame ser unha persoa... para saber falar, escoitar, ler e ter sentimentos.


Gustaríame ser un trío de libros que se introduce na mente de cada lector/a e pasar a formar parte da súa vida, dos seus pensamentos.


Gustaríame ser un saco sen fondo, onde cada un pode atopa-lo que queira, onde ninguén teña que poñer límites á súa imaxinación.

O que non me gustaría é considerarme un ser inerte, desprezable, só polo feito de levar letras mal pegadas, estar eivado e ser de carton de embalar.

¿Que cres ti que son? Axúdame a saír da dúbida. Na vosa participación como lectores teño a resposta. ¡Conto contigo!

Fátima Martínez Pérez  
1º ESO - A





## Cadro de honra.

Información enviada por **Etrilibrio Perfecto** confirma que estes son os alumnos que máis libros leron durante este curso, ata o 1 de maio.

### Etrilibrio de ouro:

	Grupo	Libros retirados
<b>Terceiro nivel:</b>		
Miguel Quiroga.....	A	13
Miriam Viéitez .....	C	11
María Vázquez.....	C	9
<b>Cuarto nivel:</b>		
Rubén Pesqueira.....	C	16
Judit Soto.....	C	8
Elisa Besada.....	A	7
<b>Quinto nivel:</b>		
Sara Rey.....	C	9
Paula del Solar.....	C	9
Bárbara Rodríguez.....	C	9
Pedro Montes.....	C	5
Alejandro Díaz.....	A	5
<b>Sexto nivel:</b>		
Javier Sranes.....	C	24
María Fontán.....	A	17
Catherine Elvira Bermejo.....	C	16
<b>Secundaria:</b>		
Manuel Viñas.....	C	28
Bruno Vidal.....	C	17
Fátima Martínez.....	C	13
<b>Oitavo nivel:</b>		
Yolanda Tourón.....	B	31
Mª Jesús Vázquez.....	C	22
Alejandro Alonso.....	A	16
Óscar Feijoo.....	A	16
<b>Etrilibrio de Platino:</b>		
Yolanda Tourón.....	8º B	31
Manuel Viñas.....	Secund. 1º C	28
Javier Serantes.....	6º C	24
Mª Jesús Vázquez.....	8º C	22

### Os 5 máis lidos en oitavo:

#### Libros:

Tristes armas.  
Chegou un estraño.  
¡Asústate, Merche!  
As bruxas.  
A sombra cazadora.


#### Autores:

Fina Casalderrey.  
Roald Dalh.  
René Goscinny.  
Agustín Fernández Paz.  
Suso de Toro.



## Tamén se triunfa en galego.

Descubre o nome destes escritores galegos, premiados e traducidos ultimamente.



## AS BRUXAS

As bruxas narra a historia dun rapaz e maila súa avoa que se enfrontan á terrible Asociación de Bruxas de Inglaterra mentres estas, baixo a aparencia de mulleres correntes, celebran a súa convención anual nun hotel.

Case ninguén cre nas bruxas pero... "Haberlas hainas". As deste libro non son desas da vasoira, da verruga no nariz, ¡NON!, estas son moito máis perigosas, xa que visten e teñen a mesma aparencia ca nós. Disfrázanse de persoas normais pero no fondo senten un profundo asco polos nenos ós que acostuman transformar en ratos.

É un libro divertido que, aínda un pouco infantil, serve para tódalas idades.

## ROALD DAHL

Naceu no ano 1916 en Llandaff (Inglaterra).

Participou na Segunda Guerra Mundial formando parte do exército do aire. Froito desta experiencia foron os seus primeiros para adultos, como **Alguén coma ti** ou **Historias do inesperado**. Logo pasou a escribir novelas para nenos nas que deixa ver como foi a súa infancia e... dalgunha maneira, como lle gustaría que fose; algunhas delas como **As bruxas** ou **Matilda** témolas na biblioteca e...

¡¡¡Hai que apoveitalas!!!

## Tristes armas

Foi escrito por Marina Mayoral e fai reflexionar sobre a dureza dunha guerra.

O argumento en si é triste, porque os protagonistas son dous nenos que na guerra civil son levados a Rusia para que non corran perigo.

Ademais, na propia Rusia, os nenos viven nun orfanato con outros nenos, algúns deles rotos psicoloxicamente pola guerra, con quen van facendo amizade.


É un libro que recomendo a tódolos rapaces que lles gusten as historias tristes, pero non por eso aburridas.

## Marina Mayoral

Nada en Mondoñedo en 1942, doutorada en Filoloxía Románica e diplomada en Sicoloxía clínica, é profesora en Literatura Española na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, ademais de escritora e investigadora. As súas obras de investigación máis importantes son: *La poesía de Rosalía de Castro*, *Rosalía de Castro y sus obras*, *Análises de textos* e *Análises de cinco comedias*.

En narrativa ten obras como: *Cándida, otra vez*, *Plantar un árbol*, *Al otro lado*, *La única libertad*, *Se llamaba Luis* e *Tristes Armas*.

Yolanda Tourón Besada  
Manuel Gómez Rodríguez



## A SOMBRA CAZADORA

Dous rapaces viven con seu pai nunha finca, totalmente arredados da vida que transcorre no exterior dos muros que encerran a finca.

Dende pequenos, os rapaces afixéranse a uns sons metálicos procedentes do faiado que chamaban polo pai.

Poucos días antes da súa morte, o pai, explícalles ós rapaces o porqué do seu encerro e que eran aqueles estraños sons. Eran pantallas que controlaban a vida da xente, por iso o pai nunca deixara ós rapaces saír da casa, por medo a que as pantallas os visen. Pero cando o pai morre, teñen que saír e alí, na rúa, comezan os perigos para os rapaces, os que a pantalla ve pero non consegue atrapar, así ata chegar a unha parte da cidade, deserta, onde non chegaba a onda da pantalla, para iso teñen que destruí-las pantallas nas que sae unha imaxe que quere pasar polo seu pai e intenta atraelos.

**A SOMBRA CAZADORA** de Suso de Toro é un libro cheo de fantasía, onde o autor expresa o poder que teñen sobre a xente os medios de comunicación, que poden chegar a controla-la nosa opinión sobre determinados temas.

## SUSO DE TORO

Suso de Toro naceu no ano 1956 en Santiago de Compostela.

Licenciouse en Arte Moderna e en arte contemporánea.

Libros de narrativa:

- **CAIXÓN DESASTRE.** Premio Galicia 83.

- **POLAROID.** Premio da crítica galega 86.

- **TIC-TAC.** Premio da crítica española 84.

- **LAND ROVER.**

- **AMBULANCIA.**

- **A SOMBRA CAZADORA.**

Cristina Domínguez Cordero. 8º A.

### A Lectura

Misterio, aventuras,  
fantasía, loucuras,  
xogos, fermosuras,  
piratas e molladuras.

Tantas cousas que lendo  
e tamén aprendendo,  
sen xogar á Nintendo  
podes estar facendo.

¿Onde as atopas,  
bebendo copas  
ou comendo sopas?  
Dime outra cousa.

Nos libros e novelas  
lendo con velas  
aunque non poidas nin velas  
trata de lelas.

En vez de ve-la televisión,  
aumenta a túa visión;  
escolle: historia ou acción  
para a túa diversión.

Aprendes ortografía  
e pásalo día:  
lendo,  
aprendendo,  
e estaste divertindo,  
que é o principal,  
para non pasalo mal.

Katherine Elvira Bermejo

6º C



## FINA EN CASTELÁN E FINA EN GALEGO

O outro día estivemos con Fina Casalderrey, contounos como vivira os seus primeiros anos en Xeve, cos seus pais, onde a única lingua que falaban era o galego; o seu primeiro contacto co castelán foi ó chegar á escola, entón era a lingua que falaba a xente educada e con estudos.

A partir disto, dixo, ensináronlle o castelán como idioma de ben, ata chegar a avergoñarse cando viña a Pontevedra de compras ou ó médico cos seus pais, que falaban en galego. Ela trataba de desculpalos ou procuraba que eles non falasen. Apenáballe que fosen aldeáns.

Viviú Fina un longo paréntese no que o galego quedou relegado da súa vida ou deixado unicamente para relacións familiares. Foron os anos de estudio en Pontevedra, no instituto primeiro e na escola de maxisterio despois, serían os derradeiros anos da década dos sesenta, dos grande esforzos para que o seu acento galego non se notase. Convencérona de que o galego non era lingua culta e só a falaban aqueles que non tiñan educación. Ela tiña que ser máis "fina"...

Contounos que o seu primer traballo como mestra foi en Pontecesures, ó cumpri-los dezanove anos, no ano 1971. Tivo que irse soa cando aprobou a oposición, e alí entrou de novo en contacto co galego. Todo era novidoso fóra da súa casa. Ó remata-las clases no colexio, pola mañá, buscou un sitio para comer nun bar; comía soa nunha mesa arrimada á parede para tratar de pasar desapercibida ó resto dos clientes por non ser habitual que unha chica comese sen compañía fóra da casa.

Ó pouco tempo, seguindo en Pontecesures, entrou en contacto con Avelino Pousa Antelo, dende xove

afiliado ás Mocidades Galeguistas, que tomara parte activa na propaganda do Estatuto de Autonomía de 1936 e máis tarde chegou a presidente do Partido Galeguista, en 1979, presentándose ás eleccións.

Ó lado de D. Avelino e a súa familia deuse conta de que o galego non era unha linguaxe exclusiva da xente do campo, ignorante, senón que tiña o valor de calquera outra lingua e que podería ser utilizada con orgullo e sen ningún complexo ¡ podía sentirse orgullosa ¡.

D. Avelino era tamén mestre e daba conferencias, escribía na prensa e publicaba libros ; era una persoa respectada. Todo iso foi posible falando en galego. Fina deu un xiro á súa vida.


Dende entón non volveu abandonar esa lingua. É máis, como nunca a estudiara, tivo que aprender a escribila e incluso a practicala súa lectura. Segundo nos comentou, a algúns lles é fácil lelo e escribilo, pero córtanse á hora de falalo.

O galego é, de novo, a súa lingua habitual, agora que é tan famosa polos seus libros. En ocasións preguntanlle por que escribe en galego. Ela ten a resposta fácil, contesta que escribe en galego porque é galega. O mesmo que un francés o fai en francés, un alemán escribe en alemán e un portugués en portugués.

O último que nos dixo foi que fala galego, castelán, francés ... e animounos a que coñezamos ou aprendámo-las máis linguas posibles, argumentando que cada unha delas é unha fonte de cultura.

Nós estamos de acordo con Fina e opinamos que temos que falar galego porque somos galegos e non podemos discriminala nosa lingua.





A Fina Casalderrey

Esta é unha escritora  
de armas tomar,  
xoga e á vez escribe,  
ninguén a pode igualar!


Veu o outro día  
e asinoume o meu libro,  
segundo a dedicatoria  
gústalle como sorrío!

Escribiu un "misterio"  
o dos fillos de Lúa,  
todos nos divertimos  
coas súas travesuras.

Esta escritora  
é Fina Casalderrey,  
resultou moi simpática  
e o seu libro tamén!

Ti cólle-las palabras  
e dáslles sentido  
facendo con elas  
contos para meniños.  
Fasnos felices  
co que nos "dices",  
cóntanos historias  
con moitos matices.


Roque Lois Pérez-Lafuente  
5°C



Fany 5°C

A todos os nenos e nenas  
do C.P. de Campolongo, na  
intención de que dende hoxe  
sigamos unidos pola manía  
das palabras que compartimos  
e dicimos que vos furen a cara.  
Dina

Pontevedra 10.3.97



### RÉQUIEM A MOITAS VOCES

O eucaliptal de Campolongo  
quéreo tallar  
e as árbores da praza  
protestan sen cesar :

Trinta anos medrando  
para sombra dar,  
e nun só día  
quérennos matar.

Señor alcalde,  
o eucaliptal había que coidar,  
e se non o coidaches,  
as árbores inocentes  
non teñen por que as pagar.

Sabela Maceda (89B) María Fernández

### O bosque arde.

¡O bosque arde! ¡Correde, paxaros,  
collede os niños e botádelles auga!  
As árbores berraban: ¡Socorro! O  
lume estendíase cada vez máis. ¡Os  
bombeiros!

Foron os paxaros, que romperon as  
nubes, e empezaron a botarlle auga.  
O lume apagouse moi pronto, pero o  
peor foi que algunhas árbores morre-  
ron. ¡Bua, bua, bua! Morreron meus  
pais. ¡Bua, bua, bua! Choraba o  
pequeno piñeiro. Os homes estaban  
moi sorprendidos ó ve-lo que pasara  
e dixeron ¡Témonos que ir!  
¡Adeus, adeus! Volvede moi axiña.


Marta García de la Cruz. 3º A.

### "Protexe-la natureza"

Débese protexe-la natureza, pois ela dá nos  
aire para respirar e campo para xogar. Ta-  
mén nos dá flores para adorna-las nosa ca-  
sas e por todo isto debemos respectala. Se  
todos nos esforzaramos un pouco, poderíamos  
conseguir unha cidade verde.  
Invítote a plantar árbores, coidar ríos, e  
a facerte amigo dos animais do bosque, imos,  
polo tanto, coida-la natureza.  
Tamén podes axudar reciclando papel, plásti-  
co, pilas .....

¡¡ KA XABES; A NATUREZA E EU ESPERAMOSTE; NON NOS FALLES!!

Catalina Araujo alfonsín. 6º C.



Pontevedra é boa vila,  
 Vilaboa está que trina.  
 Dá de cheirar a quen pasa  
 e a paciencia rebasa.  
 Plan Sogama hai que tragar  
 cando o chimpan de Guixar.  
 A fonte na Ferrería,  
 a empacadora na casa.  
 Figueirido despertou,  
 Bértola non queda atrás.  
 As xentes de Pontevedra  
 dormen o sono da paz.

*Xan Pobo*

## Máis desventuras para Pontevedra. E van...

### Extracto de prensa

**Vilaboa.-** Municipio da provincia de Pontevedra con 6000 habitantes (1981) moi espallados na ribeira da ría de Vigo. Millo, legumes, vide e árbores froiteiras. Gando vacún, minas de feldespató e cobre. A proximidade a Coto Redondo, excelente mirador sobre as Rías Baixas e o lago de Castiñeiras danlle gran interese turístico.

**Empacadora.-** Máquina para empacotar herba; prénsaa en pacas e despois átaa. As empacadoras apareceron arredor do 1860. Utilízanse para empacar desperdicios de papel, trapos, peles, chatarra e outras mercancías, co que se facilita a súa almacenaxe e o transporte.


**Inicio.** A empacadora quería poñer en Guixar-Vigo, pero como os

veciños a rexeitaron, pensaron poñela en Vilaboa. Como era de esperar, os veciños de Bértola, Figueirido e Vilaboa tamén a rexeitan pero o alcalde desta última non está decidido a sacala tan rapidamente como en Vigo. **Reunións e acordos.** Nun pleno o alcalde de Vilaboa Enrique Fernández, do PP, en contra da oposición, espera ter máis información para dicir se a quere ou non, pero o titular de xustiza e presidente de Sogama, Xesús Palmou, dixo que o alcalde non mandaba en Vilaboa e que o pleno era soberano para dicir se se situaba ou non a planta no municipio.

Outros veciños de Figueirido e Vilaboa fan manifestacións en contra da empacadora, convócase un pleno extraordinario con carácter público, durante a sesión Enrique Fernández referiuse ás manifestacións realizadas polo conselleiro Xesús Palmou dando por seguro que a planta se situaría en Vilaboa, polo que o portavoz da coordinadora de afectados deixou claro que ninguén ía aceptar que a planta se puxese en Vilaboa, e que estaban dispostos a facer de todo.

Ademais o portavoz da coordinadora considera que Xesús Palmou ten a lingua moi solta e denunciou a chantaxe que este realizaba para situa-la planta en Vilaboa a cambio de desenvolve-lo polígono industrial e acomete-la traída de auga.

BNG, PSOE e PIE deixaban clara a súa postura, non á empacadora en Vilaboa. Os veciños dixerón que Xesús Palmou estaba a defende-los seus intereses como empresario, pero non entenden que o alcalde e o grupo do PP defendan os intereses de



Palmou como empresario, polo que chamaron a dito alcalde inepto, farsante e mentireiro.

Convocado un pleno extraordinario para trata-lo asunto, seguen producíndose mobilizacións nocturnas que deterioran a convivencia e alteran a paz social. O BNG, PIE e PSOE chaman ós veciños de Santa Cristina e San Adrián para informarlles sobre a planta de transferencia, pero en Vilaboa reiteran o non e poñen un vídeo no que se aprecia o funcionamento dunha planta. Os veciños din que ademais xera rúidos nocturnos, malos olores e poeira, tamén plantexaron na reunión moitas preguntas relacionadas coa instalación da planta e as posibles consecuencias para a pobaación.

Outro pleno urxente foi convocado e un voto de diferenza serviu para aproba-lo compromiso de facer un polígono industrial de forma inmediata, incluíndo nos terreos a planta de transferencia.

O 15 de abril, Palmou e o alcalde de Vilaboa mantiveron unha reunión, pero non serviu para que os veciños do municipio deixasen de protestar e así seguen tódolos mércores, venres e domingos achegándose ás casas dos membros do PP cantando e gritando contra a planta. Nesta reunión acordaron garantir ós veciños a ausencia de rúidos, olores e molestias. Se non fose así retirarían a empacadora.

A segunda reunión entre Sogama, representantes do Concello de Vilaboa e veciños na coordinadora de defensa de Bértola e Figueirido celebráronse o 29 de abril.

O alcalde propuxo as parroquias de Bértola e Figueirido unha visita gartuíta o 20 de abril á empacadora de Guixar para intentar facerlles cambiar de opinión. A invitación foi rexeitada e non asistiron.

#### **Manifestacións e protestas.**

Como o alcalde de Vilaboa non quería opoñerse á empacadora, houbo manifestacións e lanzaron bolsas de lixo contra a súa casa.

O alcalde de Vilaboa é partidario de incluír contraprestacións que Sogama daría a Vilaboa, pero os veciños céntranse no relativo á planta, con isto as reunións quedan suspendidas, consideran que o alcalde pretende utiliza-la coordinadora para lanzar mensaxes ó pobo.

Os veciños de Paredes solidarózanse con Bértola e Figueirido. Seguen as manifestacións e o alcalde vilaboés emprende medidas legais polos sucesos protagonizados polos veciños de Bértola e Figueirido. O BNG fai pública a súa posición a favor de reducir, reciclar e reutiliza-lo lixo, e din que a contradicción do PP leva a unha conflictividade cos veciños que sofren as consecuencias da política, xa que non dan solucións sensatas e progresistas ó tratamento dos residuos sólidos. O gobernador civil Alejandro Millán abre expedientes sancionadores a varios veciños de Vilaboa, que guindaron bolsas de lixo á casa do alcalde e que as multas poden chegar ata o millón de pesetas. Tamén detiveron a tres veciños, trasladados ó cuartel de Moaña e outros lanzaron obxectos contundentes contra o equipo de goberno da corporación municipal. O gobernador di que reforzará a presenza da Garda Civil en Vilaboa.



O portavoz da coordinadora denuncia que o alcalde de Vilaboa críspala o pobo cos seus enganosa, polo que pensan que non lle interesa o pobo, e que a empacadora non é boa nin para Pontevedra nin para Vilaboa. Animan ós pontevedreses a espertar, pois Vigo quere ter calquera industria, universidade e incluso a capital, e quérannos regalar agora todo o lixo que eles producen. Os veciños de Bértola e Figueirido manteñen reunións para formar unha asociación coas mesmas características e obxectivos e pensan manifestarse en Pontevedra chamando ós pontevedreses para que se unan á súa protesta. A manifestación saíu o 16 da praza da Ferrería e rematou no Goberno Civil, onde se leu un manifesto: "Non estamos dispostos a se-lo vertedoiro das Rías Baixas por culpa duns políticos que manteñen o proxecto Sogama". Asistiron unhas 7.000 persoas e dicían cousas como: "Empacadora non".

"Se isto non se amaña, caña, caña, caña; se isto non se arregla, guerra, guerra, guerra". "A empacadora e o PP a mesma merda é". "Se para Vigo non é boa tampouco para Vilaboa". "O pobo unido xamais será vencido". "Pontevedra, esperta, a merda está na porta". "Non nos mires, únete".

O 27 de abril centos de veciños de Vilaboa formaron unha cadea humana de dous km de lonxitude na nacional 550 (N-550) despois da reunión informativa celebrada no campo de fútbol de Figueirido. Outra manifestación, o 1 de Maio pola mañá, foi organizada pola coordinadora de defensa das parroquias de Bértola e Figueirido. Os vilaboeses aproveitaron a ocasión

da celebración dos maíos en Pontevedra para facer unha manifestación por toda Pontevedra con 2000 persoas. Os cidadáns desprazáronse a pé dende Vilaboa ata Pontevedra, percorreron Michelena, Fernández Villaverde e Xeneral Mola, ata o Goberno Civil. A segunda manifestación convocada pola Coordinadora Pro-Defensa celebrouse na capital o 30 de maio con 5000 persoas seguido a Policía Local e 7000 segundo os convocantes.

#### **Opinións dos veciños.**

Despois de todo isto, témo-la opinión dalgúns veciños: "A empacadora é a palabra de moda; os meus paisaniños deberían te-lo dereito de falar, e os políticos o deber de escoitalos e obrar en consecuencia. Antes de nace-los ecoloxistas, nas aldeas sempre se practicou a reciclaxe, pois tódolos envases adquiridos reutilízanse para os labores cotiáns; antes do papel reciclado, as pescantinas e os tendeiros envolvían os produtos mercados nun papel de xornal, que se volvía utilizar para acender lume na cocíña de ferro". "Ninguén quere ter un vertedoiro cerca, ademais da protesta lóxica veciñal, moitas veces entra o compoñente político, sucede agora mesmo coa planta que se quere situar en Vilaboa". "Síntome orgulloso de ser de Vilaboa, pero estou vendo como estamos sendo esquecidos e vendidos polos que terían que se-los primeiros en defendernos e loitar polos nosos intereses, se a empacadora non contamina nin cheira nin fai ruído, ¿por que non a quere Vigo?. ¿Por que ós afectados de Guixar se escoitan e ós de Vilaboa non? ¿É que

hai diferentes clases de cidadáns? Se xa gastaron centos de millóns de pesetas na empacadora de Guixar, ¿por que queren instalar en Vilaboa outra e gastar outros centos de millóns?" "Nós non debemos enfrontarnos, son os políticos os que teñen que traballar, ademais coas nosas firmas demostrámoslle que non queremos-la empacadora". "Pontevedra, esperta, Vilaboa defende tamén os teus intereses, quitánnos facultades, organismos administrativos, non se acordan de nós salvo para poñermos Tafisa, Celulosa, Elnosa e agora a empacadora, ¿queredes algo máis?. Anímanos que cada vez máis a xente se solidariza con nós contra o proxecto de Sogama, o alcalde quixo dividi-los veciños coas súas declaracións pero saíulle mal, ¿como pode dicir que o traslado da empacadora non obedece a motivos políticos se é unha promesa do PP feita nun programa electoral ós cidadáns vigueses.? Os políticos deberían axustar contas, e poñer un tratamento de reciclaxe para o lixo. ¡Non á reunión no campo de fútbol!: Iso opinaba o gobernador civil ante a proposta da coordinadora de afectados pola empacadora, para informar ós veciños sobre todo o referente á planta de tratamento de residuos sólidos. Pero iso non impediu que se celebrase, xa que acudiron uns cincocentos veciños de Vilaboa, Figueirido, Bértola e parroquias próximas.

Cidadáns de primeira e segunda clase; iso é a diferenza entre Vigo e Vilaboa. ¿Por que os cidadáns de Vigo teñen dereito ó "vexan, proben e se non se senten satisfeitos co produto, retirámoslle a empacadora"

e ós de Vilaboa quérénnola por á forza?. ¿"O referendo é unha burla á democracia"? Burla á democracia foi a dos concelleiros do PP de Vilaboa ó impoñer dictatorialmente a empacadora.

O alcalde tamén opinou: "Cando eu marco unha meta e estou convencido de que vou polo bo camiño, non cambio de opinión, ó igual có resto dos meus concelleiros". "A única forma de combater-la oposición veciñal é a información, e nesta liña quero seguir actuando".

"A instalación da empacadora ten unhas contraprestacións que ascenden a 3000 millóns de pesetas, pero unha vez que se teña o parque empresarial, e os proxectos previstos, a opinión dos veciños sera moi diferente".

**Últimas novas.** A coordinadora de afectados convocou para o 11 de maio un referendo para someter a votación a opinión popular sobre a instalación da empacadora. Dende as nove ata as dúas do mediodía os veciños puideron acercarse ata o colexio de preescolar de Figueirido. Ese mesmo día convocouse unha asemblea no campo de fútbol da citada parroquia para dar a coñecer-los resultados da votación:

O 99 % dos veciños de Bértola e Figueirido votaron NON á empacadora. Á votación acudiu o 83% dos veciños. Houbo 1065 votos, 1059 a favor 6 en contra.


A "novela" non remata aquí, pero nós temos que cerra-la edición. Próximos capítulos, na prensa diaria.

**Pablo Filgueira.**

**Gundar Beloso.**

**8º A.**





## F U N G O S   E   C O G O M E L O S

Polos alumnos de 6ºB (Equipo de C.do Medio).

É corrente que nalgunha das nosas saídas ó campo atopemos cogomelos, cerrotas, pan de sapo, etc. que nacen ou brotan durante ou despois das choivas, xa que para a súa formación necesitan un ha humidade relativa no ambiente bastante alta.

O cogomelo é o froito do fungo, mentres que se falamos de fungos referímonos ó individuo completo. Para mellor explicalo - poderíamos dicir que o cogomelo é a mazá, de igual xeito que o - fungo é a maceira.

Consecuentemente, o cogomelo é unha parte do fungo con forma de sombreiro ou casquete sostido por un pé; hai moitos comestibles e outros velenosos.

Ter un maior coñecemento e tamén curiosidade sobre os fungos e os cogomelos, é o que nos levou a elaboralo traballo que expoñemos de seguido.

### F U N G O S

#### PERTENZA.-


Os fungos teñen en común cos vegetais a súa forma de reprodución e a súa inmovilidade. Por outra banda, teñen algún parecido cos animais, xa que posúen certas substancias semellantes ás deles. Os fungos non son animais, pero tampouco plantas. Tendo en conta estas consideracións, inclúense nun grupo a parte chamada REINO FUNGI ou reino dos fungos.


#### BIOLOXÍA.-

No referente á súa estrutura e morfoloxía, podemos dicir que é moi variada. Especies de fungos dunha soa célula, unicelulares, e outros moitos formados por varias ou infinidade de células, pluricelulares. Nos fungos non existen tecidos verdadeiros, como ocorre nos animais e nas plantas. A diferenza dos animais, que se nutren por inxestión, e das plantas que o fan por fotosíntese, os fungos obteñen o seu alimento por absorción.

#### REPRODUCCIÓN.-

Nos cogomelos prodúcese as esporas, que son as células reproductoras, e cumpren o papel de espalleamento da especie.





Unha espóra xermola e forma unha célula inicial, que comeza a multiplicarse. Deste xeito créanse filamentos de células - cun núcleo e, máis adiante fórmanse unha malla ou rede de hifas - chamada micelio. En certas condicións, o micelio forma corpos fructíferos, os cogomelos, que son os órganos sexuais dos fungos. Dos cogomelos saíran as esporas, que formarán novos fungos. O fungo é, polo tanto, un ser subterráneo, unha malla ou rede (o micelio) máis ou menos densa de febras (as hifas), que dá o seu froito, que é o cogomelo.

## ECOLOXÍA.-

Os fungos adáptanse a calquera medio de vida: hainos acuáticos e tamén terrestres. Os fungos podemos atopar na area, no humus (terra vexetal), no esterco, madeira, papel, carbón, vidro, materiais plásticos, etc.

## IMPORTANCIA.-

Os fungos son indispensables para a vida no noso planeta. Difícilmente podemos imaxinarnos un só día da nosa existencia no que non haxa participado un fungo.

Acrecentan a fertilidade do solo. As veces - en determinados casos - ocasionan enfermidades e morte ó home, animais e plantas.

Deles recibimos moitos beneficios: penicilina, estreptomicina, tetraciclina e outros antibióticos, que tantísimas vidas salvaron e continuarán salvando. Na elaboración do pan, queixo, viños, cervexas, curado de xamóns e embutidos, interveñen activamente.

Tamén conteñen principios activos antidiabéticos, antitumorales ou anticancerixenos, reforzan as defensas do noso organismo, potenciando o noso sistema inmunitario, e quizais teñan algún composto eficaz contra a SIDA.


Estímase que poderá haber unhas 100.000 especies de fungos no noso planeta.

## C O G O M E L O S

### FASES NO NACEMENTO DUN COGOMELO.-

Cando as condicións climáticas son favorables, é dicir, humidade relativa superior ó 80 % e temperatura suave, entre 10 e 20 °C, o cal ocorre despois das choivas no outono e primavera, o micelio subterráneo prolifera rapidamente, como explicamos no seguinte cadro.






- |                      |   |
|----------------------|---|
| A) Esporas.          | E) Veo niversal.(V.u.)  |
| B) Hifas.            | F) Pé cilíndrico.(pc) e sombreiriño.(s).  |
| C) Micelio.          | G) Sombreiriño.(s) Estipe ou pé.(pc) e -<br>veo interno (vi).                                   |
| D) Primordio ou ovo. | H) Sombreiro.(s). Estipe ou pé.(pc). A-<br>nel ou minifalda.(a). Volva (v). e -<br>lâminas.(l). |

CARACTERÍSTICAS E PARTES MÁIS COMÚNS DUN COGOMELO.-

Superficie do pé:-



Reticulada

Escamuda

Fibrosa

Cebrada




## Algunhas formas do sombreiro.-



Embudado



Cónico



Convexo




Acampanado




Mamelonado

## Algunhas formas do borde do sombreiro.-




Agréxada



Ondulada




Acanalada ou  
estriada




Fisurada ou  
fendida


## Algunhas formas das láminas.



Anchas ou  
Amplas



Estreitas




Libres



Con colar


## Algunhas láminas.-



Bifurcadas



Apertadas



Separadas

## COMO COLLELOS.-

Para non dana-lo ecosistema e ó mesmo tempo evitar riscos innecesarios para a saúde, é importante segui-las normas que se indican a continuación:

. Levar un cesto de vimbios ou de corrizas de madeira con asa para transportalos, xamais en bolsas de plástico.

. Convén cortalos cunha navalla e nunca arrincar xunto co cogomelo o solo do arredor, porque podemos estraga-lo micelio -



debémolo sacar enteiro para observar se ten ou non volva para a súa identificación.

- Non é conveniente colle-los cogomelos moi pequenos, senón exemplares maduros ou ben desenvolvidos.

- Non se deben romper ou pisa-los cogomelos que non se coñezan ou que se consideren venenosos, xa que son importantes para o bosque e o equilibrio do ecosistema.

- Non se deben colle-los cogomelos con moita terra e menos colocalos cas láminas cara arriba porque a terra meterase nelles.

#### COMO COMELOS.-

- Non existen regras para saber se un cogomelo é comestible ou venenoso. A única maneira que ofrece total seguridade e certeza de saber se un cogomelo é ou non comestible é analiza las súas características botánicas.

- Non esquecer xamais que calquera cogomelo comestible ten unha o máis especies venenosas parecidas.

- Recomendase rexeitar calquera cogomelo que teña láminas brancas, anel e volva. Aínda que poidan ser comestibles, xa que estes cogomelos teñen as mesmas características botánicas que AMANITA PHALOIDES (moi venenoso) e poden ser confundida con el.

- Non se deben deixa-los cogomelos moito tempo no frigorífico, e moito menos á temperatura ambiente. Son produtos perecedoiros e deben consumirse axiña.

- Os cogomelos aínda sendo comestibles, poden provocar unha mala dixestión e mesmo vómito se se consomen moitos ou moi maduros.

- É necesario consumi-los cogomelos coas máximas garantías, e no caso de DÚBIDA, non comas xamais cogomelo ningún.

#### CURIOSIDADES.-

- Micología: Parte de botánica que estudia os fungos.



- No territorio galego coñécense ó redor de 1200 fungos.

- A península ibérica é unha das rexións con maior número de especies fúnxicas, debido á súa posición entre Europa e África, diversidade de flora, climatología variable segundo a comunidade autónoma, orografía...

- Os fungos poden chegar a vivir máis de mil anos.

- Algúns fungos son luminescentes, é dicir, emiten luz sen elevación da temperatura e son visibles na escuridade.

- O ser humano utiliza as propiedades dos fungos desde a Prehistoria, xa que usaban dúas especies de cogomelos, un como esca para face-lo lume e outro como menciña.



A DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Edificio de pedra, en dous corpos, coroado por un frontal co escudo provincial, foi rematado en 1889. Realizado polo arquitecto Domingo Sesmero, mestura diferentes estilos, destacando a fachada principal con dobre columnata e capiteis de estilo xónico. Así mesmo, destaca a entrada principal con 3 arcos de medio punto.

Santiago Luna Barreira.  
1º Secundaria. B.



# A CLONACIÓN

## CLONACIÓN ANIMAL

Clonación é unha palabra actual que está a soar en tódolos medios de comunicación. Aínda que xa se clonaran embrións en ovellas, o doutor Ian Wilmut, do instituto Roslin en Edimburgo, foi o primeiro que conseguiu clonar un mamífero, a famosa ovella Dolly, a partir dun mamífero adulto.


En agosto de 1996 naceron dous macacos procedentes de embrións clonados, pero con outra técnica.

A clonación consiste en crear un grupo de células iguais xeneticamente que outra procedente doutro organismo distinto, e así conseguir un animal igual ó da primeira célula.

A técnica, chamada *transferencia nuclear*, consiste en:

1. Extráese unha célula do animal que se quere clonar e cultívase no laboratorio durante uns cantos meses, onde se pode alterar xeneticamente para conseguir exemplares con distintas características.
2. Cóllese un óvulo non fertilizado doutro exemplar do animal. O núcleo deste, con toda a súa información xenética (o ADN), baléirase mediante a micromanipulación de cromosomas.
3. O núcleo da célula orixinal efusiónase ó óvulo do segundo animal cun impulso eléctrico, para que se desenvolva un embrión coas mesmas características xenéticas do primeiro animal.
4. O embrión transfírese a un terceiro animal, onde se vai desenvolver.
5. Nace un exemplar idéntico xeneticamente ó primeiro animal.

A técnica citada anteriormente está patentada polos laboratorios escoceses PLL que xa teñen ovellas transxénicas cunha proteína humana.



Ovella Dolly, primeiro mamífero clonado coa nova técnica.

## CONSECUENCIAS DA CLONACIÓN ANIMAL

- Pódense facer animais que doen órganos que non provoquen rexeitamento nos humanos.
- Nun futuro próximo crearanse animais transxénicos cunhas características determinadas no seu ADN y con doenzas específicas para comprobar como reaccionan ante determinados medicamentos.
- Mellorará a calidade do gando, xa que se poderán clonar as mellores cabezas do rabaño ou da camada.
- Biodiversidade: A natureza tende á diversificación e a clonación vai contra a súa lóxica. Se un pastor tivera un rabaño de ovellas clonadas e lle entrase un

virus ó rabaño, ó non existir a biodiversidade, entraría a todas por igual e sería unha catástrofe para o pastor.

A clonación podería usarse nun sentido maléfico. Por exemplo, poderíanse clonar dictadores ou modelos, e incluso sen o consentimento da persoa clonada, posto que soamente é preciso unha célula. Sobre isto reflexionábase no seguinte apartado.

## CLONACIÓN HUMANA

En 1993, Jerry Hall, da Universidade de George Washington (EE.UU.), demostrou que a clonación se pode realizar nos seres humanos, aínda que non conseguiu ningún embrión.

Segundo os científicos, a clonación nos humanos é posible, tamén explican que todo avance científico é positivo, sempre que se faga un bo uso del. A produción xenética está prohibida pero, ¿quen di que un científico tolo non experimente individualmente e consiga un clon humano?

Do mesmo modo que no orfelinato rumano infectaron de SIDA ós nenos para experimentar, como se fosen cobaias, pode suceder algo semellante con este descubrimento.

## REFLEXIÓN SOBRE A CLONACIÓN HUMANA

¿Canto tempo levan os científicos investigando no tema? ¿Canto non sabemos publicamente? ¿Cantos e que tipo de experimentos fallidos se relizaron? Estas e outras moitas preguntas case imposibles de contestar.

¿Cal é a postura da xente ante a posibilidade dunha clonación humana? Por suposto que calquera adestrador de calquera deporte entregaría a alma por unha estrela, como sería en baloncesto uns

cantos Michael Jordans no seu quinteto, ou para un adestrador de fútbol unha ducia de Ronaldos na súa alineación. Pero sabendo que o método crea bebés, e que estes teñen que pasar polo desenvolvemento propio dun humano, que é moito máis complexo có da ovelliña Dolly, ¿quen asegura que estes personaxes se vaian dedicar ó baloncesto ou ó fútbol? Poden dedicarse ó ballet, a recoller patacas ou incluso a protestar pola clonación en seres humanos. Un ser humano define a súa personalidade pola educación, ambiente, experiencias na vida, etc. Anque saíra unha persoa igual á outra fisicamente, non saíra igual psiquicamente. Así que a clonación non é como a pintan, non é unha fotocopiadora de xente, con Hitlers dirixindo masas, Ronaldos marcando goles, Jordans facendo mates, Estranguladores de Boston asasinando e despelaxando persoas.

Outro exemplo sería no caso dun matrimonio que perde un fillo ou filla, ¿non lle gustaría ter un clon como consolo? ¿Non lle gustaría a un matrimonio sen fillos conseguir un clon do fillo que envellexan?

¿Non haberá solteiros e solteiras que queiran unha Claudia Schiffer ou dun Brat Pitt? Soamente se precisaría un pelo destas persoas, e pode ser sen o seu consentimento. Aunque isto é difícil porque terían que medrar.

Tamén podería haber exércitos de *Terminators* ou *Rambos* practicamente indestructibles.

¿E se isto da clonación se desmadra e un clon é criminal e o outro non?, ¿como os recoñecerían os testigos?, ¿como se distinguirían as impresións dixitais?

Podería continua-la lista, pero é mellor non asustarse demasiado sen coñecer-los datos exactos.



Traballo realizado por:  
**TELMO CALLE FACAL, 8ºB**



## O ALCOHOL

### - "UNHA TENTACIÓN PERIGOSA"

#### ¿SABÍAS QUE...

- \*España é o primeiro país do mundo no cultivo de vide?
- \*Ocupa o 3º e o 4º lugar no mundo na produción de alcohol?
- \*O alcohol é a droga máis daniña de España da que dependen case 5.000.000 de persoas?

#### CIFRAS BORRACHAS

- \*O alcohol é a droga máis antiga e aceptada pola nosa sociedade.
- \*As persoas que máis inxiren alcohol somos nós, os xoves (sobretudo as fins de semana). O 90% inxerimos nalgunha ocasión alcohol e o 15% somos "bebedores excesivos".
- \*A maior parte das bebidas de uso común conteñen as seguintes proporcións de alcohol:

SIDRA.....2-8 GRAOS  
CERVEXA ("LITRONA").....4-9 GRAOS  
AUGARDENTE, COÑAC, LICORES, ....40-65 GRAOS

\*O 60% de mortes por cirrose teñen a súa orixe no alcohol.

\*Calcúlase que ó cabo do ano danse máis de 36.000 feridos en accidente de tráfico, motivados polo alcohol e máis de 150.000 accidentes laborais.

#### TRASTORNOS IMPORTANTES PRODUCIDOS POLO ALCOHOL

- \*O exceso de alcohol leva a fortes trastornos persoais, familiares e sociais.
- \*O consumo de alcohol en grandes doses pode supor:
  - Diminución do crecemento celular.
  - Trastornos no equilibrio.
  - Danos en órganos interiores como o estómago e o fígado principalmente.
  - Transtornos da circulación.

**AGORA, TI DECIDES, ESTÁ NAS TÚAS MANS COMBATE-LA  
INTRUSIÓN DESTA DROGA NAS NOSAS VIDAS.**



## Patinaxe

O patinaxe en Pontevedra está proliferando dunha forma abraiante, e cada vez hai máis xente que practica este deporte aínda minoritario en España.

Por iso, neste traballo, explicarémolas diferentes modalidades que hai de patinaxe, que son estas:

- 1.- Fitness
- 2.- Street
- 3.- Half
- 4.- Hockey


**1. Fitness:** Esta modalidade consiste na práctica do patinaxe para o mantemento muscular. Utilízanse patíns de velocidade, cuns rodamentos Abec-5, que son os máis rápidos.

En Pontevedra é a modalidade menos practicada.

**2. Street:** Esta modalidade é practicada por xoves, xeralmente polo risco que ten. A modalidade de Street consiste en realizar unha serie de acrobacias utilizando diferentes elementos, como:

- *Small*, rampa dun metro de altura como máximo que serve para saltar facendo acrobacias.

- *Fun Box*, a súa forma está indicada no debuxo. Serve para facer



outras acrobacias.

- *Varanda*, barra de metal duns catro metros colocada cuns soportes en

diagonal. Nela deslízase un de diferentes formas.

- *Pirámide*, igual que o Fun Box pero con dúas baixadas de saída, unha con baranda e outra sen ela.

Nestes aparellos realízanse as seguintes acrobacias:

No Small:

180°, consiste en dar un xiro no aire de 180°.

360°, consiste en dar un xiro no aire de 360°.

E así sucesivamente de 180° en 180°.

*Aéreo*, consiste en dar un salto agarrando un o dous patíns cunha man.

As acrobacias ata agora citadas pódense combinar.

*Buda*, consiste en dar un salto e no aire cruza-las pernas e agarra-los patíns coas mans.

*Air World*, consiste en dar un salto, xirar 90° e elevar un perna cara a diante e outra cara a atrás o máis posible, logo vólvese á posición inicial.

*Air Bad*, igual que o Air World pero tocando os patíns coas mans.

No Fun Box:

As mesmas que no Small e ademáis, estas:

*Mortal*, voltereta no aire.

*Mac Twist*, voltereta e xiro de 180° no aire.

*Corscrew*, voltereta e xiro de 360° no aire.

Na varanda:



*Rise*, deslízase pola varanda cos dous patíns colocados entre a segunda e a terceira roda.

*Sould Grind*, deslízase pola varanda co patín que vai diante entre a segunda e a terceira roda e o de atrás apoiado na parte exterior da bota.

*Ambi Sould*, igual que o Sould Grind pero o patín que ía diante vai detrás.

*Backslide*, vaise a toda velocidade, sóbese a baranda deslizando cun só pé entre a segunda e a terceira roda.

*Pirámide*, nela combínanse todos trucos ata agora citados.

**3. Half:** modalidade que consiste na práctica do patinaxe nunha pista en forma de "U" de 3 a 4 metros de lonxitude horizontal e de 2 a 3 metros de altura. Na súa parte superior de cada lado ten unha varanda acoplada a estrutura inicial de madeira ou cemento, chamada *coppi*. No Half fanse acrobacias xa citadas anteriormente na modalidade de Street, e por iso imos nomear soamente as específicas do Half.

*Pino Púa*, consiste en face-lo pino no *coppi*.

*Flip-Flap*, consiste en facer un morat apoiando as mans no Half.

*Dobre mortal*, consiste en dar 2 voleteretas no aire despois de pasa-lo

*coppi*, dando un salto. ( Este é extremadamente perigoso e só o fan os profesionais).

**4. Hockey**, para a práctica desta modalidade necesítase:

Stick, pelota ou pastilla e campo de xogo.

Esta modalidade é unha das máis practicadas na Pontevedra actual.


A nosa opinión.

En Pontevedra pola abundancia de patinadores (rollers), deberían facer instalacións para patinaxe, tanto hockey como Half ou Street.

Actualmente pola falta de instalacións a patinaxe practícase nas pistas de Campolongo, lugar onde se practica o fútbol e baloncesto, sendo perigoso tanto para patinadores como para xogadores de fútbol e de baloncesto.

En Pontevedra tamén se practica a patinaxe nun half que hai en Mollabao, pero está nunhas condicións pésimas (puntas que sobresaen da estrutura, pranchas de madeira que se moven, etc) que fan que o patinaxe en half sea moi perigoso.

Clara Pardilla  
María Montoto  
Manuel Gómez  
Francisco Lafuente  
Francisco J. Costa  
Juan Frade





## ¿ Es ti unha persoa informada ?

Neste mundo, as telecomunicacións, informática e os avances tecnolóxicos están desenvolvéndose a unha velocidade abraiante.

¿ Queres saber se es unha persoa informada no mundo actual ?

¡ COMPRÓBAO !

- 1.- ¿ Que é un ordenador ?
  - A.- Máquina electrónica que ordena e clasifica datos e fai operacións de cálculo.
  - B.- Persoa que ordeña as vacas.
  - C.- Aparello que serve para ordena-la túa habitación.
- 2.- ¿ Que é Internet ?
  - A.- O peso neto dunha cousa.
  - B.- Equipo da liga universitaria de baloncesto estadounidense.
  - C.- Rede informática de comunicacións entre ordenadores conectados entre si.
- 3.- ¿ Que é un megabyte ?
  - A.- Son 1.000 watios.
  - B.- Unidade de memoria que usan os ordenadores.
  - C.- Monumento prehistórico construído con enormes bloque de pedra sen labrar.
- 4.- ¿ Para que se utilizan as siglas http:// ?
  - A.- Código que enviaron unha vez uns extraterrestres á Terra.
  - B.- Siglas estandar que se utilizan para entrar nunha dirección de Internet.
  - C.- Siglas que se utilizan na compra-venda de aparellos electrónicos.
- 5.- ¿ Que é un modem ?
  - A.- Pantalón que levan os ciclistas.
  - B.- Aparello utilizado na construción.
  - C.- Aparello que, acoplado a un ordenador, conecta coa rede telefónica e así fai posible a conexión a Internet.
- 6.- ¿ Que é unha impresora ?
  - A.- Aparello que serve para tritura-los papeis.
  - B.- Máquina que serve para imprimir un documento.
  - C.- Máquina que serve para corrixir documentos.

### SOLUCIÓNS

1-A 3-B 5-C

2-C 4-B 6-B

Se acertaches tódalas respostas, es unha persoa actual.

Se acertaches 5 ou 4 respostas, es unha persoa normal.

Se acertaches 3 ou 2, estás un pouco atrasado.

Se acertaches unha resposta, es un persoa rara, moi rara..

*Francisco Lafuente*

*Juan Frade*

*Manuel Gómez*



# RÍO LÉREZ



## HISTORIA:

Antigamente en Pontevedra había un dos portos máis importantes de Galicia que ía desde a ponte da Barca ata as recentes instalacións de Obras do Porto. Tamén chegaban arroases ata a ponte do Burgo. Na dársena onde está hoxe Obras Públicas xogábase ó waterpolo. Hai moitos anos vivía na desembocadura do río Gafos un pirata chamado Benito Soto.

O río Lérez nace no Monte San Benito (Serra de Candán) e desemboca en Pontevedra, formando a ría do mesmo nome.

A cunca do río Lérez, pertence á vertente Atlántica.

O seu réxime regular, coma os ríos da España húmida, é pluvial.

O mes de maior caudal é decembro.

O mes de menor caudal é agosto.

Pasa polas poboacións de: Acibeiro, Dúas Eirexas, Forcarei, Cerdedo, Bora, Lérez e Pontevedra.

Os pontes que o atravesan son: Ponte de Pedre, Ponte de Vichocufín, Ponte de Bora, Ponte do Tren, Ponte dos tirantes, Ponte de Santiago, Ponte do Burgo, Ponte da Barca e Ponte da Autopista.

Aprovéitase para: a pesca, a agricultura e para enerxía hidroeléctrica.

Axentes contaminantes: Cinza dos incendios, vertidos dos pobos próximos ó río, insecticidas, deterxentes...

Na súa desembocadura vese moi contaminado polas fábricas Tafisa, Elnosa e Celulosas. Ademais dos desaugues de sumidoiros, que seguen vertendo en moitos puntos, a pesar do saneamento integral prometido, cando a ría ía arrecender a rosas.

Xabier Parrado. Xacobe Buceta.

## **CLUB XOVES POLA SAUDE**

Imos falar da Asociación Española Contra o Cancro, os seus obxectivos son :

- Promover un medio para ofrecer información e formación ós xoves acerca dos malos hábitos, dando a coñece-los axentes nocivos para a saúde e fomentando os bos.
- Promover actividades deportivas, culturais, formativas, de ocio e tempo libre, que contribúan a crear un ambiente san.

### ACTIVIDADES :

Obradoiros : Guitarra, debuxo, pintura, artes plásticas, prensa. Deportes : Fútbol (feminino e masculino), voleibol, aire libre, tenis de mesa, hípica.

Actividades comúns : Acampadas, excursións, visitas de interese cultural, carroza de navidade, festa de entroido, saídas á natureza, certames de debuxo e pintura.

Se queres participar nestas actividades e tes entre 8 e 18 anos de idade, pide información en :

ASOCIACIÓN ESPAÑOLA  
CONTRA EL CANCER  
Augusto Glez.Besada, 9- entrechán  
Telf :986)865220-fax:852597  
C.P.36001 Pontevedra

Sandra González.  
Bárbara Pereira

## AS DROGAS

Son unhas substancias, que alivian a dor e tamén dan sensación de paz, excitación e euforia.

*-Problemas físicos por mor das drogas:*  
O seu uso presenta dous inconvenientes: en primeiro lugar, algunhas drogas son perigosas polos seus efectos secundarios, pois poden incluso produci-la morte ás persoas sensibles. En segundo lugar, tomadas sen precaucións, soen producir un forte hábito que leva a consumir cada vez maiores cantidades, co que o drogadicto dexenera física e mentalmente.

*-A desintoxicación:* A desintoxicación é longa e difícil, pois o desexo de tomar droga é tan intenso, que moitas veces leva ó suicidio, se non se pode dispoñer dela. O problema da habituación ás drogas é gravísimo. Dificultan desengancharse o tráfico de substancias nocivas e o difícil que resulta combatalo. ¿Por que? Polos grandes beneficios económicos que proporciona a traficantes e encubridores.

*-Asociacións:* Agora hai moitas asociacións para axuda a drogadictos e en contra da droga, "Centro Reto", "Érguete" ou "Proxecto Home", que intentan, como moita xente, que remate o problema das drogas.

*-Enfermidades; Sida:* A sida pódese producir polo cambio de xiringas, que se utilizan para inxectar droga, e que están infectadas.

*-Accións Políticas:* Hai múltiples leis que castigan o tráfico de drogas. Tamén hai fundacións contra o consumo de drogas como F.A.C.D. (Fundacións de Axuda Contra a Drogadición).

Para rematar xa, dicirche algo: sempre que che ofrezan droga, sé valente e dí: **¡ NON !**

Blanca Luaces Méndez 1º E.S.O.B



### Drogas de deseño

As drogas de deseño ou de síntese son aquelas substancias ilegais fabricadas por métodos químicos ou obtidas a partir de precursores, que poden ser menciñas.

Baixo a denominación de drogas de deseño inclúese unha serie de produtos, na súa maior parte en forma de pímulas que, en xeral, son variantes das anfetaminas.

As tres drogas de deseño máis coñecidas son o éxtase, éxtase vexetal e a special K. Case todo o éxtase que se consome en España e Europa ofrécese en forma de comprimidos con cores chamativas, do que o tamaño peso e concentración pode ser diferente.

O chamado éxtase vexetal, ten forma de pímula circular dunha cor azul e cun "e" gravado nunha cara e unha bolboreta na outra. Pode ocasionar perda de memoria, psicose e danos no sistema nervioso, podendo provocar morte por embolia.

A special K pódese esnifar ou inxectar, e mesturado con cocaína pode resultar altamente perigosa, tanto que pode producir ataques cardíacos ou incluso a morte.

Alberto Rodríguez 1º E.S.O. C

David Durán 1º E.S.O. C



## ESPERANZA RAZOABLE

Dúas linguas fálanse en Galicia dende hai moito tempo. Segundo moita xente, a lingua galega está en crise pero a verdade é que témo-la mellor porcentaxe de España.

### Falan a lingua da comunidade cos que viven na casa:

Galicia:	59%	Baleares:	51%
Cataluña:	43%	Valencia:	39%
Navarra:	33%	País Vasco:	31%

### Falan a lingua da comunidade cos amigos:

Galicia:	54%	Baleares:	43%
Valencia:	36%	Cataluña:	35%
País Vasco:	26%	Navarra:	31%

### Falan a lingua da comunidade ó contestar ó teléfono:

Galicia:	49%	Cataluña:	46%
Baleares:	46%	País Vasco:	29%
Navarra:	24%	Valencia:	22%

### Lingua que falan normalmente en Galicia:

Galego: 35%    Castelán: 30%    Ambos: 30%

### Nivel de coñecemento da lingua galega:

Entenden, falan, escriben e lén	25%
Entenden, falan e lén	30%
Entenden e falan	45%
Non entenden	5%
NS/NC	5%

### Nivel de coñecemento do castelán:

Entenden, falan e escriben	71%
Entenden e falan	28%
Non entenden	1%

### ¿Esixir galego ós funcionarios?

Si	77%
Non	14%
NS/NC	9%

### ¿Esixir galego ós Servicios Públicos?

Si	82%
Non	11%
NS/NC	7%

### Lingua preferida nos Sevicios Públicos:

Galego	37%
Indiferente	37%
Castelán	26%

### Lingua preferida na ensinanza:

Castelán, galego obrigatorio	34%
Castelán, galego voluntario	21%
Galego, castelán obrigatorio	27%
Galego, castelán voluntario	8%
NS/NC	10%






## O 50 ANIVERSARIO DA FENDER STRATOCASTER

Xa pasan 50 anos dende que Leo Fender creou a mítica guitarra Fender Stratocaster, aínda que xa había outras da mesma casa coma a Fender Telecaster ou a Broadcaster.

Esta guitarra din que a puxo de moda Jimi Hendrix, pero en realidade Hank Marvin do grupo Shadows. Jimi Hendrix facía unha publicidade moi curiosa destas guitarras, porque as partía pola metade e queimabaas; pero a empresa Fender pagáballe un diñeiral. Esta guitarras, xunto cos amplificadores Marshall forman o equipo perfecto dun guitarrista. A empresa dos amplificadores Marshall era de James Marshall Hendrix.

Esta guitarra foi revolucionaria porque tiña tres micrófonos de amplificación e un novo sistema de palanca vibrato.

No ano 1996 esta guitarra cumpría 50 anos e fíxoselle unha gran homenaxe onde soamente se tocou esa guitarra; participaron The Cure, The Rolling Stones, etc. Tamén se subastaron guitarras utilizadas por Jimi Hendrix; os prezos acadaron os dous millóns de pesetas.



DAVID NODAR SOLLA  
1ºB

## **EDUARDO PONDAL ABENTE**



Seguramente tódolos que leran o título desta biografía preguntarán: ¿Quen será ese señor? Posto que o seu nome non é tan coñecido coma o de Rosalía de Castro. Eu vou responder a esta pregunta, foi quen compuso o poema *Queixumes dos Pinos*, máis coñecido polo himno galego.

Naceu en Ponteceso, un municipio situado á beira do río Anllóns, a súa casa estaba situada entre o río e o mar. Viu o mundo un 8 de febreiro de 1835, fillo de Xoán González Pondal Frois e Ánxela Abente Chans. Cando era neno, Pondal ía a Nemiña, cerca do seu pobo a estudar latín con outros compañeiros. Con 12 anos, foi examinarse de bacharelato a Santiago. Fixo os seus estudos de Medicina en Compostela, alí foi onde comezou a desenvolver con máis intensidade o seu verbo poético.


No ano 1861 terminou a carreira de médico, foi nesa época cando o seu inspirado poema *A Campana de Anllóns* aparece publicado no Álbum de la Caridad. Ingresou no Corpo de Sanidade Militar, pero pediu o retiro e dedicouse plenamente a súa actividade poética, a que o levou a ser unha figura de prestixio na poesía galega e alcanza-la fama lonxe das fronteiras da súa terra.

A súa poesía está sempre en busca das reivindicacións da súa terra celta e da súa patria sometida. Pondal cantáballe ó mar, ós carballos e ós piñeiros, dígao senón o seu poema *Os Pinos*.

A obra de Eduardo Pondal é dunha gran altura poética: o seu *Rumores dos Pinos*, Santiago-1877. *Queixumes dos Pinos*, A Coruña-1885. *A Campana de Anllóns*, Coma Lusiadas de Camoens e *Dos Servos e Procelarias*, marcan as esenciais da lírica galega.

Eduardo Pondal morreu na súa vila natal o 8 de marzo de 1917 ós 82 anos de idade.

-SANDRA GONZÁLEZ CHAPELA  
1º E.S.O. B



¿Cal é Pondal?  
¿Como se chaman os outros  
escritores?



### O home pisa a lúa

Na lúa existe unha gran superficie cha. denomíase Mar daTranquilidade. Nun punto preciso desta rexión desolada sen aire, sen auga, atópase unha placa metálica, na que se poden ler estas verbas:

"Aquí puxeron o pé, por primeira vez, homes procedentes do planeta Terra. Xullo 1969.A.D. vimos en son de paz para toda a humanidade."

Neil Amstrong, Edwin E.Aldrin, Michael Collins.

Por primeira vez en toda a historia, tres homes chegaron á lúa, aínda que soamente dous deles pisaron o seu solo.

A portentosa fazaña foi seguida por millóns de espectadores que puideron contemplala polas cámaras de televisión.

¿Como se levou a cabo? Pois un potente foguete, Saturno V, elevou polos aires o Apolo XI.

No cumio do xigantesco artefacto, que medía máis de cen metros de altura, atopábase o "módulo de mando", no interior do cal, tres astronautas norteamericanos realizaban unha fantástica viaxe:

Neil Amstrong, Edwin E. Aldrin, e Michael Collins.

O foguete levaba tamén o chamado "módulo de servicio", onde se atopaban os motores, o combustible, etc..., e o "módulo lunar", aparello deseñado especialmente para pousarse sobre a lúa.

A distancia entre a Terra e a lúa é duns 385.000 kms, sen embargo, o Apolo XI percorreu na súa viaxe de ida e volta 1.714.870 km para o cal, empregou 195 horas 18 minutos e 35 segundos.

Mª Carmen Justo Casás  
Leticia Filgueira Iglesias  
Ana Novoa Rodríguez 6º C

### O Cometa Hale-Bopp

O cometa Hale-Bopp é o maior espectáculo celeste.

É o máis brillante dos derradeiros 20 anos, e puidémolo observar a simple vista, aínda que non teñas coñecementos de Astronomía para recoñecelo no ceo, xa que distínguense dúas colas:

Unha azulada, composta de gas, e outra tirando a vermello formada basicamente de po.

Os días de mellor visibilidade foron o 22 de marzo e o 12 de abril, aínda que se pode ver ata finais de agosto. Nesta etapa na que se atopaba máis preto da Terra, o Hale-Bopp, do tamaño de Principado de Andorra, viaxaba a uns 42 km por segundo.

Mª Carmen Justo Casás  
Leticia Filgueira Iglesias  
Ana Novoa Rodríguez 6º C


### UN GATO CON MOITO TERROR

As historias do meu gato son demasiado absurdas. Unha vez, eu estaba facendo os deberes na miña habitación, cando oín un chisquirrido, pensei: "¿Que é iso?, teño medo." Asusteime moito, e incluso o corazón latíame moitísimo, ademais soa na casa.

O meu medo medraba, estaba inmóbil e o ruído achegábase. Pero cando mirei para atrás xamais víra tal monstro. Era o gato, que estaba arrincando os meus queridísimos carteis de Brad Pitt e compañía! Para rematar teño que dicir que o gato se chama Djukic como un do Depor e que pesa 7 quilos. Case nada.

Fátima Peón Torres 6º C





## OS AVÓS

Son os que máis pronto se van,  
e os que queres  
que máis tempo se queden.

Capaces de sacar dun pozo escuro  
ouro puro,  
ante a necesidade.

Sempre están alí,  
onde os necesitan.

Anque todo che saia mal,  
para eles  
é máis que xenial;  
e se che sae ben  
fante parecer,  
non sei,  
sentirte especial.

Con eles todo o facemos ben  
ou así nolo fan crer.

Fálase deles como os máis vellos,  
pero eu non o creo.  
Para min son os máis modernos.

Se os nosos pais nos negan algo,  
os avós non están de acordo,  
levántanno-los castigos  
e advírtennos dos perigos.

Se non estivesen,  
todo cambiaría  
e moito máis, a miña forma de ve-la vida.

## Lenda Popular

- Nunha praia chamada á praia de Arra, hoxe cofecida por Montalvo, un barco que transportaba diñeiro chocou contra os penedos.

Os marifeiros nadaran ata a praia para salvarse. Os homes de Arra, unha aldea próxima, estaban alí traballando coas gadañas e así como ían chegando os homes dábanlles coa gadaña na cabeza e íanos matando. Foron 13 en total. O único que salvou a vida foi o capitán, que sobornou ós homes para que o deixasen ir.

O ouro que levaba o barco quedou para os homes e para o capitán. Estes homes meteron o diñeiro en buratos por toda a praia. Pero foron levados ó cárcere e o seu castigo foi poñerlles cepos nos pés para que non os puidesen mover.

- Aínda que disto hai moito tempo, parte deses cartos nunca se encontraron. Así que xa sabedes: se estas vacacións ides á praia de Montalvo, levade unha pá.

Mº Jesús Vázquez 8º C.



## A SPICEMANÍA

As Spice Girls son cinco mozas británicas que arrasaron en todo o mundo.

Elas son: Victoria, a elegante; Mel C, a deportista; Enma, a coqueta; Mel B, a salvaxe, e Geri, a explosiva.

Tódalas rapazas queren parecerse a elas, e cada unha ten a súa Spice... ¡Parecen bonecas! Agora imos criticalas un chisquiño:

**Victoria:** É a máis pixa de todas, e o día que bote un sorriso nunha foto, botamos foguetes.

**Enma:** Sempre está a sorrir, pero se botades unha ollada, poderedes comproba-los seus flotadores. Tamén cabe nomea-la súa lingua, que sempre ensina nas fotos.

**Mel C:** É unha "macholo" e é a que menos "peitorialidade" ten. O seu pendente no nariz, e a súa tatuaxe, fan que parezca máis "heavy", que Manolo Cabezabolo.

**Mel B:** Ten uns pelos que de pequena debeu mete-los dedos nun enchufe. Os seus pantalóns estilo Beatles, os seus tops estilo "Rei León", e o "piercing" que leva na lingua, fan que sexa a máis radical de todas.

**Geri:** ¡Uf!, ¿Que poderíamos dicir de Geri? Primeiro cabe nomear dúas grandes cousas: unha á dereita, e outra á esquerda do esternón. ¿Xa sabedes que é? Polo que as ensina deberíadelo saber moi ben. Os seus traxes son tan provocativos que engaiolan a calquera, ademais usa unhas plataformas de vértigo.

En resumo, son moi diferentes entre elas e un pouco rariñas, pero seguen sendo as nosas ídolos e as de moitas rapazas.

1º E.S.O. B

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

ARA  
MIGUEZ  
RODRIGUEZ

## Vacacións "Semana Santa"

Estas vacacións paseinas, coma sempre, na casa da miña avoa. Este ano foi bastante aburrido, o gato da miña avoa despertábame cada mañá ás nove e media e ademais, viñeron os pesados dos meus curmáns. O demais foi coma sempre, o mesmo cura, as mesmas procesións, o mesmo pobo, a mesma avoa...

Non fun á praia, porque inda que fixera calor, non había praia, non fun ó campo, inda que si había campo, miña avoa non tiña ganas, e como facía tanto calor case non saía da casa, e cando saía cruzábaseme unha procesión ou un enterro ou unha amiga da miña avoa que me dicía o alto que estaba e non paraba de darne bicos. Pero ó final a señora esa non soltaba nin un duro.

Cando empezabámonos a divertir era o domingo de Pascua e volvemos a Pontevedra.

Alberto Rodríguez 1º E.S.O. C

David Durán 1º E.S.O. C



Pedro  
5 años



## Así somos.

Moita xente, como sabedes, pensa que falar galego é cousa de persoas de “baixo nivel”. Isto pódese ver tódolos días, na rúa, nos medios de comunicación, etc... aínda que non sexa tan esaxerado coma o que ides ler nesta pequena obra.

A protagonista é unha muller que, a diario, na súa casa cos seu amigos e familiares fala galego; en cambio, o día que vai ó colexio do seu fillo, quizais por vergoña ou quizais por ignorancia pensa que debe falar castelán para non diminuí-la honra e prestixio da súa familia conseguindo, como veredes, un resultado fatal.

### LUCINDA A INTELEC-TUAL

Lucinda é unha muller duns corenta anos que vive nunha aldea preto de O Carballiño xunto coa súa familia.

O seu fillo, Jonathan Carlos, nome froito da afección da súa nai polas telenovelas, ten que desprazarse tódolos días uns 30 km para ir formarse intelctualmente ó colexio “Nuestra Sra. de las Apariciones Carolingias”.

O pasado luns chegou unha inesperada carta ás mans da nosa amiga, Lucinda; era un comunicado de excmo. (nomeamento dado pola protagonista a calquera funcionario ou traballador público) director D. Eduardo M. Mollado, informándolle das falcatuadas do seu fillo. Lucinda, exaltada despois de ler isto, percorreu os 30 km nuns 20 minutos, nos que tivo varios altercados coa Garda Civil. Unha vez no colexio sucedeu o que ides ver, ou mellor dito, ler:

- Lucinda: Bos días, ¿o director ?

- Secretaria: Un momentito, está reunido. (Uns segundos máis tarde...)

- Lucinda: Gracias, moza.

Xa dentro...

- D. Eduardo: Buenos días, ¿qué desea ?

- Lucinda: Soy la nai del suyo alumno, Jonathan Carlos. Estoy un poquiño preocupada por la carta que me llejou.

D. Eduardo incrédulo...

- D. Eduardo: Pues sí, mire, su hijo ha causado varios desperfectos últimamente, y el centro no se hace responsable...



- Lucinda: ¡si, si, si,! ¿E non poderíamos hacer nada para olvidar las súas falcatruadas? ¡É solo un rapaciño indefenso e con moita imaxinación!
- D. Eduardo: ¿Está intentando sobornarme?
- Lucinda: ¡Home, pois no! pero unha follifias de bacallado e unhas botechiñas de aceche non lle vienen mal a ningún.
- D. Eduardo: Dejemos lo de su hijo para más tarde y pasemos a lo suyo.
- Lucinda: ¿A lo miño? ¿A qué se refiere?
- D. Eduardo: Pues está bien claro que ud. necesita unos cuantos cursos intensivos de: Iniciación a la lengua, pronunciación, integración a la cultura general, normativización básica y algunos más. La espero el lunes. En cuanto a lo de su hijo ya veremos lo que pasa.
- Lucinda: ¿Me estame llamando palurda? Bueno, le faré caso.  
 Despídense e ó saír do despacho Lucinda preguntalle á secretaria:
- ¿A que hora son los cursos de generalización a iniciar a pronunciativa normativizada da lingua básica integrista e algúns máis? Por cierto, mocita, ¿sabe se al director lle gusta o bacallado?

Sara M<sup>a</sup> de Castro Blasco 8<sup>o</sup>A  
 Diana Esperón Rodríguez 8<sup>o</sup>A

### Se eu fose ...

Se eu fose paxaro percorrería o mundo enteiro deténdome nos pequenos bosques a saborea-las froitas máis maduras e sabrosas das copas das árbores.

Se eu fose paxaro sobrevoaría as grandes cidades, vería fermosos monumentos, antigas catedrais e casas brancas con xardíns cheos de flores.

Se eu fose paxaro visitaría lugares descoñecidos, sitios a onde o home nunca chegou. Un lugar solitario para cantar en compañía de árbores e flores.

Se eu fose paxaro emigraría en bandada cara a zonas cálidas do Sur cando o frío chegase.



Se eu fose paxaro poñería o meu nifío na árbore máis solitaria, bebería a auga máis limpa e fresca e vería crecer pequenas flores desde o alto.

Se eu fose paxaro faría figuras acrobáticas no aire e, como as gaivotas, deixaríame caer sobre o mar a ver de cerca os peixes.

Leticia Fernández Carballo 6<sup>o</sup>A



## ASASINATO NA RÚA CASTELAO

-Pero, ¿que hora era exactamente?

-Xa lle dixen que non o sei, sería a unha ou as dúas da madrugada; eu estaba na miña casa, durmindo tranquilamente, cando me espertaron uns ruidos moi fortes seguidos dun berro prolongado. Entón levanteime da cama e abrín a ventá da cociña, que é a única que ten vistas á rúa, pero soamente vin como un home entraba nun coche de cor escura, que inmediatamente despois se poñía en marcha dirixíndose á praza dos Carballos.

-¿E que pasou despois?

-Despois dirixinme ó corredor coa intención de voltar á cama, pero non o fixen porque pola vidreira da terraza puiden observar unha persoa, que cruzaba apresuradamente o corredor da casa do señor Antón cun coitelo na man.

-¿Quen cre que podería ser esa persoa?

-Non o sei de certo; pero penso que se podería tratar de Ramón do Castro, o propietario da casa situada fronte á miña; ou quizais fose Fulxencio, o señor que coida as árbores do señor Antón.

-E, dígame, señor Ruibal, ¿Por que pensa que poderían ser estas persoas as asasinas?

-Pois porque o criminal levaba posta unha gabardina e, tanto Ramón coma Fulxencio soen vestir gabardina; ademais son as únicas persoas, sen contar a Antón, que teñen as chaves da casa.

-Moi ben, moitas gracias; pódese sentar - dixo o xuíz, que seguidamente ordenaría pasar ó estrado ó señor Antón.

-Ben, señor Antón, pode comezar coa súa declaración.

-Si, o primeiro que teño que dicir é que a persoa que Paco Ruibal viu na miña casa era eu. Nese momento, toda a xente que estaba no xulgado empezou a alporizarse e, moi abraiado, o xuíz mirou a Antón e preguntoulle:

-¿Quere dicir que é vostede o asasino?

-¡Non!, por Deus! ¿Como ía matar á miña muller?!

- de súpeto, un estrano pitido soou no xulgado interrompendo a declaración de Antón-

-¿Que é ese ruído? - dixo o xuíz -

Ó señor Antón, cun rostro que parecía expresar unha certa vergoña, dixo:

-É o meu móbil. ¿Podo contestar?

-¡Adiante!, ¡Fágao!; ¡Non se corte, soamente está vostede interrompendo a investigación do crime da súa muller! - dixo o xuíz intentando oculta-la



histeria que había dentro del. E o señor Antón sacou o seu teléfono do peto e segundos máis tarde dixo:

-É o meu coche, roubáronmo; e o peor de todo é que o ladrón tivo un accidente.

-¿Quen era o ladrón? - preguntou o xuíz -

-O meu xardiñeiro, Fulxencio.

-¡Fulxencio! ; ¡Claro! ¡Agora podo explica-lo todo! - dixo o xuíz- Fulxencio tiña a necesidade dun coche, entón quixo rouba-lo seu; para iso entrou na súa casa e alí encontrouse coa súa muller; para que esta non o descubriera, Fulxencio colleu un coitelo e matouna, iso foi o que viu Paco Ruibal pola súa terraza; seguidamente, o criminal colleu as chaves do seu coche e marchouse da rúa Castela dirixíndose á praza dos Carballos e, mais tarde enlazar coa autoestrada. Pero, de todas formas, o asasino non pode ir ó cárcere porque agora tivo un accidente e está morto. Síntoo moito, señor Antón.

-E eu tamén - dixo Antón- , a quen lle caían as bágoas.

Dous meses máis tarde... :

-Sabía que non me fan descubrir, Fulxencio, pero estiven a punto de de delatarme.

-Que listo es, Antón. Por certo, ¿seguen pensando que a vítima dese accidente era eu?

FERNANDO GÓMEZ BECEIRO 8<sup>º</sup> - C

## AS TRES MACHADAS

Cruzaba un leñador pola parte dun río cando a machada lle caeu á auga. O pobre púxose a chorar. Entón dende o río saíu saíu o garda dos leñadores e díxolle revoando ó redor:

-Deixa xa de chorar e non sexas cobardica, entrarei na auga e sacarei unha machada nova. A fada, polo visto, moi xenerosa, meteuse na auga e pouco despois volveu o auga cunha machada de ouro. -¡Nin falar! Eu, o que quero é a miña machada. A fada volveu a meterse no auga e saíu cunha machada pero esta vez era de prata. -¡Diso nada!. Díxolle agora o leñador.

¡Eu quero a miña machada! A fada, sen decirlle nada volveu a meterse na auga. E esta vez saíu da auga coa súa machada.


-¡A ver se quedas contento esta vez! ¿Estás ou non?

-¡Oh si!, exclamou o leñador. -¡Que boa es! -Bo, por seres un bo leñador honrado vouche regala-las outras machadas, de ouro e de prata. Aínda non sei se as mereces porque estiven a piques de coler un resfriado.

DANIEL BUCETA SERRANO  
BENI CHARLÍN RODRIGUEZ

6º C

OS ALUMNOS DE 6ºA VISTOS POR JORGE CASAL



IVAN ACENAR



PAOLA



IRIA



Oscar



ANA BELEN



ALEXANDRE



BARBARA



JORGE



LETICIA

mi doblote y mi mujor y ga



PEDRO



MIGUEL ANGEL



ADRIAN CEJA



Xemeles



JACOBO



MIGUEL FERENZA



MAITE



MARIA



RUBEN

NOJ HAN SONDADO LA NOTAE DAME



BARUEL



ADRIAN GARCIA

Uho saba



PATRICIA



IAGO

SONGOKU



RUIZ



XAVIER



CRISTINA



JOSÉ LUIS



CRISTINA G.



EL TELLO



HISTORIA DE TERROR escrita por: Pablo Díaz Velasco..... 6°C

### PÁNICO NO BOSQUE

A finais do século XX ( ano 1999), había unha vila preto da costa pontevedresa de O Grove chamada Loñoá. Un día nesta pequena vila Miguel, un rapaz de once anos, ía paseando polo bosque cos seus amigos Diego, Luís, Juan, Sergio e Manuel. Cando xa se estaba facendo noite, escoitaron unhas pisadas moi fortes que soaban tras deles. Pararon e quedaron escoitando. Os pasos soaban cada vez máis preto; os rapaces saíron correndo e ó chegar á vila decatáronse de que faltaba Manuel. Volveron ó bosque e empezaron a buscalo, pero non apareceu, nin él nin as pisadas de antes. Foron ás súas casas e contárono ós seus pais.

O día seguinte moitos habitantes da vila empezaron a buscar pero non atoparon nada. Outro día os rapaces foron investigar ó mesmo lugar e tampouco sucedeu nada anormal.

Pero, tres días máis tarde volveron. Ese día Sergio e Juan quedáronse rezagados e unha besta sobrenatural abalanzouse sobre eles. Era como un lobishome, pero máis terrorífico. Miguel e os demais correron cara á vila ó escoitar dous terroríficos alaridos pero ó darse conta de que faltaban Juan e Sergio deron volta para ver que sucedera con eles. E de novo nada, non atoparon nada.

Os rapaces chegaron á vila berrando que algo despedazara a Juan e Sergio. Nese intre, abriuse unha fiestra e unha anciá saiu por ela e dixo: - ¡ XABRE!, ¡VOLVEU XABRE!.- Os rapaces preguntáronlle que era iso e ela contestoulles que era unha besta, unha criatura sobrenatural que xa aterrorizara ós habitantes de Loñoá cando a anciá era pequena.

Case toda a vila empezou a investigar e mesmo a policía investigou, e non atoparon nada.

Esa noite, Miguel tivo un pesadelo e espertou ás cinco da madrugada. Cando pechou os ollos para durmir de novo, escoitou uns ruídos moi raros. Ergueuse da cama con medo, e entre as tebras empezou a investigar que pasaba. De súpeto escoitou que



# O PAQUETE




ERA UN DÍA COMO OUTRO CALQUERA NA CIDADE DE PONTEVEDRA...




CANDO O ALCALDE LLE DIKO OS SEUS GARDACOSTAS QUE FORAN BUSCAR UN PAQUETE SECRETO A CORREOS






XA EN CORREOS...



CANDO SAÍAN DE CORREOS, UNS MATONS QUE SARIAN O DO PAQUETE, ASALTÁRONOS







a porta da casa se pechou con brusquedade e foi directo cara a ela. Abriuna e observou que unha monstruosa besta corría en dirección ó bosque. Miguel, asustado, volveu á cama e xa non puido durmir en toda a noite.

O día seguinte pola mañá, a nai de Miguel díxolle que foran a unha tenda que estaba ó outro lado do bosque. Foron Miguel, Luís e Diego, pero foron armados por se a besta aparecía. Cando chegaron á tenda, que estaba xusto ó remata-lo bosque, Diego quedouse mirando un insecto que lle gustaba, e cando Miguel e Luís voltaban da tenda atoparon a Diego despedazado. Os dous rapaces observaron con horror o corpo destrozado de Diego. Nese momento, escoitaron un ruído, máis ben un ruxido e fuxiron a toda velocidade cara á vila co corazón latindo a cento vinte pulsacións por minuto. E Luis tropezou, pero Miguel seguiu correndo ó escoitar un terrible alarido. Mirou un intre atrás e viu restos de sangue. Non atopou a Luís e aínda con máis medo e a máis velocidade dirixiúse á vila.

Cando chegou á súa casa deixou a compra e contoulle á xente o que ocorrera no bosque, e toda a policía dos arredores empezou a revisa-lo bosque, pero non atoparon nada.

Pola noite Miguel estaba pensando que tódolos seus amigos foron caendo nas garras da besta, e que el podía ser o seguinte na lista. Esa mesma noite Miguel foi ó bosque disposto a matar a esa besta.

Tras moito buscar polo bosque encontrouse con ela. Miguel púxose a correr cara a un acantilado, púxose diante del, a besta que viña correndo, o apartase Miguel, caeu e morreu. Miguel estaba contentísimo e volveu á súa casa, pero ó chegar á porta, en letras feitas con poutas dun animal dicía: "MIGUEL, NON TE DESFIXECHES AÍNDA DE MIN".

### O MOUCHO

Unha mañá de inverno, asomeime á ventá e mirei moitos corvos facendo un enorme ruído enriba dunha viña. Avisei a miña nai e achegámonos a ve-lo que pasaba. Ó chegar alí miramos un paxaro moi raro: un moucho.

Quedamos un pouco mirando para el sen saber que facer, era admirable, os seus ollos pechábanse e tiña unha cara que daba moita pena coma se quixese dicirnos algo. Parecía a cara dunha persoa.


Miña nai chamou a un veciño e el, cunha bolsa, colleuno. Os seus ollos eran enormes e axitaba as anchas ás moi fortemente. Asustábase de nós.

Levouno para a súa casa e meteuno nunha caixa grande, pois a luz molestáballe.

Chamamos ós de protección de animais do Lago de Castiñeiras e viñeron recollelo. Dixeron que fan ver se estaba enfermo, que logo o soltarían na mesma zona, pois era o medio onde el se desenvolvía. Antes de que o levasen saquei unha foto con el. Safu moi ben.

Pregunteille a miña nai por que nunca se miraban os mouchos de día e díxome que era unha ave nocturna e cazaba de noite mentres que de día durmía.

Sara García Couñago, 3º B



## VISITA Ó MUSEO DE PONTEVEDRA

En marzo fomos ó Museo de Pontevedra, saímos do colexo e atravesamos varias rúas.

Primeiro pola rúa Xeneral Rubín; despois por Augusto García Sánchez e Salvador Moreno.

Tamén pasamos pola estrada de Marín e atravesámo-las rúas da Oliva e da Peregrina. Cerca xa do Museo pasamos polas rúas Antonio Odriozola e a Pasantería.

O museo está situado na praza da Leña. Ó entrar, unhas persoas explicáronnos cousas mediante unhas fichas. Coas fichas tiñamos que buscar obxectos: eran da Romaización, da Cultura castrexa, da Idade de bronce, do Calcolítico, do Neolítico e do Paleolítico.

Na Idade de Bronce vimos Puntas de Lanza, machadas de tope de cobre e machadas normais.

Para subir á planta de arriba tivemos que atravesar un patio.

Ó entrar vimos figuras de Santiago, o peregrino e, e Santiago o Maior. Máis para dentro había amuletos de cunchas, cruces, colares e rosarios de acibeche. Máis adiante vimos cadros de autores coñecidos e noutra parte cadros de Castelao. Por exemplo: O billeteiro, O guateque, A familia do cego, Cegos á porta da ermida, Rolda de nenos e O cego e a filla.

Despois entramos noutra sala onde había unha maqueta do barco de San Telmo do ano 1.850.

E máis lonxe cadros de barcos. Ó lado estaba o despacho de Méndez Nuñez. Tiña un escritorio, unha mesiña de xedrez e ó lado da cadeira tiña o seu retrato. Había pratos e vaixelas.

Logo subimos por unhas escaleiras que daban ó Pazo. Cerca da entrada estaba a cociña e dentro dela había pratos e xerras, unha máquina de coser, un vertedoiro de pedra e un xarrón de flores.

Logo entramos nunha sala onde había cerámica de Sargadelos; tiña xerras, pratos, froiteiros, fontes, cuncas, figuras e cadros de animais.

Ó saír do Museo estivemos agardando fóra polo outro grupo. Mentres nos dirixiamos á escola, de volta pasamos polas mesmas rúas e nelas vimos igrexas como a de San Francisco e a Peregrina.

Cerca xa da escola pasamos pola beirarrúa de González Besada, cruzámo-la beirarrúa de Augusto García Sánchez, seguimos camiñando e por fin chegamos á escola.

ROCÍO FERNÁNDEZ  
ALBA FRESCO  
CECILIA PÉREZ  
5ºA

UNHA

PARA


VIAXE

APRENDER



O venres, 25 de abril do actual ano fomos todo o día de excursión ó Grove. Foi maravilloso.

Pola mañá saímos do colexio ás nove e media. O chegar alí fomos á aula de observación da Siradella; vimos unhas diapositivas moi interesantes. Logo subimos ó monte da Siradella e foi xenial ir esquivando os tomos. Alí a mestra ensinounos moitas cousas. Máis tarde, fomos outra vez á aula e alí vimos multitudé de ósos e nunh peixeira había rape e outros peixes.




Logo, como comezaba a chover, fomos correndo costa abaixo cara o autobús que alí nos estaba esperando. O chegar alí os mestres dixéronlle ó conductor que nos levara á praia da Lanzada.

Tivemos moita sorte porque ó chegar alí xa non chovía e saiu o sol. Na praia, a mestra da aula ensinouno-lo nome de moitas cunchas e foi moi divertido. Tamén, cando estabamos escalando polas rochas vimos moitas cunchas de mexilón, estrelas de mar, etc.



Estivemos alí un bo anaco e logo, como todos tiñamos fame, fomos a un colexio das aforas do Grove a comer, pois as mestras non querían arriscarse a que chovera se comiamos no monte.



O comer foi divertidísimo, cambiabámo-la comida uns cos outros e non parabamos de rir, que si un contaba un chiste, que si a outro lle caía a carne do bocadillo... e así todo o tempo ata que rematamos de comer. Logo, estivemos no colexio ata as tres. Botamos partidos de fútbol e xogamos por alí. Por certo, o colexio era unha maravilla o limpo que estaba, ogallá estivera así o noso.




A nosa mestra díxonos que o deixamos te do moi ben limpo e que nos portamos moi ben. Máis tarde, ó saír do colexio, fomos no autobús ata un parque do Grove. Alí comprámoslle a unha señora collares, pulseiras e chaveiros. E tamén nos refrescámo-lo corpo cun apetecible xelado.

As catro, aproximadamente, embarcamos no catamarán. Déronnos unhas tarxetas a cada un para saber en que planta deberiamos estar: na de arriba de todo, a do medio ou a que se ve o fondo mariño. Vimos uns golfinhos que xogaban connosco saltando de acá para alá.

Máis tarde, o millor. Tocounos baixar a ve-lo fondo do mar e, hai que admitilo, ¡é **maravilloso!**. Cando nos tocou subir quedamos un pouco na planta do medio mentras non nos tocaba volver a baixar.

As 5.15 h., aprox., baixamos de novo e , tras unhas cantas explicacións da mestra do barco, marchamos cara o Grove.

De súpeto, oímos caer algo e nos criamos que íamos ir a pique e botamos todos a be



rrar e resultaba que era un peixe enorme que saíra da peixeira.

As 6 e dez chegamos de novo ó autobús. Paramos nun parque preto do Grove para merendar e marchamos a Pontevedra. No autobús paseino moi ben. Iamos todos xuntos pero xa moi cansados, pois todo o día fóra da casa...

Ademáis, aparte de ser moi divertido, foi interesante por que aprendimos moitas cousas, e tamén, como a clase se daba en galego, máis aínda.

En resúme, foi un día xenial, porque estas cousas non se fan tódolos días.

!!! FOI UN DÍA EXTRAORDINARIO !!!






señor, porque se mataban coas pinzas.

Continuamos vendo outras especies de crías de rodaballos, ós cales se lle podían ve-las galadas e o estómago, nacen con dous ollos laterais, e a medida que crecen un deles váiselle movendo cara ó outro lado observando os diferentes tamaños e pesos ata chegar ós 3 quilos. Outra especie de peixe eran as douradas, estes peixes teñen unha manchiña amarela arredor dos ollos e unha raia transversal, tamén había de habían de diferentes tamaños e pesos.

A continuación leváronnos á cetárea, situada no último soto. Alí habían uns estanques onde se encontraban os rodaballos e os bogabantes adultos entre outros. Seguimos andando, e encontramos utensilios de pesca feitos polos alumnos do Instituto, principalmente redes e bateas.



Pablo OSCAR  
 Barbara K  
 Natalia J  
 Miguel  
 SORDO MIGUEL  
 Lidia

Rematando xa, sacamos unha conclusión: que estes sitios teñen un gran futuro, porque así, a pesar de que haxa problemas coa pesca, e outras cousas en sitios coma este seguirán criando peixes e moluscos, eso sí, para facer isto hai que dedicarlle moito tempo e atención.



1º E.S.O. B  
 Carlos David N  
 Barrios Sandra P.D.



## EXCURSIÓN Á ILLA DE AROUSA


Eran as catro da tarde, todos estabamos emocionados e ansiosos esperando a hora de partida. Cando chegaron os mestres pasamos lista e subimos ós autobuses. Á nosa clase tocounos un autobús para nós sos. Inda non subiramos e xa estabamos falando sobre aquel lugar: ¿Sería grande ou pequeno?, ¿bonito ou feo? Subimos ó autobús acomodámonos nos nosos asentos e comezamo-la viaxe.

Máis tarde baixamos cun mestre a uns corredores pola parte de abaixo, alí criaban ostras, ameixas, orellas e distintos tipos de peixes. Tamén vimos unhas bolsiñas de fitoplancto, que é plancto vexetal, e zooplancto, que é plancto animal.



Na viaxe de ida e volta vimos unha preciosa paisaxe de Vilanova de Arousa, a ponte á illa e o pobo desta. De entrada, sorprendeunos gratamente a edificación, toda ela de pedra, levantada á beira do mar.

Entramos e vimos unha gran maqueta, nesta había un esquema no que se vían unhas frechiñas que indicaban as correntes mariñas que chegaban do Golfo de México e as que saían das rías, e pobos como Vilagarcía e Vilanova de Arousa, Cambados, Caldas de Reis, o Grove, Ribadumia e illas coma Cortegada, Sálvora, A Toxa... etc. Seguimos andando polos corredores e atopamos uns paneis, unhas fotos e mais unhas furnas onde estaban as nasas, as redes, lumbrigantes, etc. Entre os sistemas de pesca encontrábanse: o arrastre, o palangre, cerco, enmalle e marisqueo.



Había pequenos recipientes, nos que estaban crías de lumbrigante, que medían aproximadamente 4 mm, estaban separados, segundo nos dixo o





Fotografía e mecanografía. Ánxela Vidal.

Debuxos: Ánxeles Díaz.


Texto: María Campos e Saleta Iglesias

## A RÍA DE AROUSA


Tódalas clases de 1 E.S.O fomos en autobús ó centro de ACUICULTURA da Illa de Arousa. Alí explicáronnos coa maqueta da ría que as correntes de afluencia enriquecen as costas e rías de Galicia porque traen o fitoplancto, que é o alimento de moitos seres vivos, por iso temos que cooidalas rías. Tamén vimos moitas especies: ostras, douradas, rodaballos, cangrexos, cigalas ..., que estaban separadas por tamaños e especies en piscinas ou depósitos, a onde lles chegaba o alimento preparado, por uns tubos transparentes que están o lado dos laboratorios onde nos explicaron como se clasifican as algas e peixes, noutra sala ensinaronnos aparellos de pesca como por exemplo: redes, anzos ect. Ó lado están os vestuarios cos chalecos salvavidas, casilleiros ... Despois está piscina baleira e o taller que ten un encerado, mesas, e moito máis material. Cando baixamos á praia vimos como mataban o polbo, mentras faciamos algunhas fotos nas rochas e merendabamos. Volvemos falando, cantando e gozando da magnífica vista da ría de Arousa, todos desexabamos que fose máis longa a viaxe.




*A DOURADA caracterízase pola raia branca que ten dun ollo a outro.*



*UN RODABALLO é plano e grisáceo para camuflarse. Se son pequenos pódeseles ver o aparello dixestivo, porque son transparentes.*



*OS LABORATORIOS TEÑEN MOI BO MATERIAL E ABUNDANTE.*




*A CIGALA TEN exoesqueleto.*



# Make an Easter Rabbit

Antes das vacacións de Semana Santa en clase de Inglés fixemos un Coello de Pascua (Easter Rabbit), típico dos ingleses e doutros países para regalar pola Pascua.

- 1) O mestre de Inglés dounos unha fotocopia grande do coello que tendes á esquerda.
- 2) Pegámola sobre unha cartolina grande e branca.
- 3) Démoslle cor marrón ó corpo e amarela á cesta dos ovos de chocolate (A parte de abaixo)



4) Tamén lle pintámo-los ollos, os bigotes, a boca, etc.

5) Por último, dobramos polas liñas marcadas e metémoslle os brazos por unhas rendixas que nos axudou a face-lo "teacher".

6) Ai!, que me esquencia, tamén lle puxémo-los ovos na cesta. Al--gún púxolle caramelos de chocolate.

A todo isto, aprendemos unhas cantas palabras novas en Inglés.

### New Words

- white card= cartolina branca
- coloured pens= rotuladores.
- Easter Holidays=Vacacións de Semana Santa.
- Easter eggs= ovos de Pascua.
- The egg basket= a cesta dos ovos.
- arms=brazos/ head=cabeza.
- eyes=ollos/nose=nariz.
- mouth=boca/ ears=orellas.





## EXCURSIÓN A SANTIAGO

¡Foi unha mañá impresionante!

O día 21 de marzo chegamos ó colexio coas mochilas, preparados para ese gran día que tanto esperabamos.

Fomos en autobús. A viaxe de ida fíxosenos moi curta, posto que a maior parte do tempo pasámolo cantando unha canción tras outra.

Chegamos sobre as dez da mañá; era un pouco cedo, así que decidimos ir toma-lo bocadillo ós xardíns do Museo, que estaban moi coidados, tiñan un gran tapiz de cor verde, árbores frondosas e fermosas e extravagantes esculturas contemporáneas.

Logo chamáronos para entrar ó Museo. No primeiro grupo estaba a nosa clase de 6ªA e unha parte dun 5º. ¡Fómo-los primeiros!

Colocámonos en dúas filas e fomos percorrendo o Museo ata que chegamos a unha pequena sala escura con dúas televisións. En dúas pantallas podíase ver un mesmo home saltando, e demos as nosas opinións sobre iso; esta obra era monótona, pero divertida.

A continuación, leváronnos a unha sala con cores vivas e rechamantes cun teito alto e pintado de negro. Estar alí dentro producíame unha sensación nova e estraña, pero non me relaxaba como a moitos dos meus compañeiros.

Despois fomos ó auditorio do Museo, onde nos contaron cousas sobre a arte do noso século.

Ó final cando iamos cara á saída vimos debuxos de nenos, todos pintados sobre unha mesma cara.

Pero por desgracia, alí estábamos esperando o autobús para volver a Pontevedra.

A viaxe transcorreu normalmente.

Pero nesta excursión aprendín que a arte pode expresarse de novas formas e non soamente con cadros.

## VIAXE A SANTIAGO Ó CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA.

Cando subimos no autobús non nos puxeron música pero non pasou nada porque o pasamos moi ben. Chegamos ó museo e gardámo-las mochilas e os abrigos, veu unha moza chamada "Maja" que nos deu un xogo: había que inventar algo nun edificio.

Despois fomos a unha habitación que lle chamaban dobr espacio, porque antes comunicábase coas salas de arriba.

Había moitos ganchos nas paredes, e reloxos nunhas mesiñas enfocados por cámaras que se vían nunha televisión e logo había colgadas do s paos das cámaras fotográficas luces e distintos elementos: terra con pegadas de tractor, ameixas nunha rede, cigarros nun cincheiro, unha man agarrando un soldado, cristais rotos, ladrillos, etc.

Aquela habitación daba una estraña sensación, parecía como máis grande, máis sinistra, o seu actor chamábase Nacho Criado.

Despois subimos por unhas escaleiras de madeira e chegamos a unha sala enorme que era unha exposición, había moitos cadros de cores escuros, despois Maja, a moza que nos guiaba, ensiónunos un cadro que saían pinchos.

do



Cun foco de luz, Maja fixo xogos coas sombras dos pinchos.

Despois vimos cadros en relevo: un de cor branca outro vermello e outro negro, e unha nena dixo una cousa bastante acertada: que o branco é cando se casa alguén, o negro cando morre e o vermello cando nace alguén.

Sáimos do museo e fomos á Catedral, había dúas señoras vendendo botafumeiros de prata, pulseiras, santiagos apóstolos e moitas cousas máis.

Entramos na Catedral e había moitos turistas, era moi grande, non puidemos ve-lo botafumeiro, subimos por unha especie de escaleiriñas e abrazámo-lo Santiago Apóstolo, despois baixamos unhas escaleiras que parecían un pasadizo secreto, alí estaban as cinzas de Santiago Apóstolo, cando saímos da Catedral deixáronnos toma-los bocatas. Despois viñemos.



RUTH QUINTAS RODRÍGUEZ.

5º A

#### VIAXE EN CATAMARÁN ENTRE AS BATEAS DO GROVE

Ó chegar ó catamarán unha señora deunos unhas fichas. As de quinto C tiñan unha vieira, as de quinto B unha estrela e as nosas, as de quinto A, un mexillón.

Despois entramos e subimos, sentamos nunhas cadeiras que había e os de quinto B estiveron na cafetería. Empezamos o percorrido, había un pouco de vento e un neno mareouse, logo nós vimos moitos peixes e tamén bateas, nun sitio vimos delfíns, eran moi bonitos e xogaban co barco a saltar, pero despois quedáronse a comer e xa non nos seguiron. Ó pouco tempo vimos un montón de bateas e chegamos ata un faro mentres que dabámo-la volta. Chamáronnos para que fosemos para abaixo e por uns visores admirámo-lo o fondo mariño sentados nunha banquetiña. Vimos algas xaponesas, unhas enormes de ata quince metros e outras que parecían espaguetis. Logo pasaron algúns caranguexos e empezamos a rir porque tiñan unhas patas coas que parecía que voaban e un mergullador íanos ensinando outras especies mariñas e descubrimos moi ben como eran as bateas por debaixo e como se criaban os mexillóns.

Cando nos mandaron para arriba estabamos mós sos, e así puidemos sentarnos onde quixemos e empezamos a cantar e así moito tempo ata que nos dixeron que xa chegáramos; a señora recolléuno-las fichas e logo desembarcamos.

Alba Fresco Taboada, Nº 8 - 5º A



## A nosa experiencia coa Arte Contemporánea.

Neste curso tivemos algo especial: fomos dúas veces gratis ó Centro Galego de Arte Contemporánea, a Santiago.

Cada luns, a nosa titora ponnos unhas diapositivas para que pensemos e despois digámo-lo que vemos ou nos parece. Cada día unha lección, non penses só na natureza ou na televisión, di o que queiras. Vimos arte de famosos como Picasso ou de menos coñecidos coma a nosa veciña Menchu Outón.

A arte contemporánea pareceunos moi rara, estraña. Pode ter tódolos significados que queiras: ánxos, rostros, estradas, casas, burbullas, bloques, símbolos de paz, símbolos de guerra.

Esta arte véxoa ó meu arredor en cadros, esculturas, arquitectura, anuncios, estradas, carteis, revistas ... O importante, para ser artista, é que sexas orixinal, que fagas algo teu, anque non chegue a ser famoso.

Utilizamos moito a linguaxe nestas clases.

A luz ten moita importancia: A experiencia do cadro con puntas, coa luz dos focos parecían vermes movéndose. A cor escuro dá medo e tristeza; a clara, alegría ...

A segunda visita gustounos máis cá primeira.

Coincidindo co artista Nacho Criado, que imaxinaba as súas obras en soños e que foi moi simpático connosco.

As maquetas de Guissepe Terragni parecéronnos preciosas, foi un arquitecto moi adiantado para o seu tempo.

Como o Museo cambia cada vez: ábrese as paredes, estíranse os teitos, varían as habitacións, cambia a cor e a luz.


Fomos moi afortunados, sen dúbida estas profesoras fixeron un bo proxecto que nos beneficiou. Pareceunos que o Centro de Arte se portou moi ben connosco. Nós tamén fomos educados e traballadores, como dín as profesoras Susana e M<sup>a</sup> Teresa.


Gracias, Susana, por ofrecérmo-la posibilidade de ir ó teu museo.

5<sup>o</sup>A, 5<sup>o</sup>C, 6<sup>o</sup>A



Curso 1.996-97  
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORAN






## ! IMOS A GUADALAJARA !

O pasado mes de abril, o Club Natación Budo, ó que pertencemos, deunos a alegría do ano; íamos competir a Guadalajara ! e para elo faríamos unha viaxe en avión.

Contáronno-lo ben que o pasaríamos alí, coñeceríamos outros nadadores daquela terra cos que íamos convivir, pois cada familia do club de alí ía coller un ou dous nenos de Pontevedra.

Sáímos de aquí o día 18 (venres), fixemos unha viaxe estupenda e voar foi divertidísimo, sobre todo ó ver entre as nubes as casas, montañas e ríos tan pequenos.



Ó chegar a Guadalajara, recibíronno-las familias respectivas que nos prestaron moita atención.

Intervimos ó seguinte día no Trofeo "Virxen da Antigua" e tivemos que competir con nadadores de Madrid, Cuenca, Talavera e dous clubs de Guadalajara. Como resumo da nosa participación, logramos un total de 73 medallas e o trofeo de segundo mellor equipo masculino do torneo.

O día seguinte teríamos que volver á casa (con poucas ganas) e, logo de despedirnos da xente que con tanto cariño nos acolleran, fomos ó aeroporto e alí, mentres esperabámo-lo avión, encontramos ó equipo de fútbol do Real Madrid que voaría a Valencia. Firmáronnos autógrafos e fixeron varias fotografías con nós.

Como resumo, foi unha maravillosa fin de semana, onde o máis destacado foi a convivencia tan entrañable e chea de recordos que tivemos cos nadadores castelans e as súas familias das que esperamos que nos devolvan a visita antes de que remate o ano.

Eduardo Dapena.

José Costal.



## O DESCENSO DA S.D. TEUCRO CRÓNICA DUN FRACASO

Por Miguel Magdalena e Pablo Paz.  
1º de ESO "B"

### \* INTRODUCCIÓN:

Despois dunha mala tempada que se fixo curta, tivo que chegar o 29 de marzo de 1.997: a última xornada. Esta data foi histórica para o balonmán galego. O Teucro (o equipo máis histórico do balonmán galego e un dos famosos de España), perdía a categoría. Precisaba dun só punto para salva-lo descenso directo. Xogaba fronte ó Elgorriaga Bidasoa (un dos mellores). O resultado foi de 25-29 perdendo así a categoría, despois de 9 anos na División de Honra.

### \* A CLAVE DO DESCENSO:

A mala xestión do Presidente Sixto ó non fichar algúns xogadores que pedía o entrenador (dous iugoslavos e dous exipcios), é os erros deste último ó non saber manobrar cos xogadores que tiña fixeron un equipo para salva-la categoría. O técnico David Marcos Antón foi sempre abucheado polos afeccionados a causa do mal planteamento de equipo no tramo final da tempada.

A clasificación dos 4 equipos galegos da liga ASOBAL foi esta:

6º Pilotes Posada de Vigo.....	36 puntos
10º Frigoríficos do Morrazo.....	24 puntos
13º Pescanova Chapela.....	20 puntos
14º Caixa Pontevedra Teucro.....	19 puntos

### \* DECLARACIÓNS:

Juan Sixto: " Falláronme persoas que me animaron para que me fixera cargo da S.D.Teucro" "É posible que o cambio de categoría sexa beneficioso para a S.D. Teucro"  
David Marcos: "O deporte e así, por un punto descendemos." "Preocupame que un club da historia do Teucro a próxima tempada non estea en ASOBAL".

### \* ENTREVISTA: Quique Domínguez (extremo esquerdo)

P.- ¿ Como sentou o descenso no seo do club?

R.- Unha gran decepción por parte de todos, xa que non se logrou o obxectivo da permanencia.

P.- ¿ Cal foi a clave deste descenso?

R.- O equipo non estivo completo ata o mes de febreiro e tamén a falta de experiencia.

P.-¿ Rendeu ben a canteira ?

R.- Si, anque sempre se pode pedir máis, sobre todo se no final da tempada o equipo descende de categoría.

P.- ¿ Estiveron ben os árbitros ou foron inxustos para o equipo ?

R.- Ós árbitros non hai que facelos responsables dos nosos propios erros.

P.-¿ Pensaban que ían descender ?

R.- Loxicamente non. Tifámo-la ilusión de pero





conserva-la categoría pero ó final non puido ser.

P.- Na súa opinión, ¿que xogador do equipo foi o máis destacado? ¿E o canteirán da primeira plantilla con máis futuro?

R.- O conxunto estivo nun bo nivel en termos xerais. Tomás Fontán, Pablo Vilar, Quique Orge.

P.- ¿Que xogador tivo unha maior progresión?

R.- Pablo Vilar.

P.- ¿Está progresando moito a canteira en alevín, infantil e xuvenil?

R.- Unha barbaridade, sobre todo pola constancia dos entrenadores que os levan.

P.- ¿Foi inxusto o resultado fronte ó Elgorriaga?

R.- Non, foi unha pena pero non inxusto.

P.- E por último, ¿cal e o futuro do equipo?

R.- Decidirase na asemblea do día 22 de abril.

## \*RENDEMENTO DOS XOGADORES

(Por David Marcos, entrenador)

Martini: Contou con toda a miña esperanza e baixo o meu punto de vista nos momentos importantes non estivo o acertado que esperabamos e iso notouse no rendemento do equipo.

Marcos: Todo o contrario que Martini. O feito de que tivera tanta confianza en Bruno provocou que non dispusesse dos minutos que merecía polo seu traballo e o pouco que xogou fíxoo ben.

Martín: Estivo nunha boa liña, na segunda volta, que foi cando xogou, respondeu ben.

Quique: Tivo unha liña regular durante a tempada e a situación nos últimos encontros non pode influir na súa valoración.

Davis: Non asumíu toda a responsabilidade desexada nas tarefas ofensivas, e en defensa foi importante.

Chema: Por situación de equipo na segunda volta non contei con el.

Pato: Non se pode vulgar debido ás lesións.

Tomás: Empezou moi ben e ó longo da tempada apaortou unha gran regularidade. Co tempo ten que aportar máis cousas.

Pablo: É un xogador de tremendo valor, pero fáltalle estar máis centrado no balonmán e máis regularidade nos entrenamentos.

Celso: Non se lle pode pedir máis do que fixo.

Belal: Tivo un pequeno baixón ó mes e medio

de chegar, pero foi un xogador que asumíu a responsabilidade e aportou moito.

Kiss: Non se pode valorar polo pouco tempo que estivo en Pontevedra.

Orge: Un xogador que tivo un comportamento regular, que pode aportar moito máis, pero para se-lo seu primeiro ano en Asobal tivo un bo rendemento.

Nano: Só disfrutou minutos na defensa, porque Gabi estivo inspirado, e por necesidades de grupo fixo un bo traballo.

Gabi: Salvo algún partido esporádico, tivo unha boa liña regular e rendeu a bo nivel.

## \*CONSECUENCIAS:

-Martini descarta seguir en España, recibiu ofertas do Cangas, Caja Cantabria, C. Galdar, Elgorriaga, equipos de Francia e de Siemaña.  
-Ahmed Belal vai ó equipo de Alexandría, posiblemente.

-A falta de diñeiro prosegue na entidade capitalina.

-Asemblea extraordinaria (22-4-97). Foi unha asemblea para amañar entre outros:

-Memoria deportiva

-Balance da tempada

-Cese da actual xunta directiva. Á hora de pechar este informe, o día 27-5-97, celebrouse unha asemblea e a partir de agora vaise facer cargo do club unha xunta xestora

-O novo presidente e Xosé Luis Torrado.

-Convocatoria de eleccións.

## \*CONCLUSIÓN S DESTE ALEGRES "ESPERPENTEADORES":

Un equipo coma o Teucro non pode seguir así na ruína. Nesta tempada o gasto en fichaxes no valeu para nada. Nós cremos que agora hai que xogar cun equipo canteirán, que eles se acostumen a xogar no alto nivel, ter un entrenador que os coñeza, mante-los veteranos, mante-lo patrocinador que produza moito diñeiro e o entrenador que pantexe ben os partidos.

## \*AGRADECIMENTOS:

Ó Diario de Pontevedra que nos deu información e á S.D. Teucro, que tamén nos deu facilidades.

**s.d. teucro**







## DEPORTE FEMININO

Nestos tempos nos que o deporte está tan ben considerado, parece mentira que aínda quede xente que pense que só é cousa de homes.

Aínda que en España cada vez hai máis deportistas, nunca habrá tantos como moitos países desenvolvidos nos que o Estado ofrece subencións ós deportistas, como nos Estados Unidos. En España se se lles chega a dar algo é insuficiente e a maioría das veces os propios deportistas teñen que compra-los utensilios e incluso fincas para practicalos, como no caso dos que tiran con arco ou pistola.

"As mulleres á cociña", din algúns (non todos, afortunadamente) cando ven xogar unha moza ó fútbol, baloncesto, etc...é dicir se non xogamos ás bonecas ou ás "mamás" non somos coquetas nin femininas, non somos mulleres.

No mundo cada vez se recoñece máis ás mulleres como deportistas. Aínda que moitas practican o fútbol, boxeo, balonmano... seguen predominando deportes como o baloncesto, voleibol, natación, tenis, atletismo, hípica, vela e outros relacionados co mundo mariño. Pero iso si, as mulleres seguen sendo as únicas que poden practicar ximnasia rítmica.

No deporte coma noutros aspectos, tanto homes coma mulleres son ou...deberían ser iguais.

Deixando atrás as críticas imos informaros sobre algúns deportes que están adquirindo considerable importancia, tamén en Pontevedra:

### O FUTBOL -SALA:

Ultimamente estanse formando moitos equipos de F.S.F. (Fútbol sala feminino). Hai ligas tanto federadas como locais. Moita xente vai ós partidos coa intención de pasalo ben á conta das xogadoras e mofarse delas. Unha vez alí, xeralmente quedan sorprendidos da calidade do xogo que moitas veces non se ven no "C+". Por iso, se xogas ben e cres en ti mesma, non fagas caso ás críticas e busca un destes equipos nos que o compañeirismo e a amizade son o sistema de xogo máis utilizado. Debes saber que nunca chegarás a cobra-los miles de millóns de Ronaldo ou Raúl, nin tan sequera o soldo dun xogador de rexional. Non vas te-lo mundo ós teus pés, ninguén se vai preocupar se cambias de equipo. Pero unha cousa está clara: vas face-lo que che gusta e valo pasar ben.



# A NATACIÓN

A natación é o deporte máis completo, posto que desenvolve tódolos músculos do corpo. Este deporte inclúe varias modalidades: *bolboreta*, *espalda*, *braza*, *crawl* e *estilos* que é unha mestura das catro.

Realízase nunha piscina, xeralmente climatizada, de 25 m de lonxitude con seis pistas ou nas olímpicas, de 50 m e oito pistas.

CATEGORÍA	IDADE	
	Feminino	Masculino
<i>Prebenxamín</i>	ata 7	ata 9
<i>Benxamín</i>	8 e 9	10 e 11
<i>Promesa</i>	10 e 11	12 e 13
<i>Infantil</i>	12 e 13	14 e 15
<i>Junior</i>	14,15 e 16	16, 17 e 18
<i>Absoluto</i>	de 17 adiante	de 19 adiante

Na natación, como puidemos comprobar no cadro anterior, unha nena equivale a un neno dous anos máis vello. ¿Por que? As nenas retíranse antes e teñen un desenvolvemento máis precoz.

As probas para nadar son:

	AMBOS SEXOS				Masc.	Fem.	RELEVOS		
	50 m	100 m	200 m	400 m	1.500 m	800 m	4x50	4x100	4x200
<i>Volvoreta</i>	X	X	X						
<i>Espalda</i>	X	X	X						
<i>Braza</i>	X	X	X						
<i>Crawl</i>	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<i>Estilos</i>		X	X	X			X	X	X

A tempada comeza en setembro co *Nadador Completo*, en Vigo (nádase 100m. a cada estilo) e remata en agosto co *Campeonato de España Junior*.

No interior desta, cabe destacar:

◆ Unha liga de promesas

◆ Numerosos trofeos, dos que cabe destacar:

- Trofeo de Navidade.
- Trofeo Pedro Escudero.
- Trofeo Cidade de Vigo.
- Memorial Juan Varela.
- Trofeo Cidade de A Coruña.
- Trofeo Cidade de Lugo.

◆ Unha liga de clubs cunhas divisións:

1ª Real Club Arena Náutico de Vigo.

Náutico Narón.

Club Natación Coruña.

Pabellón Ourense.

Club Marina Ferrol.

Club Natación Budo.

2ª *Club Natación Pontevedra*.

Club Fluvial de Lugo.

Club Natación Xove.

Club Natación Ferrol.

Club Natación Carballo.

Club Natación Santiago.

3ª Club Natación Albatros.

Club Natación Padrón.

Club de Tenis Codesal.

Club Natación Barrio.

Club Natación Ribeira.



- ♦ Toma de tempos, que organizan os propios clubes para conseguirlas marcas mínimas dos Campeonatos e Trofeos.
- ♦ Campeonatos Galegos, nos que participan os nadadores que poidan conseguir unhas marcas mínimas.
- ♦ Campeonatos de España, nos que participan os mellores nadadores do país, cunhas marcas mínimas moi difíciles de conseguir.

## CLUB NATACIÓN PONTEVEDRA

Este é o club máis antigo de Pontevedra, formouse gracias a un colectivo de país, en abril de 1987, consta duns 115 nenos e nenas de tódalas idades.

O entramento dos compoñentes do club, a partir dos promesas, é de dous horas ó día e ó redor de 4.500 m. Os máis pequenos entran unha hora e cuarto diarias.

As grandes estrelas que xorden neste club débenlle o auxe deportivo ós adestradores:

• **Elena Fernández**, titulada do I.N.E.F, que é a que realiza os adestramentos para tódalas idades e selecciona ós nadadores para acudir ós trofeos e ligas coa/s respectiva/s prova/s.

• **Fernando Mata**

• **Miguel Estévez**

• **Óscar Alfonsín**, que entrou recentemente.

A **directiva** é a que leva relacións coa Federación Galega de Natación e cos demais clubes da Autonomía, así como a economía, club. Nesta tempada a presidenta é Pilar Vázquez.

Os maiores entrenamos na, recentemente inaugurada, piscina do Estadio da Xuventude, e os máis pequenos nas piscinas de Campolongo.



Nadador facendo o estilo crawl

O club ten o equipo necesario para competir e trasladarse a outras comunidades e países:

- Gorro de silicona.
- Gafas de competición.
- Traxe de baño.
- Camiseta.
- Chandal.
- Bermudas e sudadeira.
- Bolsa do club.

Todos eles co escudo do club.

ELENA JABOIS 1ºB (E.S.O)  
Jorge Domínguez 1ºA (E.S.O)  
Cristina Domínguez 8ºA  
Raquel Carballo 8ºA  
Telmo Calle 8ºB





## A VELA.

Por Xose Luis Fortes e Xoán Frade.

Un barco de vela é, basicamente, aquel con propulsión que depende do aproveitamento da acción natural do vento mediante unha vela, aínda que pode levar un motor adicional; posuíndo outras características básicas como ser gobernables, flotantes e ser capaces de desprazárense pola auga. A gran maioría dos barcos de vela (excepto os de vela lixeira), posúen un espacio útil para o transporte de persoas, animais ou cousas, variando segundo a función para a que fose deseñado o barco. Ó longo da historia, os barcos navegaron a vela, a remo e tamén gracias a máquinas de vapor e motores de combustión interna; remontándose o uso da vela ós albores da humanidade. Tanto como medio de propulsión exclusivo como en diversas combinacións de remo e vela, e chega ata os nosos días, se ben na actualidade o seu uso quedou circunscrito ás embarcacións deportivas e de recreo.

A vela d un barco é unha superficie de lona, lenzo forte ou calquera outra substancia similar, que serve para recibi-lo vento e, gracias á súa forma e/ou ó ángulo de incidencia deste, empuxa-la embarcación a través da auga.

As primeiras velas eran feitas de algodón, papiros e ata follas de cana pero hoxe en día sóense facer de materiais sintéticos, máis resistentes, liviáns e eficaces. A pesar de todo, moitos barcos de vela, sobre todo os de cruceiro, incorporan un motor adicional.

Tódolos barcos de vela están constituídos por dúas partes básicas: o casco, que é o corpo ou envoltura do barco e que proporciona a flotabilidade na auga, e o aparello, que vai montado na parte superior do casco e transmite a éste a forza xerada polo vento nas velas coa fin de impulsa-lo. No casco van insertos os apéndices, timón e orza que proporcionan a gobernabilidade e a estabilidade.

Os barcos de vela poden ser cruceiros, que teñen moita estabilidade e non depende do desprazamento de masas da tripulación, e de vela lixeira, que conseguen a súa estabilidade gracias á acción directa e específica da tripulación en cada momento, que exerce de contrapeso para anula-la principal acción desestabilizadora do vento nas velas. Poden ser monocascos ou multicascos.

As formas de carena (parte do casco que vai somerxida) varían de vela lixeira a vela pesada. Os primeiros teñen tendencia a ser máis planos e anchos cara á popa que lles permite planear (levanta-la proa o subirse a unha ola), o cal acelera a velocidade; os cruceiros teñen formas máis redondeadas, non podendo así planear pero si facer prolongados "surfs".

Os principais tipos de velas son: a vela cuadra, aparelada polos antigos barcos; vela latina, que foi a tradicional nos pequenos barcos pesqueiros do Mediterráneo, Arabia e ata Galicia; a vela cangrexá, que foi o primeiro desenvolvemento das chamadas velas de coitelo; vela tarquina, utilizada no

Optimist, que é o barco infantil máis difundido do mundo; vela marconi, que é a vela imposta actualmente.



### SUPERFICIE VÉLICA DOS PRINCIPAIS BARCOS DE VELA LIXEIRA.


CLASE	SUPERFICIE (en m. cuadrados)
Optimist.	3.50
Cadet.	4.60
Vaurien.	8.80
420.	10.20
470.	12.70
Finn.	10.20
Láser.	7.10 radial 5.70
Snipe.	10.80
Europa.	6.30
Soling.	21.60
Star.	26.10

Un francés chamado Barón Pierre de Coubertin conseguiu gracias ó seu empeño que se creasen os Xogos Olímpicos modernos por primeira vez en 1896 na cidade de Atenas, nesta edición o deporte da vela non participou, aínda que de feito, organizáronse diversas regatas como demostración, nas que interviron catro series diferentes. Na segunda edición celebrada en París no ano 1900, a vela fixo unha pequena aparición, participando tódalas clases de 10 t a 20 t agás a de 10 t, tamén participaron as series internacionais de 8 m e 6 m. En 1904 en San Luis (EEUU), a vela non tivo ningunha representación. En cambio, no ano 1908, nos xogos de Londres, impúxose oficialmente a súa participación.


Fonte: Guía Práctica da Náutica de RBA Editores.

### AGUETE

Nós non practicamos a vela a nivel olímpico, pero si a nivel autonómico e ata a nivel nacional. O clube no que entrenamos é o Real Clube de Mar de Aguete, o cal ten a progresión máis grande dos últimos anos, pasando de 17 hai tres anos as 70 persoas de tódalas idades que recibe agora cada fin de semana, razón pola que gañou un premio. O iniciarte na vela o primeiro que aprendes é montar e leva-lo barco e face-los principais nós. Ó cabo dunhas semanas, segundo a idade, cambias de barco Vaurien, Cadet ou Optimist. Chegado a un certo nivel empezase a especializa-lo regramento e tácticas de regatas, facendo cando menos unha por semana. Finalmente moita xente mercase un barco e consegue ir a regatas de máis categoría.



Optimist.



Cadet.

# PIRAGÜISMO

## HISTORIA:

O piragüismo aparece como consecuencia da necesidade do home de domina-la auga. A embarcación máis antiga remóntase ós tempos máis remotos da prehistoria. Nas súas orixes, este tipo de embarcación construíase a base de troncos de madeira ou peles de animais, previamente tratadas.

O máximo organismo mundial é a Federación Internacional de canoa, fundada o 19 de xaneiro de 1924.

En España a F.E.P (Federación española de piragüismo) foi fundada en 1959 e o primeiro campionato nacional foi en 1960 no río Guadalquivir (Sevilla).

## ¿QUE É?

O deporte da piragüa engloba tres especialidades, segundo lugar.

## AUGAS TRANQUILAS

Realízase en auga encorada ou canles artificiais sen corrente. Navégase en liña recta nas distancias de: 500m, 1000m etc... Existen diferentes tipos de Kayak e canoa.

--K-1: 1 tripulante	--C-1: 1 tripulante
--K-2: 2 tripulantes	--C-2: 2 tripulantes
--K-4: 4 tripulantes	--C-4: 4 tripulantes

## RÍO DEPORTIVO

Os percorridos son variables, tendo que supera-los distintos accidentes, fervezas naturais do caudal do río. As distancias normalmente superan os 10 Km.

## AUGAS BRAVAS

Neste escenario a forza da auga é característica. Hai dous tipos de competición:  
-Slalom: O palista ten que supera-los rápidos e as distintas portas.  
-descenso: Entre 4 e 6 Km sin máis obstáculos cóis do río.

A esquimotaxe é unha das máis espectaculares técnicas do piragüismo de augas bravas. Consiste nunha manobra por a cal ó piragüista recupera a verticalidad tras volcar.

## KA AK-POLO

Non é disciplina loímpica pero é un gran xogo didáctico. Consiste no enfrontamento de dous equipos co obxectivo de meter gol na portería contraria. Pódese utiliza-la pa e as mans.

## ESTRELLAS E GRANDES FIGURAS

*Anxo Villar Valera:*

Lugo (1949). 50 títulos de campión de Españae gañador do descenso do río Sella.

*Luis G. Ramos Misioné:*

Oviedo (1953): Olimpíadas:Prata en K-4 1000m, Bronceen K-2 1000m. 8 medallas nos campeonatos do mundo, vencedor nos xogos do mediterráneoen K-1, K-2 e K-4. Medalla ó mérito deportivo.

*Enrique Míguez Gómez:*

Tui (1966). Medalla de bronce en C-2 1000m nos Ánxeles e diploma olímpico en 1000m. Máis de vinte títulos nacionais.

*Pedro Cuesta García:*

Ribadeo (1945). Gañador do campionato de España en 32 ocasións e gañador do descenso de Sella.



## O PIRAGÜISMO EN PONTEVEDRA

Pontevedra é unha das cidades con máis clubs de Galicia. Actualmente existen cuatro clubs:

- Club ría de Pontevedra
- Club naval de Pontevedra
- Club escola de piragüismo cidade de Pontevedra(E.P.C.P)
- Club de Berducido(Kayak polo)

Galicia aporta o 50% dos palistas da selección española e en pontevedra concretamente hai tres palistas que foron ás pasadas olimpíadas de Atlanta:

- Jovino González Comesana. (1996)Naval(1997) Kayak Judense (Tui)
- Ana Penas Valchada. Club Naval
- Jose Manuel Crespo Villanueva. E.P.C.P.

Xa é sabido de todos que o río Lérez está contaminado, pero a pesar diso a auga está mínimamente limpa para a práctica do piragüismo, existindo unha escola de alta tonificación (F.E.P) e unha sede de federación Galega de Piragüismo en Monteporreiro.

As veces os palistas que están empezando a aprender -alevíns- teñen problemas coas ondas dalgúns barcos de recreo. A polémica do chamado "Ponte dos tirantes" crea graves problemas ós palistas para pasar por debaixo cando está a marea alta. O piragüismo turístico sería unha gran saída para o piragüismo.



## ENTREVISTAS

### CARLOS ALBERTO ABOAL PAZ(Entrenador)

- ¿Cal é a mellor zona para a práctica do piragüismo?
- Desde a ponte do tren ata o antigo balneario en Monteporreiro, porque é a zona máis limpa e sen vento e ondas.
- ¿Tedes moitas axudas económicas?
- Poucas, a maioría vai para outros deportes e os únicos que axudan algo son a deputación e o concello.
- ¿É difícil facerse cargo dun club?
- Non é difícil se tes suficientes medios como unha boa directiva.
- ¿Que é máis importante, aforza ou remar ben?
- Remar ben
- ¿Que prefires kaiac ou canoa?
- Canoa
- ¿No futuro pensas seguir neste deporte?
- Se as cousas foran ben quedaríame, pero Pontevedra non ten moito futuro

### JAIME ACUÑA IGLESIAS (PALISTA)E.P.C.P.

- ¿É moi duro o Piragüismo?
- Si, é un deporte moi sacrificado
- ¿Que che parece entrenar no río Lérez?
- Mentres está a marea alta inda se pode practicar pero cando a marea está baixa hai moi mal olor e a auga está sucia.
- ¿Facedes algo máis que remar?
- Si, exercicios físicos, correr e pesas.
- ¿Gústache o piragüismo?
- Si.
- ¿Cal sería o teu soño como piragüista?
- Participar na olimpíada de Sidnei 2000
- ¿Como fas para soporta-lo cheiro dos desaugues?
- Co tempo vaste acostumando



Posición correcta dun canoísta



## A SOCIEDADE XINMÁSTICA

A Sociedade Ximnástica naceu oficialmente o día 2 de setembro de 1927.

Se o atletismo galego colleitou numerosos triunfos e récords ó longo da historia, a Sociedade Ximnástica de Pontevedra foi e é a principal protagonista dos éxitos. Por iso a celebración das súas Vodas de Ouro, conmemoradas con diversos actos durante o ano 1977 foi motivo de alegrías, recordos e nostalxias.

É de xustiza recordar especialmente ó gran Leonardo Enríquez Rozas, fundador da Ximnástica e o seu primeiro presidente.

A Sociedade Ximnástica de Pontevedra é en España a segunda en antigüidade, despois da Real Sociedade Ximnástica de Madrid. A entidade pontevedresa concorreu cun equipo ó I Campionato de España de Ximnasia celebrado en Madrid en 1930; obtendo o segundo posto por Sociedades, e foi distinguida coa Copa da Real Sociedade Ximnástica Española e seis medallas de prata.

## VIVEIRO DE CAMPIONS.

A Ximnástica dedicou especial interese ó atletismo e foi viveiro de grandes campións. O gran deportista Xoaquín González García, campión de España de peso en 1930 e 1934, e de disco en 1929 e 1930, internacional no encontro España-Italia.

Tamén é grato recordar ó doutor Celso Mariño Ferreira, campión de España de xabalina

en 1935, e campión nacional de Galicia de peso, disco e xabalina en 1932, 1935 e 1942 respectivamente.

Na súa primeira época, a Sociedade Ximnástica de Pontevedra conquistou os Campionatos de Galicia absolutos os anos 1928-29-33 e 35.

En 1935 a Ximnástica estaba en pleno apoxeo. A guerra truncou o seu labor.

## NOVA ETAPA.

En 1951 rexorde a Sociedade Ximnástica gracias ó impuslo dun grupo de antigos discípulos de fundador, encabezados por Víctor Cervera-Mercadillo Sanmartín e Enrique Alfonsín Costas, e secundados por Arturo Rey Pavón e Celso Mariño.

Dos anos cincuenta, recordamos ó velocista Xesús Hermida Cebreiro, campión de España dos 100 metros, que foi recordman nacional dos 80 metros escolar, e internacional no I encontro escolar España-Francia.

As inquietudes da Ximnástica, por carecer de instalacións atléticas, refléctense nun artigo publicado na prensa local, de decembro de 1954: "os atletas da Ximnástica colleron o pico e a pá". "Unhas pistas, por favor..."



Mario Prado





Nevando e a  $-1^{\circ}\text{C}$ , o 19 de febreiro de 1956, por primeira vez no historial da Ximnástica lógrase na Coruña o Campionato galego absoluto de campo a través.

En 1970, a atleta García Verdugo viste a camista nacional no España-Italia, disputado en Madrid.

En 1977 ano do 50 aniversario da Ximnástica ten nas súas filas atletas da calidade de García Acosta, campión de España Xuvenil de xabalina nos anos 74 e 75; M<sup>a</sup> Xesús Sanguos España, que en 1973 se proclamou campiona nacional dos 200 metros lisos.

Actualmente, a maioría dos xoves atletas que se fixeron notar son entrenadores desta Sociedade. Entre eles están Santiago Ferrer, entrenador de lanzamento de disco, martelo, sabalina... etc, Xavier López Viñas, entrenador de salto de lonxitude, pértega, vallas...

Neste colexio moitos rapaces, sobre todo de sexto, primeiro de ESO e oitavo nivel, adican un par de horas do seu tempo dos martes, mércores, venres e sábados a este deporte.

Comezan correndo uns 10 minutos para o quentamento, despois estiran e fan ximnasia para poder practicalas probas nas que están especializados, como carreira, salto...

Nós principalmente na Sociedade Ximnástica comezamos quentando uns 20 minutos, facemos ximnasia uns 15 minutos e despois practicámo-las diferentes

probas nas que competir.

Deste colexio é posible que saian moitos campións, por exemplo:

Xavier Parrado Rodríguez, 8<sup>a</sup>A, en salto de pértega.

Elena Jabois Sueiro, 1<sup>a</sup>ESO B, en marcha.

María Costas Álvarez, 8<sup>a</sup>A, en vallas.

Lorena Patricio, 1<sup>a</sup>ESO B, en salto pértega...

que participaron nas finais galegas.

O Atletismo é un deporte que atrae a moita xente, pois é un deporte entretido e anque hai que dedicarlle bastante tempo, faise ameno e divertido.

! ANIMÁDEVOS A PRACTICALO !

Bárbara Acuña Otero - 8<sup>a</sup> A

Beatriz Estevez Baquero - 8<sup>a</sup>A

### Entrevista ó meu monitor de atletismo.

- ¿Como te chamas?
- Xosé Antonio Córdoba Otero.
- ¿Onde ensinas atletismo?
- No teu colexio, en Campolongo.
- ¿Cantos anos levas facendo atletismo?
- Dez anos, empecei neste colexio.
- ¿Cal é a túa proba atlética preferida?
- Salto con pértega.
- ¿Cal é o teu atleta preferido?
- Segei Bubka. E tamén os que entrenan comigo.

Paloma, 9 anos. 3<sup>a</sup> C.



## ENTREVISTA A MAITE MÉNDEZ

Dúas alumnas de oitavo que xogamos no Club Baloncesto Arxil fixémolle unha entrevista a Maite, adestradora do equipo Senior (campión de Segunda División Nacional) ¡Noraboa ó Arxil, que fai honor ó seu nome!

**¿Que opinión nos pode dar sobre esta liga que acabou?**

-Que foi moi longa (30 xornadas) e moi dura, xa que erámo-lo equipo con peor calendario.

**¿Que obxectivo tendes para a fase de ascenso á Primeira División Nacional?**

-O obxectivo da fase é quedar campión .

**¿Canto tempo adica ó adestramento?**

-Entrenamos 4 días á semana, 2 horas e media cada un e a parte a preparación dos adestramentos.

**¿Fai outras actividades a parte de ser adestradora?**

-Non teño tempo, xa que traballo de mestra, o Club e a familia ocupan o resto.

**Cando unha tempada remata, ¿sente pena ou alivio?**

-Pena polo que non se conseguiu, cansancio e ganas de "cargar pilas" para comeza-la seguinte.

**¿Cal é a súa opinión sobre a canteira do Arxil?**

-Creo que é un dos Clubes galegos que mellor traballa. Os técnicos son bos e as xogadoras traballan moito.

**Se puidese pedir un desexo para o equipo. ¿Cal sería?**

-Quedar entre os 3 primeiros de España, xa que despois hai outra fase.

**¿Cal foi o voso partido máis importante?**

-Quizais o xogado na casa contra o Arteixo, que o gañamos despois de dúas prórrogas, e contra as Calasancias, que gañamos na Coruña por 2 puntos.

**E para rematar ¿quere dirixir unhas palabras ó Colexio Público Campolongo?**

-Gustárame falarlle ós nenos e nenas do bonito que é este xogo e animalos. Animalos a que practiquen e a que empecen canto antes para poder facer deles grandes xogadores. Sobre todo, animalos a que formen parte dun Club como o noso, unido para o triunfo e para a derrota e que pretende formar xogadoras para nutri-lo seu equipo senior que nestes momentos representará a Galicia como Campión de 2ª División Nacional Femenina, que espero que o ano que ven poda xogar en 1ª B e algún día chegue a xogar na División de Honor, aínda que en Pontevedra moi pouca xente axuda economicamente, e unha cousa vai pararela á outra.

Quen mellor lle pode dicir ó Colexio Público Campolongo como é o Club son as alumnas do mesmo que xogan con nós.

Todo se pode resumir nunha soa frase: A clave do éxito é o traballo.

Mª del Carmen Vidal López  
Susana Rodríguez Varela


**O BALONCESTO NO COLEXIO:** Agora mesmo o baloncesto no colexio está moi desorganizado. Hai un tempo que só tiñamos un profesor: Xoán, pero ó acaba-lo trimestre veunos outro do Sanchez Cantón: Carlos, co que xogamos catro partidos. A verdade é que había moito descontrol cos que entraban e saían do ximnasio, polo que os balóns comezaron a desaparecer, aínda que non valían moito.

Este ano non vai ninguén de oitavo e considérase ó Campolongo como o lixo do Sánchez, porque algúns pasáronse para alí e agora non temos un equipo propiamente legal, xa que se xuntan os pequenos cos maiores e as nenas cos nenos

Aínda que pensemos que o Campolongo é “malo” xogando, temos que recordar que gañamos unha vez ó Arxil, co que podemos estar ledos, xa que é o mellor equipo feminino de Pontevedra.

O que nos estraña e que dun ano para outro pasamos de non pagar nada a pagar 1.500 pts. ó trimestre. Unha cuosa que hai que agradecer e que agora dispoñemos de balóns novos, grandes e pequenos.

Por último, anque non hai moita xente no Campolongo, hai unha pequena esperanza de que volvamos a xogar tan ben como antes.



## Os deportes

O deporte é unha actividade importante para o desenvolvemento físico do home, así como para coñecer xente, facer amigos, aprender a gañar e perder, e a competir dun xeito positivo.


Hai deportes, como o baloncesto ou o fútbol que se practican en grupo, e hai outros como natación ou ciclismo que se practican de xeito individual. Podemos practicar deportes ó aire libre ou ben en zonas cubertas.

Os deportes practicábanse xa dende moi antigo e son tamén un vehículo de amizade entre países, gracias ós Xogos Olímpicos, nos que se reúnen deportistas de case tódolos países do mundo e conviven durante un tempo.

Os Xogos Olímpicos creáronse en Grecia, logo desapareceron e recuperáronse no século XIX, estes xogos celébranse cada catro anos.

Nos recentes xogos de Atlanta moitos españois gañaron medallas, fose de ouro, fose de prata ou de bronce, sentíranse moi orgullosos de recibilo. A min gústame moito o deporte, practico Natación no Club de Natación Pontevedra, baloncesto no equipo C.P. Campolongo, fútbol; penso que é moi importante que a xente faga deporte.

Alejandro Díaz Lago 5ºA



Mario Prado



## CICLISMO

O ciclismo é un deporte de competición, practicado por homes e mulleres, aínda que as mulleres participan en menos especialidades que os homes.

### Ciclismo Olímpico

Pista	Homes	Mulleres
Velocidade	*	*
Contrareloxo	*	
Persecución	*	*
Persecución por equipos	*	
Puntuación	*	
<b>Estrada</b>		
Fondo individual	*	*

Taboa de variedade de carreiras

### Tipos de ciclismo



- Ciclismo de estrada.
- Ciclismo en pista cuberta.
- Ciclismo en campo a través.

### Alimentación

A alimentación dun ciclista é moi estricta e ten que ser revisada por un médico deportivo.

### Tipos de bicicletas

- De carreiras: Rápida, lixeira e con moitos cambios. (1)
- De montaña: Para todo terreo, lixeira e de rodas anchas. (2)
- De campo a través (BMX): Para terreo abrupto, úsase en probas de habilidade. (3)



## A NOSA RELACIÓN NO CLUB CICLISTA MARÍN

A nosa afección polo ciclismo levounos a entrar neste club.

O club está subvencionado polo concello de Marín e por un patricinador privado. Nel poden entrar nenos dende 6 ata 18 anos, que queiran aprende-las técnicas do ciclismo. Pódese dicir que é unha escola de ciclismo. Dentro da escola hai distintas categorías: Principiante, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Nós estamos na categoría Infantil. A tempada comeza co curso escolar. No inverno entrenamos con exercicios fisicos no pavillón de deportes de Marín. Imos dous días por semana durante dúas horas, para estar en forma cando entrenemos coa bicicleta.

Na primavera comezamos a entrenar coa bicicleta o aire libre, supervisados polo entrenador.

Aínda que vos pareza raro, o noso entrenador non cobra nada por facer este

traballo, os cartos que se reciben do concello gástanse nos nosos equipos, que constan dun chandal, un maillot e un culotte. Parte dos cartos gástanse tamen na gasolina dos coches do club. O noso entrenador quere que a relación entre todo o grupo sexa boa e que o adestramento sexa o máis agradable posible.

O club ten outra actividade relacionada co ciclismo, que son as Ciclomarchas Histórico-Artísticas, nas que pode participar calquera persoa aínda que non sexa do club. Estas marchas fanse os domingos pola mañá, e visítanse lugares históricos.

Neste mes de maio comezaron as competicións oficiais; un rapaz do noso club gañou a primeira.

A tempada non remata ata setembro. Para nos é unha experiencia positiva. Anomámosvos a que vos apuntedes no noso club, pasaredelo ben e faredes exercicio.

Fernando Gómez e Daniel Vélez



## HÍPICA:

A hípica é un dos deportes máis divertidos, para a miña opinión. Eu acudo a clases de hípica en Apaloosa ( Marcón ). O primeiro que che ensinan é a limpalos e a enselalos.

Para limpalos fan falta dous cepillos, un para limparlle o corpo, e outro para limparlle a cola e a crina, despois fai falta un limpascascos, e unha vez limpos dáselles unha graxa para que non se lle resequen.

Para enselalos fai falta unha manta que se lle coloca na cruz, cos frecos cara a atrás, despois colócase a sela e bótase todo xunto cara a atrás. Unha vez colocado, pásase a cincha pola barriga e abróchase no outro lado da sela, despois colócase o filete na boca, as rendas engánchase na parte exterior do filete e pásase polo pescozo, por último abróchase os estribos á sela, e xa está listo para montar.


Moltas veces ocorren cousas inesperadas, unha vez que lamos polo monte, ó pasar ó lado dun tractor acendido, o cabalo no que ía eu asustouse, e conseguiu asustar ós demais.

Cando montamos en pista todo o grupo xunto, facemos unha especie de circuito, facemos diagonais, círculos... O último día de vacacións de navidade fixemos unha ximcana tódolos grupos xuntos. Cando montamos en pista, tamén montamos de unha en unha con corda, temos que ir a trote coas mans en cruz e con unha man témoslle que ir tocando ás orellas ou á crina e coa outra á cola. Tamén galopamos.

O cabalo pode ser un animal perigoso, hai moitas posibilidades de perde-lo equilibrio e caerse, pero por iso non hai que terlle medo, xa que tamén pode ser un animal moi divertido.

María Campos Castillo 1ºESO A





Ferrol, 8 de xuño.



Campionato galego infantil de natación.

**Telmo Calle**, alumno de 8º de E.X.B. deste colexio conseguiu **medallas de ouro** en 100 e 200 metros braza e nos 100 metros libres.

Extraordinaria progresión deste nadador que estará nos próximos Campionatos de España de Natación, en Cartaxena.

**Coma peixes na auga**

**¡Noraboa, Campión!**



**Equipo  
de  
campións**

O equipo de atletismo deste centro desprazouse ó Campus Universitario de Santiago para competir nos Campionatos Galegos, acompañados polos adestradores: Córdoba e Quico.

Conseguiron medallas:

**Elena Jabois:** Prata en 3.000 m. marcha

**Lorena Patricio:** Ouro en Salto pértega

**Xabier Parrado:** Prata en Salto pértega

**Telmo Calle:** Prata en Péntatlon




**Elena Jabois**, no podio de campións




Equipo subcampión galego na categoría infantil do Trofeo Liceo A Paz, celebrado o 7 de xuño.

**Xogadores: Xosé, Xacobe, Borja, Carlos, Pablo, Piñón, Miguel, Iago, Parrado e Alberte**



ENCRUCILLADO



- 6.-Acto de discutir.
- 7.-Que é o mesmo idéntico.
- 8.-Situación na que non existen discusións, liortas, guerras, etc.

HORIZONTAIS

- 1.- Loita ou desacordo entre persoas ou cousas.
- 2.- Non axitado, calmo, sosegado.
- 3.- Individuo que pertence á cidade.

VERTICAIS

- 4.- Rifa, pelexa (en plural).
- 5.- Doutrina que propugna a superioridade de certas razas.

SALTO DE CABALO

GA	DE	IR		COS	COS
MÁNS		LE	DEN	A	
O	MANS	PAZ		RE	QUE
MON	AR	RRA	DE	MAR	
IR	SAN	TES	ÑA	CO	A
ME	TA	MA	QUE	AN	O

- Susana Rodríguez Varela
- Dolores Rúa Espiñeira
- Leticia Villaverde de la Torre
- Patricia Sixto Balboa

Movéndote coma o cabalo no xadrez, compón unha frase que ten algo que vez coa paz. Empeza poñendo como punto inicial a casilla que ten o nº 1, e punto final, a do nº 2.




## SOPA DE LETRAS

Busca os 20 nomes de animais (en inglés) seguintes: Horse, bear, rabbit, bird, duck, dog, mouse, bat, monkey, rat, fish, chick, bull, lamb, cockerel, cockroach, zebra, lion, cat, tiger.

C	X	C	O	C	K	R	O	A	C	H	R	E	L	I	T	G	A	T	D	E	D
O	A	Y	R	E	G	I	T	I	I	W	R	E	G	O	R	G	O	S	I	E	B
L	T	Z	E	M	I	L	I	I	O	T	S	F	C	O	C	K	E	R	E	L	W
F	R	Z	E	B	R	A	U	I	B	U	L	L	H	C	D	U	C	K	S	L	E
E	F	J	W	O	E	J	Y	O	C	E	H	A	I	O	Y	G	R	A	P	R	N
F	U	Y	I	R	R	A	D	A	A	C	A	T	C	I	R	L	U	O	T	E	I
V	Y	O	R	U	I	F	R	R	K	R	A	T	K	R	T	I	B	B	A	R	N
M	J	E	R	R	T	B	I	R	D	U	T	Y	O	W	O	O	R	E	N	D	E
O	L	L	K	E	P	E	Q	S	O	P	E	W	I	Q	U	N	I	T	I	R	E
D	I	R	U	N	U	T	U	I	H	U	Y	E	M	B	M	A	L	I	S	I	S
I	R	E	S	R	O	H	E	R	E	B	O	Ñ	O	U	A	R	U	C	A	T	U
K	A	U	I	R	I	M	S	T	Y	L	E	Z	C	R	N	T	S	O	B	R	O
L	T	E	M	U	L	O	H	E	R	O	G	I	O	T	E	A	R	I	A	N	M

AUTOR: PEDRO MARTINEZ-ALMEIDA RODRIGUEZ - 3º GRUPO "B".

### SOPA DE LETRAS



Susana Rodríguez Varela  
 Dolores Rúa Espiñeira  
 Leticia Villaverde de la Torre  
 Patricia Sixto Balboa

Nesta sopa de letras poderás atopar 8 palabras relacionadas coa paz.

# CHISTES CURTOS:

- -¿Que lle di unha zapatilla a outra?  
-Levamos unha vida moi arrastrada.
- -Levo media hora contando conchitas,  
-Pois cando comences con Tarzán...
- Non xoguedes con lume. E Lume quedou sen amigos.

## Do mar

- ¡Todos a babor! E Babor morreu espachurrado.
- ¡A aborda-lo barco! E saíu moi bonito.
- ¡Suban as velas! E abaixo quedaron sen luz.
- ¡Todos ós botes! E terminouse a marmelada.
- ¡Acendan a velas! E o barco apareceu chamuscado.
- ¡Terra á vista! E o capitán quedou cego.
- ¡Soltade amarras! E Marras afogou no mar.
- **Capitán.**-¡Teño que darvos unha noticia boa e outra mala!
- **Tripulación.**-¡A boa!, ¡a boa!, ¡a boa!
- **Capitán.**-Hoxe imos cambia-los calzóns.

**Tripulación.**-¡Been, viva! ¡A mala!, ¡a mala!

**Capitán.**-Ti con este, ti con aquel, ti con ese, ...

## De romanos

- -César, necesitamos Centurións.
- -Pois poñede tirantes.
- Están os escravos nuha galera, remando lenta e pesadamente...

**Centurión.**- ¡Teño que daros unha noticia boa e outra mala!



**Escravos.**- ¡A boa!, ¡a boa!, ¡a boa!

**Centurión.**- Hoxe ven o César.

**Escravos.**- ¡Bravo!, ¡hurra!. ¡A mala!, ¡a mala!


**Centurión.**-Quere facer esquí acuático.

Denis Calle Facal  
David Estévez Mora  
4ºA




LABIRINTO.


Busca o camiño que hai que percorrer dende a guerra ata chegar á paz.



- Susana Rodríguez Varela
- Dolores Rúa Espiñeira
- Leticia Villaverde de la Torre
- Patricia Sixto Balboa



• DAMERO •



TEMA: Refrán Castelán

Santiago Luna.  
1º Secund. B.

DEFINICIÓN

- 1 PRONOME PERSOAL — 4
- 2 UTENSILIO PARA XOCAR E FACER 'BIANA.' — 11 1 12 17 19
- 3 CONXUNCIÓN COPULATIVA ( EN CASTELÁN ) — 25
- 4 RAZÓN, ESENCIA, O POR QUÉ DUNHA COUSA — 3 17 5 23
- 5 PREPOSICIÓN — 29
- 6 HABITACIÓN — 20 10 22 15
- 7 SON DUN BEBÉ — 14 27
- 8 CACA NUETE — 9 25 7 18
- 9 2ª VOCAL — 23





